

# 4

## CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

4.1.

Saúde

4.2.

Pobreza e cohesión social

4.3.

Cobertura social

4.4.

Medio ambiente e desenvolvemento sostible



## 4.1. Saúde

**A situación da sanidade en Galicia, aspecto central na calidade de vida** e benestar da poboación, constitúe un ámbito de especial relevancia que precisa unha análise detallada. Neste contexto, abordaremos o tema desde un enfoque cuantitativo e estatístico, comezando cunha breve mención ao orzamento asignado á sanidade para o ano 2025, que, á vista dos retos actuais, resulta clave para garantir a sustentabilidade do sistema. A continuación, realizaremos unha avaliación dos principais indicadores de saúde, seguidos dunha análise das infraestruturas sanitarias, a actividade de doazóns e transplantes, e, finalmente, un estudo sobre o impacto do gasto público na saúde, que reflicte a carga asistencial que soporta o sistema sanitario.

A análise orzamentaria do gasto sanitario para o ano 2026 está vinculada ao Plan Estratéxico de Galicia 2023-2030. En concreto, dentro do eixe 1 do devandito Plan: “Reto demográfico” recóllese o obxectivo de “Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade (IV.1.4.)”, con 5,7 mil millóns de euros previstos, sendo o programa de gasto máis importante en termos cuantitativos o 412A- Atención hospitalaria (**cadro 4.1.2.**).

Os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia nas partidas de produción de bens públicos de carácter social, dedica, para o exercicio 2026, á sanidade 5.426,5 millóns de euros, importe un 4,1% superior ao orzamento homoxeneizado do ano anterior. Dentro da clasificación de bens públicos de carácter social (**cadro 4.1.1.**) a importancia relativa da sanidade aumenta dúas décimas no último exercicio ata o 60,4% dos créditos totais. No que atinxe á distribución do gasto nos cinco programas integrados dentro da función 41.- Sanidade, o **cadro 4.1.2.** mostra que o orzamento para os programas de Atención hospitalaria e atención primaria, programas 412A e 412B, ascenden a 3.601 e 1.748 millóns de euros, respectivamente, o que implica in-

**Orzamento de gastos da Administración Xeral 2025-26. Produción de bens públicos de carácter social**

|  | 2026                   | 2025             | 26/25      |
|--|------------------------|------------------|------------|
|  | <i>(en miles de €)</i> |                  | <i>(%)</i> |
| <b>Total</b>                               | <b>8.982.257</b>       | <b>8.662.784</b> | <b>3,7</b> |
| 4.1 Sanidade                               | 5.426.488              | 5.213.466        | 4,1        |
| 4.2 Educación                              | 3.007.333              | 2.959.627        | 1,6        |
| 4.3 Cultura                                | 110.050                | 109.853          | 0,2        |
| 4.4 Deportes                               | 41.807                 | 39.145           | 6,8        |
| 4.5 Vivenda                                | 255.903                | 204.881          | 24,9       |
| 4.6 Outros servizos comunitarios e sociais | 140.676                | 135.813          | 3,6        |

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública, *Orzamentos*

■ **4.1.1.**

**Orzamento consolidado dentro da función 41.- Sanidade. Distribución por programas**

|  | 2026                       | 2025             | 26/25      |
|--|----------------------------|------------------|------------|
|  | <i>(en miles de euros)</i> |                  |            |
| <b>41.- Sanidade</b>                           | <b>5.640.613</b>           | <b>5.434.957</b> | <b>3,8</b> |
| 411A.- Dirección e servizos xerais de sanidade | 69.473                     | 77.644           | - 10,5     |
| 412A.- Atención hospitalaria                   | 3.600.866                  | 3.480.975        | 3,4        |
| 412B.- Atención primaria                       | 1.747.586                  | 1.668.415        | 4,7        |
| 413A.- Protección e promoción da saúde pública | 128.462                    | 123.379          | 4,1        |
| 414A.- Formación de graduados e postgraduados  | 94.226                     | 84.544           | 11,5       |

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública, *Orzamentos*

**Distribución do orzamento 2026 do PA.1.4. por programas de gasto**

|  | Importe           |                    |
|--|-------------------|--------------------|
|  | <i>(en euros)</i> | <i>(% / total)</i> |
| 411A - Dirección e servizos xerais de Sanidade | 69.081.049        | 1,22               |
| 412A - Atención hospitalaria                   | 3.603.845.652     | 63,41              |
| 412B - Atención primaria                       | 1.744.297.762     | 30,69              |
| 413A - Protección e promoción da saúde pública | 126.959.664       | 2,23               |
| 414A - Formación de graduados e posgraduados   | 94.226.053        | 1,66               |
| 441A - Promoción da actividade deportiva       | 41.807.420        | 0,74               |
| 561C - Investigación sanitaria                 | 3.111.988         | 0,05               |

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública, *Orzamentos*

■ **4.1.2.**

crementos interanuais do 3,4% e 4,7% respectivamente, representando conxuntamente estes dous programas o 94,8% do orzamento consolidado inicial para sanidade.

En base aos créditos recoñecidos no orzamento inicial de gasto, a atención hospitalaria é o programa que dispón dun maior volume de recursos, concentrando o 63,8% dos recursos da sanidade no orzamento inicial.

## Indicadores de saúde

A última Enquisa Europea de Saúde en España publicada en 2021, con datos do ano 2020 con actualización quinquenal, proporciona información por CCAA sobre saúde, uso de servizos sanitarios, ou determinantes da saúde. Os principais resultados desta enquisa para Galicia mostran que a maioría da poboación galega considera que ten bo estado de saúde, aínda que existe unha elevada porcentaxe de poboación con problemas crónicos, unha prevalencia de enfermidades crónicas superior á media estatal. A principal preocupación sinalada polos enquisados é a demora na atención especializada, así como os elevados tempos de agarda nas listas de espera quirúrxicas.

A Enquisa de Saúde de España con datos de 2023, sinalan que, o 59,5% da poboación galega valorou o seu estado de saúde como bo ou moi bo, unha porcentaxe significativamente inferior á media estatal (74%). Galicia atópase entre as comunidades con porcentaxes máis baixas, xunto con Principado de Asturias (67,8%) e A Rioxa (65,5%). En relación á asistencia sanitaria, esta enquisa refire que o 32,2% da poboación galega acudiu ao médico de familia nas catro semanas anteriores á entrevista, situándose como a Comunidade cunha maior porcentaxe; así mesmo Galicia tamén se sitúa nos primeiros postos no que respecta ás porcentaxes de asistencia a consultas ao especialista e a urxencias.

Satisfacer as necesidades sanitarias require dunha asignación crecente de recursos, especialmente nas áreas cunha alta proporción de poboación envellecida, o que comporta un maior gasto sanitario per cápita. Por tanto, os indicadores demográficos fundamentais que se presentan no **cadro 4.1.3.** ofrecen unha base para a análise. Estes indicadores foron calculados tanto para Galicia como para España, utilizando os datos proporcionados pola Estatística Continua de Poboación do INE.

No sinalado **cadro 4.1.3.**, observamos como, por unha banda, o 27,2% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2026 tiña 65 anos ou máis, sendo esta porcentaxe máis de seis puntos superior á rexistrada no conxunto do Estado (21,1%). O índice de envellecemento, definido como a relación entre a poboación de 65 ou máis anos e a poboación menor de 20 anos, mostra que en 2025 residen en Galicia en torno a 180 persoas maiores de 64 anos por cada 100 menores de 20, fronte ás 116 de media en España.

No que respecta a este índice en función das zonas de poboación, no ano 2024, último dispoñible, a zona máis envellecida é a Zona Pouco Poboada (ZPP), na que por cada 100 menores de 20 anos hai preto de 270 de 65 e máis anos e, pola contra, a Zona Intermedia de Poboación (ZIP), cun índice de envellecemento próximo a 140, é a zona máis nova de Galicia.

**Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2025**

|                     |                 | Galicia          | España            |
|---------------------|-----------------|------------------|-------------------|
| <b>Poboación</b>    |                 | <b>2.728.315</b> | <b>49.570.725</b> |
| menor de 15 anos    | [2]             | 284.956          | 6.229.754         |
| menor de 20 anos    | [3]             | 411.108          | 8.969.967         |
| entre 15 e 64 anos  | [4]             | 1.702.073        | 32.902.421        |
| 65 e máis anos      | [5]             | 741.286          | 10.438.550        |
| 85 e máis anos      | [6]             | 135.964          | 1.628.981         |
| <b>Índices (1)</b>  |                 | (%)              |                   |
| vellez              | [5] / [1]       | 27,2             | 21,1              |
| envellecemento      | [5] / [3]       | 180,3            | 116,4             |
| sobreenvellecemento | [6] / [5]       | 18,3             | 15,6              |
| dependencia xeral   | [(2)+[5]] / [4] | 60,3             | 50,7              |
| dependencia xuvenil | [3] / [4]       | 16,7             | 18,9              |
| dependencia senil   | [5] / [4]       | 43,6             | 31,7              |
| de recambio         | [2] / [5]       | 1,6              | 1,2               |

(1) notas sobre os índices

Vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;

Envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;

Sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;

Dependencia xeral: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (menores de 15 e maiores de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

Dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (menores de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

Dependencia senil: relación entre a poboación maior (maiores de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

De recambio: relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos; , mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando

Fonte: INE, *Estadística continúa de poboación*

**4.1.3.**

O índice de envellecemento presenta diferenzas significativas por sexo nas catro provincias galegas en todas as zonas de urbanización e toma sempre para as mulleres valores superiores aos dos homes.

Outro indicador relevante é a taxa de dependencia, que expresa a relación existente entre a chamada poboación dependente (menores de 16 e maiores de 64 anos) e a poboación produtiva (de 16 a 64 anos). A devandita taxa permite aproximar as necesidades futuras, ao estimar o orzamento que deberá dedicarse a gasto en sanidade, pensións ou atención á dependencia. A medida que a taxa de dependencia se incrementa, tamén o fai a carga que supón para a poboación activa soste á parte economicamente dependente, o que pode afectar tanto á sustentabilidade do sistema de benestar como ao crecemento económico.

No caso de Galicia, esta realidade resulta especialmente significativa debido ao acusado envellecemento demográfico e á baixa natalidade. A taxa de dependencia xeral en Galicia sitúase arredor do 60,3%, case dez puntos por riba da media estatal, que se sitúa no 50,7%. Esta diferenza evidencia unha maior presión sobre a poboación en idade de traballar en Galicia en comparación co conxunto de España.

Ademais, cómpre salientar que esta elevada taxa de dependencia en Galicia está fortemente

### Defuncións en Galicia e España 2023-24: distribución segundo causa

|                | Total          | Infecciosas e parasitarias | Covid-19 Virus identificado | Tumores        | Sistema circulatorio | Sistema Respiratorio | Sistema dixestivo | Outras causas  |
|----------------|----------------|----------------------------|-----------------------------|----------------|----------------------|----------------------|-------------------|----------------|
| <b>2024</b>    |                |                            |                             |                |                      |                      |                   |                |
| <b>Galicia</b> | <b>32.749</b>  | <b>808</b>                 | <b>302</b>                  | <b>8.239</b>   | <b>8.983</b>         | <b>3.912</b>         | <b>1.608</b>      | <b>8.897</b>   |
| A Coruña       | 13.198         | 291                        | 122                         | 3.376          | 3.702                | 1.597                | 595               | 3.515          |
| Lugo           | 4.913          | 163                        | 61                          | 1.080          | 1.453                | 546                  | 267               | 1.343          |
| Ourense        | 4.704          | 129                        | 45                          | 1.095          | 1.296                | 630                  | 234               | 1.275          |
| Pontevedra     | 9.934          | 225                        | 74                          | 2.688          | 2.532                | 1.139                | 512               | 2.764          |
| <b>España</b>  | <b>436.118</b> | <b>12.246</b>              | <b>5.198</b>                | <b>115.578</b> | <b>113.620</b>       | <b>50.132</b>        | <b>22.928</b>     | <b>116.415</b> |
| <b>2023</b>    |                |                            |                             |                |                      |                      |                   |                |
| <b>Galicia</b> | <b>32.782</b>  | <b>1.030</b>               | <b>543</b>                  | <b>8.428</b>   | <b>8.793</b>         | <b>3.705</b>         | <b>1.664</b>      | <b>8.618</b>   |
| A Coruña       | 13.005         | 398                        | 218                         | 3.367          | 3.652                | 1.456                | 654               | 3.259          |
| Lugo           | 5.082          | 170                        | 89                          | 1.143          | 1.461                | 570                  | 245               | 1.404          |
| Ourense        | 4.759          | 147                        | 89                          | 1.138          | 1.284                | 555                  | 257               | 1.289          |
| Pontevedra     | 9.936          | 315                        | 147                         | 2.780          | 2.396                | 1.124                | 508               | 2.666          |
| <b>España</b>  | <b>436.124</b> | <b>14.935</b>              | <b>7.933</b>                | <b>115.429</b> | <b>115.889</b>       | <b>47.003</b>        | <b>23.045</b>     | <b>111.883</b> |

(1) Síntomas compatibles ca enfermidade (COVID19 virus non identificado)

Fonte: INE, Defunciones según la causa de muerte

#### ■ 4.1.4.

condicionada polo peso crecente da poboación maior de 64 anos, máis que polo grupo de menores de 16. Isto implica que a chamada taxa de dependencia de maiores é particularmente alta, reflectindo un proceso de envellecemento máis intenso que no resto do Estado. Pola contra, a menor proporción de poboación nova reduce a capacidade de renovación xeracional, agravando a situación a medio e longo prazo.

Os niveis elevados de envellecemento veñen determinados en gran medida polo saldo vexetativo negativo. No ano 2024 (último dato anual dispoñible), rexistráronse en Galicia un total de 13.350 nacementos, 654 menos que no ano anterior, e 32.749 falecementos (datos *IGE: Movemento natural da poboación*). Tras esta evolución, Galicia mantense cun saldo vexetativo negativo de -19.399 fronte aos -18.778 do ano anterior. No ano 2024 as sete grandes cidades galegas presentan un saldo vexetativo negativo. De feito, dos 313 concellos galegos, só Ames presenta un saldo vexetativo positivo.

Galicia rexistra no ano 2024 un saldo vexetativo negativo por cada 1.000 habitantes de -7,2, situándose como a segunda Comunidade con peor indicador, só por diante de Asturias (-8,5), e seguida de cerca por Castela e León (-6,7).

O número de defuncións por cada 1.000 habitantes, isto é, a taxa bruta de mortalidade, situouse en Galicia nas 12,08 defuncións por cada 1.000 habitantes, a segunda Comunidade Autónoma coa taxa máis elevada, tras Asturias (12,95), moi lonxe das 8,87 defuncións por cada 1.000 habitantes de media no conxunto do Estado.

En base aos datos proporcionados pola estatística de *Defuncións segundo causa da morte* do INE (**cadro 4.1.4.**), as enfermidades do sistema circulatorio seguen sendo a principal causa de

### Defuncións segundo a causa da morte 2024

|  | Galicia      |            | Galicia/España |
|--|--------------|------------|----------------|
|  |              | (%)        | (%)            |
| <b>Causas externas de mortalidade</b>                        | <b>1.407</b> | <b>100</b> | <b>7,7</b>     |
| Accidentes de tráfico  | 128          | 9,1        | 6,9            |
| Outros accidentes de transporte                              | 10           | 0,7        | 4,1            |
| Caídas accidentais   | 610          | 43,4       | 13,7           |
| Afogamento, submersión e sufocación accidentais              | 109          | 7,7        | 3,0            |
| Accidentes por lume, fume e sustancias quentes               | 13           | 0,9        | 5,5            |
| Envenenamento accidental por psicofármacos e drogas de abuso | 86           | 6,1        | 8,6            |
| Outros envenenamentos accidentais                            | 11           | 0,8        | 6,4            |
| Outros accidentes  | 113          | 8,0        | 5,5            |
| Suicidio e lesións autoinflixidas                            | 292          | 20,8       | 7,4            |
| Agresións (Homicidio)  | 14           | 1,0        | 4,3            |
| Eventos de intención non determinada                         | 8            | 0,6        | 6,7            |
| Complicacións da atención médica e cirúrxica                 | 4            | 0,3        | 2,2            |
| Outras causas externas e os seus efectos tardíos             | 9            | 0,6        | 8,8            |

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

#### ■ 4.1.5.

morte en Galicia, provocando o 27,4% das defuncións, seguidas dos tumores, que causan o 25,2% das mortes. En termos relativos, Galicia presenta unha taxa de mortalidade de 213,2 falecidos a causa de tumores por 100.000 habitantes, o que a sitúa por debaixo da media nacional (213,4 falecidos por cen mil hb.). No que respecta ás enfermidades do sistema circulatorio, a taxa de mortalidade en Galicia é de 192,7 falecidos por cen mil habitantes, por debaixo da media estatal (193,6). Resulta salientable que Galicia só presenta unha taxa estandarizada de mortalidade superior á media estatal na mortalidade por causa de trastornos mentais e do comportamento, onde se rexistra en Galicia unha taxa de 57,3 falecidos x cen mil hb., fronte aos 37 de media no Estado.

O **cadro 4.1.5.** presenta datos das denominadas causas externas de morte, entendidas como aquelas que teñen a súa orixe en accidentes, violencia, acontecementos ambientais ou envenenamento, entre outras. Por número de decesos, en Galicia destacan as caídas accidentais, con 610 defuncións en 2024, o 43,4% do total de 1.407 falecidos en Galicia por causas externas, en Galicia rexístrase o 13,7% do total de decesos por esta causa de todo o territorio nacional. Os suicidios e lesións autoinflixidas con 292 defuncións, son a segunda causa externa de morte en Galicia. No ano 2024 rexistráronse en Galicia o 7,4% dos suicidios totais do Estado.

Tal como demostran os datos do **cadro 4.1.6.**, Galicia é a quinta Comunidade Autónoma con máis suicidios en 2024, por detrás de Andalucía, Cataluña, C. Valenciana e Madrid, todas comunidades con niveis moito máis elevados de poboación. Dos 292 suicidios contabilizados en Galicia, 202 foron homes e 90 mulleres, o que supón que 6,9 de cada dez persoas que se suicidan en Galicia son homes, cifra inferior aos 7,3 de media no Estado.

No que respecta á evolución en relación ao ano anterior, compre salientar a caída do 4,9% no número de suicidios en Galicia, e do 4% no conxunto de España. Sen embargo, a diferenza da caída de suicidios en ambos sexos de media no Estado, en Galicia en 2024, redúcese nun 16,5%

### Suicidios segundo sexo e Comunidade Autónoma de residencia 2023-24

|                             | 2024         |              |              | 2023         |              |              |
|-----------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
|                             | Homes        | Mulleres     | Total        | Homes        | Mulleres     | Total        |
| Andalucía                   | 650          | 197          | 847          | 631          | 184          | 815          |
| Aragón                      | 83           | 38           | 121          | 80           | 24           | 104          |
| Asturias                    | 90           | 29           | 119          | 99           | 41           | 140          |
| Baleares                    | 77           | 21           | 98           | 53           | 34           | 87           |
| Canarias                    | 163          | 63           | 226          | 186          | 55           | 241          |
| Cantabria                   | 39           | 9            | 48           | 31           | 15           | 46           |
| Castela e León              | 157          | 49           | 206          | 141          | 59           | 200          |
| Castela-A Mancha            | 121          | 42           | 163          | 138          | 22           | 160          |
| Cataluña                    | 400          | 147          | 547          | 459          | 172          | 631          |
| C. Valenciana               | 306          | 128          | 434          | 330          | 138          | 468          |
| Estremadura                 | 84           | 14           | 98           | 65           | 18           | 83           |
| <b>Galicia</b>              | <b>202</b>   | <b>90</b>    | <b>292</b>   | <b>242</b>   | <b>65</b>    | <b>307</b>   |
| Madrid                      | 257          | 115          | 372          | 279          | 139          | 418          |
| Murcia                      | 75           | 30           | 105          | 89           | 29           | 118          |
| Navarra                     | 42           | 11           | 53           | 45           | 20           | 65           |
| País Vasco                  | 117          | 53           | 170          | 104          | 37           | 141          |
| A Rioxa                     | 10           | 7            | 17           | 18           | 12           | 30           |
| Ceuta e Melilla             | 5            | -            | 5            | 9            | 2            | 11           |
| Estranxeiro                 | 24           | 8            | 32           | 45           | 6            | 51           |
| <b>Total</b>                | <b>2.902</b> | <b>1.051</b> | <b>3.953</b> | <b>3.044</b> | <b>1.072</b> | <b>4.116</b> |
| <b>Galicia / España (%)</b> | <b>7,0</b>   | <b>8,6</b>   | <b>7,4</b>   | <b>8,0</b>   | <b>6,1</b>   | <b>7,5</b>   |

Fonte: INE, *Estadísticas de defunciones según la causa de muerte*

#### ■ 4.1.6.

os suicidios de homes fronte ao incremento do 38,5% no número de mulleres que se suicidan. Neste senso, en Galicia rexístranse 15 suicidios menos, 40 homes menos e 25 mulleres máis. En termos relativos Galicia no ano 2024 rexistra o 7,4% do total de suicidios no Estado, en concreto o 7% dos suicidios masculinos e o 8,6% do total de suicidios femininos.

Atendendo á desagregación segundo os distintos grupos de idade, os grupos quinquenais de idade que rexistran un maior número de suicidios en Galicia, corresponden con persoas cunha idade comprendida entre 45 e 49 anos, e 50 e 54 anos, con 42 e 38 suicidios respectivamente. Os citados grupos quinquenais de idade con maior risco de suicidios coinciden tanto para homes como para mulleres.

No que respecta á saúde materno-infantil, no ano 2024 en Galicia redúcese significativamente a taxa de mortalidade infantil ata as 1,5 defuncións por cada mil nacidos vivos (3,4 no ano anterior), sendo inferior á taxa media estatal (3,04) e a máis reducida de todas as Comunidades Autónomas.

En relación á taxa de interrupción voluntaria do embarazo (IVE), no ano 2024 aumenta en Galicia o número de interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos. No último ano rexístráronse en Galicia un total de 8,78 interrupcións fronte ás 7,28 interrupcións do ano anterior. Este aumento sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida, moi por baixo da taxa media no conxunto do Estado que aumenta levemente ata as 12,36 interrupcións no último ano (12,22 interrupcións en 2023). En Galicia o 68,6% das interrupcións

realizáronse mediante método farmacolóxico. Das 3.650 IVE realizadas en Galicia no ano 2024, 1.513 realizáronse nun centro hospitalario e 2.137 foron extra hospitalarias, sendo o motivo principal da interrupción no 94,5% dos casos a petición da muller. O grupo quinquenal de idade onde se producen un maior número de intervencións é entre mulleres de 20 a 24 anos (823 IVE) seguido das mulleres entre 25 e 29 anos (761 IVE).

Finalmente, os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de Casos de SIDA reflicten que, segundo as notificacións recibidas no ano 2024, diagnosticáronse en Galicia 137 novos casos de SIDA (117 no ano anterior), o que representa o 4,1% do total estatal.

## Indicadores de centros sanitarios

A eficiencia dos centros sanitarios avalíase a través de indicadores que combinan aspectos cuantitativos, como o persoal e o material dispoñible, coas dimensións cualitativas, especialmente os cambios nas listas de agarda, tratando así de acadar unha visión completa do funcionamento do sistema de saúde.

O sistema de saúde galego organízase en áreas de xestión integradas, que se dividen, a súa vez en zonas básicas de saúde, as cales son as unidades territoriais encargadas da atención primaria. Como se mostra no **cadro 4.1.7.**, Galicia está dividida en sete áreas sanitarias. En canto aos diferentes niveis de atención, a atención primaria, representada principalmente polos centros de saúde, constitúe o primeiro contacto do usuario co sistema sanitario. De acordo cos datos proporcionados polo Ministerio de Sanidade, Galicia conta con 400 centros de saúde e 61 consultorios locais. Por outra banda, a atención especializada bríndase en centros de especialidades e hospitais, cun total de 33 hospitais en Galicia, dos cales 14 están xestionados funcionalmente polo Servizo Galego de Saúde.

Tal como se observa no **gráfico 4.1.8.**, en 2024 (último dato dispoñible) aumentan as camas instaladas nos hospitais galegos, con 9.820 camas instaladas, 358 máis que no ano anterior, o que representa 3,63 camas por cada mil habitantes.

No ano 2025 exerceron en Galicia 490,2 médicos e 533 profesionais de enfermería por cada 100.000 habitantes, **cadro 4.1.9.**, por debaixo en ambos casos da media estatal, que se sitúa en 520,6 médicos e 638,8 enfermeiros/as por cada 100.000 habitantes.

A distribución do persoal sanitario en función da súa categoría profesional, tanto en atención primaria como especializada, está detallada nos **cadros 4.1.10. e 4.1.11.** Os datos mostrados nestes cadros preséntanse como medias diarias, o que permite evitar distorsións causadas pola variabilidade estacional das contratacións, como ocorre nos picos de patoloxías ou durante as vacacións. En Galicia, durante 2025, o persoal médico de familia acadou unha media diaria de 2.434 profesionais, mentres que o número de enfermeiros/as foi de 3.034. Comparando co ano anterior, o número de médicos de familia mantense estable cunha caída do 0,04%, e o número de enfermeiros/as experimentou un leve aumento do 0,7%.

No que respecta á atención especializada (**cadro 4.1.11.**), continúa o incremento do persoal fa-

## Centros sanitarios 2026: distribución provincial e segundo Estruturas de Xestión Integrada


| Áreas Sanitarias                      | Atención primaria |                  |                     | Atención Especializada    |  |
|---------------------------------------|-------------------|------------------|---------------------|---------------------------|--|
|                                       | Zonas básicas     | Centros de saúde | Consultorios locais | Número total de hospitais | Hospitais dependencia funcional Sergas |
| <b>A Coruña</b>                       | <b>93</b>         | <b>133</b>       | <b>27</b>           | <b>12</b>                 | <b>5</b>                               |
| Área Sanitaria Coruña-Cee             | 36                | 59               | 12                  |                           |  |
| Área Sanitaria Ferrol                 | 20                | 25               | 3                   |                           |  |
| Área Sanitaria Santiago-Barbanza      | 37                | 49               | 12                  |                           |  |
| <b>Lugo</b>                           | <b>67</b>         | <b>74</b>        | <b>11</b>           | <b>5</b>                  | <b>3</b>                               |
| Área Sanitaria Lugo-A Mariña-Monforte | 67                | 74               | 11                  |                           |  |
| <b>Ourense</b>                        | <b>92</b>         | <b>99</b>        | <b>5</b>            | <b>5</b>                  | <b>3</b>                               |
| Área Ourense-Verín-O Barco            | 92                | 99               | 5                   |                           |  |
| <b>Pontevedra</b>                     | <b>62</b>         | <b>94</b>        | <b>18</b>           | <b>11</b>                 | <b>3</b>                               |
| Adscritos Área de Santiago            | 9                 | 12               | 2                   |                           |  |
| Área Sanitaria Pontevedra-Salnés      | 27                | 36               | 8                   |                           |  |
| Área Sanitaria Vigo                   | 26                | 46               | 8                   |                           |  |
| <b>Total</b>                          | <b>314</b>        | <b>400</b>       | <b>61</b>           | <b>33</b>                 | <b>14</b>                              |

[Atención primaria a 31/12/2025 y Atención especializada a 31/12/2024]

Fonte: Ministerio de Sanidad

### 4.1.7.

## Camas nos hospitais galegos 2008-24 <sup>(1)</sup>



(1) os datos de camas corresponden a 31 de decembro do ano anterior

Fonte: IGE, Sanidade

### 4.1.8.

**Persoal sanitario colexiado (non xubilado) nas CC.AA. 2025**

|                  | Médicos                                | Enfermeiros  | Enfermeiros-<br>especialidade<br>matrona                   | Dentistas                           | Farmacéuticos |
|------------------|--|--------------|--|-------------------------------------|---------------|
|                  | (colexiados por<br>100.000 habitantes) |              | (colexiados por<br>100.000 mulleres entre<br>15 e 49 anos) | (colexiados por 100.000 habitantes) |               |
| Andalucía        | 466,0                                  | 498,8        | 53,4   | 77,6                                | 149,7         |
| Aragón           | 548,5                                  | 747,5        | 107,2  | 69,0                                | 128,0         |
| Asturias         | 566,6                                  | 738,9        | 82,9   | 86,9                                | 129,3         |
| Baleares         | 492,5                                  | 624,0        | 95,4   | 74,3                                | 106,9         |
| Canarias         | 559,7                                  | 767,4        | 81,4   | 71,5                                | 145,7         |
| Cantabria        | 576,8                                  | 676,8        | 96,2   | 73,9                                | 134,8         |
| Castela e León   | 548,7                                  | 759,6        | 119,8  | 65,6                                | 160,2         |
| Castela-A Mancha | 406,0                                  | 633,1        | 79,2   | 45,6                                | 132,8         |
| Cataluña         | 497,6                                  | 657,5        | 55,2   | 79,3                                | 128,8         |
| C. Valenciana    | 475,7                                  | 564,5        | 67,7   | 85,7                                | 144,3         |
| Estremadura      | 527,2                                  | 714,3        | 88,8   | 62,7                                | 149,2         |
| <b>Galicia</b>   | <b>490,2</b>                           | <b>533,0</b> | <b>96,1</b>  | <b>88,1</b>                         | <b>183,0</b>  |
| Madrid           | 647,4                                  | 664,8        | 87,4   | 135,4                               | 169,2         |
| Murcia           | 507,9                                  | 523,4        | 80,9   | 88,1                                | 120,6         |
| Navarra          | 564,5                                  | 897,3        | 108,7  | 56,1                                | 207,8         |
| País Vasco       | 574,3                                  | 821,2        | 131,0  | 85,0                                | 149,1         |
| A Rioxa          | 478,9                                  | 665,3        | 83,7   | 75,0                                | 134,1         |
| Ceuta            | 406,1                                  | 697,1        | 128,5  | 52,3                                | 103,3         |
| Melilla          | 295,8                                  | 745,7        | 142,3  | 63,3                                | 112,8         |
| <b>Total</b>     | <b>520,6</b>                           | <b>633,8</b> | <b>77,6</b>  | <b>85,3</b>                         | <b>147,2</b>  |

Fonte: INE, *Estadística de Profesionales Sanitarios Colegiados*

■ 4.1.9.

cultativo, exercendo diariamente unha media de 5.653 persoas (5.479 en 2024), e outros 2.107 facultativos en formación (2.081 no ano anterior).

Un indicador esencial da eficiencia do sistema sanitario son as listas de espera, xa que reflicten tanto a capacidade organizativa como a dispoñibilidade de recursos humanos e materiais. Analizar o número de pacientes en espera, o tempo medio de atención e a súa distribución permite identificar problemas, planificar recursos e establecer medidas para mellorar a accesibilidade e calidade asistencial.

As definicións utilizadas para medir as listas de espera no Sistema Nacional de Saúde derivan directamente do Real Decreto 605/2003 e dos anexos técnicos que regulan o sistema de información sobre consultas externas, probas diagnósticas/terapéuticas e listas de espera cirúrxicas. Este marco establece criterios precisos para o rexistro de pacientes, tipos de espera (estrutural e non estrutural), indicadores de tempo medio de espera, distribución por tramos e demais parámetros de medición. Estas normas aseguran a homoxeneidade e comparabilidade dos datos entre todas as comunidades autónomas.

En base ao citado Real Decreto 605/2003, o Rexistro de pacientes pendentes de consultas externas e probas diagnósticas/terapéuticas inclúe aqueles pacientes que se atopan en espera de atención especializada, xa sexa en consulta externa ou para a realización dunha proba diag-

### Recursos humanos en atención primaria 2024-25: distribución por categoría profesional <sup>(1)</sup>

|                                | 2025         | 2024         |
|--------------------------------|--------------|--------------|
| Enfermeiro/a                   | 3.034        | 3.014        |
| Médico de familia              | 2.434        | 2.435        |
| Persoal servizos xerais        | 1.646        | 1.595        |
| Tec. coidados aux. enfermaría  | 334          | 333          |
| Grupo auxiliar funcion admva.  | 329          | 336          |
| Pediatra a.p.                  | 295          | 289          |
| Fisioterapeuta                 | 242          | 244          |
| Celador/a                      | 238          | 262          |
| Matrón/a                       | 198          | 196          |
| Odontólogo/a a.p.              | 125          | 126          |
| Técnico superior especialista  | 122          | 122          |
| Traballador/a social           | 122          | 115          |
| Farmacéutico/a a.p.            | 118          | 117          |
| Dietista-nutricionista         | 58           | 95           |
| Conductor/a                    | 30           | 30           |
| Grupo xestión funcion admva.   | 24           | 26           |
| Grupo técnico funcion admva.   | 18           | 20           |
| Técnico/a de saúde de a.p.     | 18           | 17           |
| Grupo admvo. funcion admva.    | 15           | 17           |
| Electricista                   | 7            | 6            |
| Técnico/a xestión sistemas TI  | 7            | 7            |
| Técnico/a esp. sistemas e TI   | 5            | 6            |
| Telefonista                    | 4            | 6            |
| Enxeñeiro/a técnico/a          | 3            | 3            |
| Lavandeiro/a                   | 3            | 2            |
| Mecánico/a                     | 3            | 3            |
| Pasador/a de ferro             | 3            | 2            |
| Limpador/a                     | 2            | 2            |
| P.tec.sup. preven. riscos lab. | 2            | 2            |
| Costureiro/a                   | 1            | 1            |
| Enxeñeiro/a superior           | 1            | 1            |
| Fontaneiro/a                   | 1            | 1            |
| Psicólogo/a                    | 1            | -            |
| Terapeuta ocupacional          | 1            | 1            |
| <b>Total</b>                   | <b>9.444</b> | <b>9.432</b> |

(1) medias diarias  
Fonte: SERGAS

#### 4.1.10.

### Atención especializada 2014-25 <sup>(1)</sup>: evolución do persoal facultativo e do persoal en formación

|  | 2014  | 2015  | 2016  | 2017  | 2018  | 2019  | 2020  | 2021  | 2022  | 2023  | 2024  | 2025  |
|--|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Persoal facultativo                    | 4.617 | 4.653 | 4.757 | 4.835 | 4.901 | 5.002 | 5.149 | 5.245 | 5.298 | 5.408 | 5.479 | 5.653 |
| Persoal en formación <sup>(2)(3)</sup> | 1.064 | 1.048 | 1.029 | 1.371 | 1.399 | 1.430 | 1.357 | 1.552 | 1.751 | 1.867 | 2.081 | 2.107 |

(1) Medias diarias

(2) Inclúe a licenciados e diplomados sanitarios en AE e AP

(3) A baixada en 2020 débese á toma de posesión extemporánea por causa da COVID.

Fonte: SERGAS

#### 4.1.11.

Lista de espera estrutural cirúrxica 2025 (1)


|                                 | Total         | 0-3 meses     | 3-6 meses     | 6-12 meses   | máis 12 meses | Tempo medio de espera<br>(en días) |
|---------------------------------|---------------|---------------|---------------|--------------|---------------|------------------------------------|
| <b>Total centros Sergas</b>     | <b>46.775</b> | <b>33.083</b> | <b>10.882</b> | <b>2.810</b> | <b>-</b>      | <b>73,9</b>                        |
| A.S. A Coruña - Cee             | 10.051        | 6.508         | 2.997         | 546          | -             | 78,2                               |
| A.S. Santiago - Barbanza        | 10.204        | 6.514         | 2.000         | 1.690        | -             | 92,0                               |
| A.S. Ferrol                     | 3.285         | 2.447         | 838           | -            | -             | 62,7                               |
| A.s. Lugo - A Mariña - Monforte | 4.442         | 3.857         | 469           | 116          | -             | 55,7                               |
| A.S. Ourense - Verín - O Barco  | 5.434         | 4.282         | 1.075         | 77           | -             | 61,1                               |
| A.S. Pontevedra - Salnés        | 4.555         | 3.413         | 977           | 165          | -             | 66,4                               |
| A. S. Vigo                      | 8.804         | 6.062         | 2.526         | 216          | -             | 73,3                               |
| <b>Hospital Povisa</b>          | <b>2.779</b>  | <b>2.363</b>  | <b>416</b>    | <b>-</b>     | <b>-</b>      | <b>53,7</b>                        |

(1) a lista de espera estrutural cirúrxica inclúe a todos os pacientes que nun momento dado están en espera da realización dunha intervención cirúrxica en quirófano, tanto con ingreso como ambulatoria, e así a espera é atribuíble á organización dos recursos disponibles.

Fonte: SERGAS, Listas de espera

4.1.12.

Tempo medio de espera 2011-25 (1)



(1) calculado como o cociente do total de días en espera estrutural entre a data de inclusión e a data de análise e o total de pacientes pendentes en espera estrutural na data de análise.

Fonte: SERGAS, Listas de espera

4.1.13.

nóstica ou terapéutica, sempre solicitada por un médico autorizado e debidamente documentada.

A consulta externa de atención especializada é un acto médico ambulatorio e programado, destinado ao diagnóstico, tratamento ou seguimento do paciente. A primeira consulta refírese á primeira vez que un paciente acode a esa especialidade por un problema de saúde novo, excluindo revisións preventivas periódicas. As probas diagnósticas ou terapéuticas son exploracións complementarias, e a primeira proba é a solicitada por primeira vez.

No que respecta á clasificación dos pacientes segundo o tipo de espera, a espera estrutural corresponde á atribuíble á organización e recursos dispoñibles. A espera non estrutural débese a circunstancias especiais, como a decisión do paciente ou a solicitude dunha data concreta polo médico.

O Rexistro de pacientes pendentes de intervención cirúrxica programada inclúe pacientes con prescrición non urxente de procedementos cirúrxicos, aceptada polo paciente e cun quirófano dispoñible, excluindo intervencións programadas durante hospitalización inicial. Os pacientes en lista de espera cirúrxica clasifícanse en espera estrutural, atribuíble á organización; espera tras rexeitamento de centro alternativo, motivada pola libre elección do paciente; e espera transitoriamente non programable, que inclúe motivos clínicos temporais ou adiamentos por motivos persoais ou laborais.

Despois de tres anos consecutivos de caída no tempo medio de espera para ser intervido cirúrxicamente nos centros do Sergas, no ano 2025 prodúcese un incremento no tempo de espera media para que un paciente saia da lista de espera estrutural cirúrxica, de xeito que a 31 de decembro de 2025 o tempo medio de agarda para o conxunto dos centros sanitarios ascende a 72,8 días, (67,1 días no ano anterior). No H. Povisa, o tempo de espera redúcese ata os 53,7 días (59,1 días na mesma data de 2024).

No ano 2025, o incremento no tempo de agarda ven acompañado por un aumento no número de persoas afectadas, así o número de persoas en lista de espera cirúrxica estrutural no Servizo Galego de Saúde (incluído H. Povisa) ascende no último ano ata as 46.775 persoas, **cadro 4.1.14.**, o que supón un aumento de 937 persoas respecto ao ano anterior (2% máis).

A análise da lista de espera cirúrxica mostra que en Galicia no ano 2025, 7,1 de cada dez persoas en lista de espera estrutural cirúrxica agardan menos de tres meses para operarse (70,7%). O 23,3% dos pacientes en lista de agarda cirúrxica deben esperar entre tres e seis meses, e o 6% restante, debe agardar entre 6 e 12 meses.

Por tipo de especialidade médica, o 27,9% do total de doentes inscritos na lista estrutural cirúrxica dos hospitais propios do Sergas son da especialidade de oftalmoloxía, cun tempo de espera medio de 69 días. A seguinte especialidade en número de pacientes en lista de agarda é a traumatoloxía (23,1% dos pacientes), con 89 días de espera media, e a cirurxía xeral e dixestiva (16,5% das persoas en lista de agarda), que presenta unha espera media de 64,8 días.

Lista de espera cirúrxica a 31 de decembro de 2025: distribución por servizos

|                                | SERGAS                                  |               |                       | POVISA                                  |              |                       |
|--------------------------------|---|---------------|-----------------------|---|--------------|-----------------------|
|                                | pacientes en lista de espera estrutural |               | tempo medio de espera | pacientes en lista de espera estrutural |              | tempo medio de espera |
|                                | total                                   | 0-3 meses     | (en días)             | total                                   | 0-3 meses    | (en días)             |
| <b>Total especialidades</b>    | <b>46.775</b>                           | <b>33.083</b> | <b>73,9</b>           | <b>2.779</b>                            | <b>2.363</b> | <b>53,7</b>           |
| Anxioloxía / Cir. Vascular     | 1.367                                   | 1.171         | 53,2                  | 104                                     | 96           | 52,0                  |
| Cirurxía cardíaca              | 208                                     | 143           | 65,4                  | -                                       | -            | -                     |
| Cirurxía cardíaca infantil     | 4                                       | 4             | 37,0                  | -                                       | -            | -                     |
| Cirurxía maxilofacial          | 493                                     | 310           | 89,0                  | 155                                     | 142          | 50,2                  |
| Cirurxía pediátrica            | 790                                     | 630           | 61,5                  | -                                       | -            | -                     |
| Cirurxía plástica e reparadora | 1.150                                   | 671           | 80,9                  | 200                                     | 171          | 48,3                  |
| Cirurxía torácica              | 197                                     | 171           | 47,6                  | -                                       | -            | -                     |
| Cirurxía xeral e dixestiva     | 7.701                                   | 5.909         | 64,8                  | 510                                     | 438          | 50,6                  |
| Dermatoloxía                   | 1.085                                   | 1.010         | 42,1                  | -                                       | -            | -                     |
| Neurocirurxía                  | 832                                     | 503           | 89,4                  | -                                       | -            | -                     |
| Oftalmoloxía                   | 13.043                                  | 9.096         | 69,0                  | 772                                     | 692          | 51,6                  |
| Otorrinolaringoloxía           | 3.669                                   | 2.153         | 98,4                  | 86                                      | 76           | 52,4                  |
| Traumatoloxía                  | 10.789                                  | 7.069         | 89,0                  | 649                                     | 479          | 63,9                  |
| Uroloxía                       | 4.188                                   | 3.141         | 65,9                  | 197                                     | 174          | 50,2                  |
| Xinecoloxía                    | 1.259                                   | 1.102         | 48,3                  | 106                                     | 95           | 45,5                  |

Fonte: SERGAS, Listas de espera

■ 4.1.14.

No caso das patoloxías máis graves (prioridade 1), no ano 2025 en Galicia rexistráronse 1.767 persoas dentro desta categoría e o tempo medio de espera aumenta ata os 20,7 días fronte aos 17,1 días do ano anterior e segue a cumprir o obxectivo inicial que estaba fixado en 30 días. Pola contra, por cuarto ano consecutivo incúmprese o obxectivo de 60 días de tempo de espera medio no caso das patoloxías de prioridade 2, aumentando o tempo de agarda ata os 74,3 días, 7,5 días máis que no ano anterior.

As consultas externas tamén están sometidas ás listas de agarda, nos hospitais do Sergas, **cadro 4.1.15.**, no ano 2025 había un total de 205.248 persoas en lista de espera, e o tempo medio de espera foi de 62,6 días. As especialidades con maior número de persoas en lista de espera seguen a ser as de traumatoloxía e oftalmoloxía, con 44.270 e 32.404 persoas cada unha, rexistrándose unha espera media de 75,5 días para unha consulta traumatolóxica e de 71,6 días para oftalmoloxía. Entre as especialidades cunha espera maior, no ano 2025 destaca a Anestesioloxía, Neuroloxía e Rehabilitación, con preto dos 80 días de agarda nos tres casos.

Respecto ás listas de agarda de probas diagnósticas (**cadro 4.1.16.**), a radioloxía é a que presenta o maior número de persoas en lista de agarda, con 92.737 persoas, o que supón un 13,4% de persoas máis que no ano anterior (10.939 persoas máis que en 2024); a continuación sitúanse as endoscopias, cuxa lista de espera aumenta ata as 14.384 persoas, 1.592 persoas máis que no ano precedente. O tempo medio de agarda aumenta en 21,7 días no caso das probas radiolóxicas, pasando de 66,8 días de espera en 2024 a 88,5 días en 2025; en sentido contrario, cae

### Lista de espera de consultas externas nos hospitais do Sergas 2025

|                                | 0 - 3 m          | 3 - 6 m       | 6 - 12 m      | máis 12m  | TOTAL          | Tempo medio de espera |
|--------------------------------|------------------|---------------|---------------|-----------|----------------|-----------------------|
|                                | <i>(en días)</i> |               |               |           |                |                       |
| Alergoloxía                    | 4.557            | 1.491         | 277           | -         | 6.325          | 68,1                  |
| Anestesioloxía e Reanimación   | 269              | 33            | 74            | -         | 376            | 84,2                  |
| Anxioloxía e Cirurxía Vascular | 2.201            | 619           | -             | -         | 2.820          | 58,8                  |
| Cardioloxía                    | 2.428            | 380           | 90            | 1         | 2.899          | 51,4                  |
| Cirurxía Cardíaca              | 22               | -             | -             | -         | 22             | 18,6                  |
| Cirurxía Maxilofacial          | 1.297            | 14            | -             | -         | 1.311          | 34,0                  |
| Cirurxía Pediátrica            | 876              | -             | -             | -         | 876            | 29,0                  |
| Cirurxía Plástica e Reparadora | 1.017            | 493           | -             | -         | 1.510          | 67,4                  |
| Cirurxía Torácica              | 70               | -             | -             | -         | 70             | 14,0                  |
| Cirurxía Xeral e Dixestiva     | 9.502            | 417           | 25            | -         | 9.944          | 40,9                  |
| Dermatoloxía                   | 8.232            | 739           | 2             | -         | 8.973          | 44,4                  |
| Dixestivo                      | 3.450            | 85            | -             | -         | 3.535          | 35,1                  |
| Endocrinoloxía                 | 2.593            | 278           | 3             | -         | 2.874          | 41,9                  |
| Hematoloxía Clínica            | 330              | -             | -             | -         | 330            | 26,1                  |
| Medicina Interna               | 1.070            | 88            | 20            | -         | 1.178          | 37,4                  |
| Medicina nuclear               | 8                | -             | -             | -         | 8              | 22,8                  |
| Nefroloxía                     | 911              | 95            | 44            | -         | 1.050          | 52,9                  |
| Neumoloxía                     | 2.561            | 100           | -             | -         | 2.661          | 37,0                  |
| Neurocirurxía                  | 1.212            | 203           | 34            | -         | 1.449          | 50,7                  |
| Neuroloxía                     | 7.644            | 2.259         | 1.159         | -         | 11.062         | 79,2                  |
| Obstetricia                    | 209              | -             | -             | -         | 209            | 22,6                  |
| Oftalmoloxía                   | 23.716           | 6.662         | 2.026         | -         | 32.404         | 71,6                  |
| Oncoloxía médica               | 87               | -             | -             | -         | 87             | 9,9                   |
| Otorrinolaringoloxía           | 14.041           | 3.115         | 269           | -         | 17.425         | 59,2                  |
| Pediatría                      | 3.493            | -             | -             | -         | 3.493          | 31,8                  |
| Psiquiatría                    | 5.835            | 818           | 602           | 14        | 7.269          | 63,8                  |
| Radioterapia                   | 146              | -             | -             | -         | 146            | 9,2                   |
| Rehabilitación                 | 11.173           | 2.615         | 2.164         | -         | 15.952         | 77,0                  |
| Reumatoloxía                   | 1.884            | 134           | -             | -         | 2.018          | 40,0                  |
| Traumatoloxía                  | 30.802           | 9.913         | 3.555         | -         | 44.270         | 75,5                  |
| Uroloxía                       | 9.424            | 1.419         | 464           | -         | 11.307         | 56,6                  |
| Xeriatria                      | 394              | 2             | -             | -         | 396            | 42,8                  |
| Xinecoloxía                    | 10.597           | 401           | 1             | -         | 10.999         | 41,5                  |
| <b>Total</b>                   | <b>162.051</b>   | <b>32.373</b> | <b>10.809</b> | <b>15</b> | <b>205.248</b> | <b>62,6</b>           |

Fonte: SERGAS, Listas de espera

#### ■ 4.1.15.


### Lista de espera de probas diagnósticas nos hospitais do Sergas 2025

|                   | 0 - 3 m          | 3 - 6 m | 6 - 12 m | máis 12 m | TOTAL  | Tempo medio de espera |
|-------------------|------------------|---------|----------|-----------|--------|-----------------------|
|                   | <i>(en días)</i> |         |          |           |        |                       |
| Radioloxía        | 59.259           | 18.425  | 14.628   | 425       | 92.737 | 88,5                  |
| Medicina nuclear  | 262              | 5       | -        | -         | 267    | 32,5                  |
| Endoscopias       | 6.531            | 3.060   | 3.690    | 1.103     | 14.384 | 146,9                 |
| Electrofisioloxía | 5.999            | 1.342   | 772      | 76        | 8.189  | 79,6                  |
| Estudos           | 4.662            | 1.299   | 1.592    | 817       | 8.370  | 136,2                 |

Fonte: SERGAS, Listas de espera

#### ■ 4.1.16.

Doantes por cada millón de habitantes en Galicia e España 2008-2025



Fonte: Organización Nacional de Trasplantes

■ 4.1.17.

en 2,3 días o tempo medio de agarda para unha endoscopia, pasando de 149,2 días en 2024 a 146,9 días en 2025.

Finalmente, no que respecta ás doazóns e transplantes, un ano máis en 2025 aumenta o número de doantes por cada millón de habitantes. No último ano o número de doantes en Galicia ascende a 143, 6 máis que no ano anterior, o que representa o 5,6% do total estatal (2.547 doantes a nivel nacional). Galicia en 2025 rexistra 52,8 doantes por millón de habitantes, (50,7 doantes por millón de poboación (pmp) no ano anterior), co que se sitúa por encima do valor deste índice en España (51,9 doantes pmp). O nomeado éxito do programa de doazóns español obsérvase no feito de que este índice sitúase significativamente por riba dos principais países desenvolvidos, acadando os 24,2 doantes pmp no conxunto dos países da UE, ou os 11,4 pmp en Alemaña, os 22,9 doantes pmp en Canadá e os 49,7 doantes nos Estados Unidos.


**Indicadores de gasto sanitario público**

Tal como xa se indicou ao inicio deste capítulo, o orzamento sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025 amosa un incremento global respecto a 2024, pasando dun orzamento consolidado de arredor de 5.191 millóns de euros a máis de 5.458 millóns, o quinto máis elevado de todo o Estado. Este importe representa o 6,3% do total estatal, unha porcentaxe moi superior ao peso relativo da poboación galega.

O Sergas continúa sendo o eixo central do gasto sanitario, cun incremento do seu orzamento total entre 2024 e 2025. Dentro deste, a atención especializada segue absorbindo a maior pro-



### Gasto sanitario en euros por habitante en Galicia e España 2008-25<sup>(1)</sup>



(1) Ano 2025 datos provisionais  
 Fonte: Ministerio de Sanidad, Recursos económicos del Sistema Nacional de Salud

#### 4.1.18.


### Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2025

|  | Galicia               |            |              | España                |            |              |
|--|-----------------------|------------|--------------|-----------------------|------------|--------------|
|  | 2025                  | 25/24      | 25/11<br>(1) | 2025                  | 25/24      | 25/11<br>(1) |
|  | (en millóns de euros) | (%)        | (%)          | (en millóns de euros) | (%)        | (%)          |
| <b>Gasto farmacéutico</b>                | <b>904,3</b>          | <b>3,7</b> | <b>9,1</b>   | <b>13.855,1</b>       | <b>3,8</b> | <b>24,4</b>  |
|  | (nº)                  | (%)        | (%)          | (nº)                  | (%)        | (%)          |
| <b>Receitas facturadas</b>               | <b>76.529.392</b>     | <b>2,0</b> | <b>14,8</b>  | <b>1.178.126.990</b>  | <b>2,0</b> | <b>21,1</b>  |
|  | (en euros)            |            |              |                       |            |              |
| <b>Gasto medio por receita facturada</b> | <b>11,82</b>          | <b>1,7</b> |              | <b>11,76</b>          | <b>1,8</b> |              |

(1) variación antes/después da reforma do modelo de prestación farmacéutica  
 Fonte: Ministerio de Sanidad, Facturación de recetas médicas

#### 4.1.19.

Gasto medio por persoa en medicamentos e servizos médicos: 2024



Fonte: INE

4.1.20.

porción de recursos e experimenta un crecemento notable, o que pode estar relacionado coa necesidade de reducir listas de espera e mellorar a capacidade hospitalaria. Pola súa banda, a atención primaria tamén aumenta o seu financiamento, aínda que en menor medida.


O gasto sanitario per cápita é un indicador fundamental para avaliar o investimento en saúde dun territorio, xa que reflicte a cantidade media destinada á atención sanitaria de cada individuo nunha poboación. Este dato non só axuda a comprender a eficiencia e a calidade do sistema de saúde, senón que tamén é clave para identificar desigualdades no acceso aos servizos médicos.

A pesar do aumento no número de habitantes, no ano 2025 o aumento do gasto sanitario, repercute nunha nova medra do gasto sanitario medio por habitante. O gasto per cápita total ascendeu en Galicia a 2.010,1 euros, importe superior ao gasto medio a nivel estatal que se sitúa en 1.768,6 euros. Como mostra o **cadro 4.1.18.**, o gasto sanitario per cápita en Galicia sitúase por riba da media española ao longo de todo o período analizado, rexistrando un diferencial no último ano de 241,5 euros, o que supón 50 euros máis que o diferencial do ano anterior, sendo o valor máis elevado de toda a serie considerada.

Finalmente no ano 2025, o gasto público en farmacia a través de receitas oficiais facturadas aumenta en Galicia un 3,7% ata situarse en 904,3 millóns de euros, asociado a un incremento do 2% no número de receitas respecto ao ano precedente. Tras esta evolución o importe medio

por receita aumenta lixeiramente a 11,82 euros, un 1,7% máis que no ano anterior (aumenta un 1,8% en España) (**cadro 4.1.19.**).

Resulta importante ter en conta os chamados “gastos de peto”. Galicia rexistra en relación á media estatal un elevado gasto medio anual por persoa declarado en bens e servizos sanitarios. Neste senso, o **gráfico 1.1.20.** mostra como no ano 2024 (último dispoñible) o gasto medio en medicamentos e produtos sanitarios ascendeu en Galicia a 241 euros por persoa, fronte aos 180 euros de media no Estado; no que respecta ao gasto medio en servizos médicos e outros servizos de saúde, este ascendeu en Galicia a 406 euros en 2024, sendo a media estatal de 371 euros por persoa.

En relación ao ano 2023, o gasto medio en medicamentos baixou un 5,4%, pero no período 2016-2024 este gasto incrementouse en Galicia nun 30,5%. No que respecta aos servizos médicos, o gasto medio por persoa en Galicia foi un 17,7% superior ao do ano anterior. 



## 4.2.

# Pobreza e cohesión social

**Os niveis de pobreza e de cohesión social continúan sendo indicadores centrais** para avaliar a estabilidade e o desenvolvemento socioeconómico dunha sociedade. A pobreza refírese á insuficiencia de recursos para cubrir as necesidades básicas, mentres que a cohesión social indica a capacidade dun sistema para garantir igualdade de oportunidades e dereitos entre todos os seus membros. Niveis elevados de pobreza poden limitar a participación plena na vida económica e social e afectar negativamente á cohesión social.

O contexto internacional en 2025 caracterízase por un aumento da incerteza xeopolítica, novos conflitos e sinais dunha transformación na orde mundial multilateral establecido desde a Segunda Guerra Mundial. Estas circunstancias xeran presións nos mercados globais, especialmente nos prezos da enerxía e dos alimentos, afectando de maneira máis intensa ás persoas e fogares máis vulnerables.

Xunto coa evolución do mercado laboral, as tensións no mercado da vivenda, con incrementos nos prezos de compra e alugueiro, supoñen un factor adicional de vulnerabilidade para os fogares con menores ingresos.

O estudo da evolución no último ano dos niveis de pobreza e cohesión en Galicia realízase, en primeiro lugar, a través da análise da evolución dos gastos vinculados á vivenda, considerando a súa repercusión sobre a economía dos fogares.

A continuación, examínase a taxa de risco de pobreza ou exclusión social, segundo a Estratexia Europa 2030. En Galicia, esta taxa aumentou en 2024 ata situarse no 18,43%, reflectindo, en boa medida, os incrementos nos custos da vivenda.

Indicadores de pobreza en Galicia 2020-24

|   |         | 2020     | 2021     | 2022     | 2023     | 2024     |
|---|---------|----------|----------|----------|----------|----------|
| Taxa de risco de pobreza (1)  | (%)     | 16,11    | 15,12    | 14,54    | 13,61    | 14,75    |
| Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2030) (2) | (%)     | 19,90    | 19,22    | 18,62    | 17,29    | 18,43    |
| <b>Limiar monetario de pobreza segundo a composición do fogar (3)</b>     |         |          |          |          |          |          |
| Fogar composto por unha persoa  | (euros) | 743,91   | 796,97   | 840,00   | 903,33   | 955,63   |
| Fogar composto por dous adultos   | (euros) | 1.115,87 | 1.195,45 | 1.260,00 | 1.355,00 | 1.433,44 |
| Fogar composto por dous adultos e dous menores de 14 anos                 | (euros) | 1.562,21 | 1.673,63 | 1.764,00 | 1.897,00 | 2.006,82 |
| <b>Distribución entorno da renda baixa mediana (4)</b>                    |         |          |          |          |          |          |
| Taxa de risco de pobreza (40% da mediana)                                 | (%)     | 6,24     | 5,30     | 4,96     | 4,67     | 4,49     |
| Taxa de risco de pobreza (50% da mediana)                                 | (%)     | 10,79    | 9,11     | 9,13     | 8,68     | 8,73     |
| Taxa de risco de pobreza (70% da mediana)                                 | (%)     | 23,50    | 23,04    | 21,80    | 21,77    | 22,42    |

(1) A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes

(2) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situacións:

- En risco de pobreza (o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo)

- En carencia material severa

- Persoas de 0 a 59 anos en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo.

(3) o limiar monetario de risco de pobreza é o produto do limiar de risco de pobreza de Galicia polas unidades de consumo de cada fogar.

As unidades de consumo de cada fogar constrúense asignando 1 ao primeiro adulto (persoa de 14 ou máis anos), 0,5 ao resto de adultos dese fogar e 0,3 a cada neno (persoa de menos de 14 anos).

(4) a distribución entorno ao limiar da renda baixa é a porcentaxe de persoas que teñen uns ingresos equivalentes inferiores ao 40%, 50% e 70% da mediana de ingresos equivalentes

Data de consulta: 11/02/2026

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE. *Enquisa estrutural a fogares*.

## 4.2.1.

O terceiro apartado céntrase na análise da dependencia, destacando un incremento no número de beneficiarios de prestacións e unha redución das persoas con dereito a axuda que non a reciben. Neste contexto, tamén se consideran dous recursos fundamentais para o coidado das persoas maiores: as residencias e os centros de día.

Finalmente, complétase a análise co estudo de distintos aspectos sociais, incluíndo datos sobre a familia e a infancia, a violencia de xénero e a violencia doméstica, e, en último lugar, a atención a menores, ofrecendo unha visión global das políticas sociais e da protección da poboación máis vulnerable.

### Estrutura dos fogares

A análise da estrutura dos fogares en Galicia constitúe unha ferramenta esencial para comprender a situación socioeconómica da poboación, especialmente cando se examina desde o punto de vista do emprego e a actividade laboral. Tal como se sinalou no capítulo 2, a partir do terceiro trimestre de 2025, os resultados da Enquisa de Poboación Activa (EPA) inclúen exclusivamente a mostra recollida polo Instituto Nacional de Estatística (INE), unha vez resolto o convenio de colaboración asinado entre o INE e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a duplicación da mostra no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta redución no tamaño da mostra impide dispoñer da información utilizada ata agora neste apartado en relación coa estrutura dos fogares, polo que non podemos analizar as dinámicas laborais dentro dos fogares galegos.

Tendo en conta a *Enquisa de condicións de vida* publicada polo INE, entre 2024 e 2025, a renda media dos fogares experimentou un incremento notable tanto a nivel nacional como en Galicia. A nivel de España, a renda neta media creceu un 5,4%, mentres que en Galicia o aumento foi lixeiramente superior, dun 5,9%. De xeito similar, ao considerar a renda media co aluguer imputado, os fogares españois incrementáronse un 5,8%, e os galegos un 6,0%. Estes datos amosan que, nos dous últimos anos, os ingresos dos fogares medraron de forma sostida, cunha recuperación lixeiramente máis intensa en Galicia, o que provoca un achegamento gradual á media nacional. Ademais, a proporción entre a renda neta e a renda con aluguer imputado mantense estable, suxerindo que a vivenda propia segue tendo un peso constante na economía familiar.

En Galicia, onde o 55,8% dos fogares son propietarios sen hipoteca, estes presentan unha renda neta máis elevada ao non destinar ingresos á vivenda, mentres que os fogares con hipoteca ou en aluguer ven reducida a súa renda dispoñible.

O nivel de ingresos dos fogares e a distribución dos seus gastos, sobre todo en bens e servizos esenciais, desempeñan un papel clave na aparición de situacións de carencia material. Para analizar estas dinámicas, a Enquisa de Orzamentos Familiares publicada polo INE, cos datos de 2024 (últimos dispoñibles no momento de elaborar esta Memoria), ofrece información detallada sobre o gasto en distintos bens e servizos de consumo.

Tendo en conta os datos proporcionados pola citada estatística de Orzamentos Familiares, o gasto medio por fogar en Galicia incrementouse de xeito continuo desde 2019 ata 2024. En 2019, o gasto medio por fogar foi de 26.846,5€, e en 2024 acadou os 33.700,4€, o que representa un aumento do 25,5% no último quinquenio. Analizando a variación do gasto medio en termos absolutos nos últimos cinco anos, os grupos de gasto que experimentaron un maior aumento en Galicia son a Restauración con 966€ máis (30,6% máis), os Alugueros imputados á vivenda con 910,4€ máis (22,1%), sendo tamén destacable os incrementos en termos relativos dos gastos en servizos médicos e paramédicos (66,3% máis) e nos servizos de aloxamento (73,7% de incremento de gasto nos últimos cinco anos). Os grupos de gasto que máis medran coinciden cos rexistrados de media en España, mais en Galicia os aumentos son significativamente superiores que na media estatal.

Tal como se deduce dos datos do **cadro 4.2.2.**, dentro da distribución do gasto dos fogares en Galicia no ano 2024, a maior parte concéntrase fundamentalmente no grupo de aluguer imputado á vivenda, alimentos e utilización de vehículos persoais. En concreto no ano 2024 os gastos medios máis elevados dos fogares galegos foron para:

1.- Alugueiros imputados á vivenda. Con 6.418,6€, este grupo representa o 19% do gasto total en 2024, sendo a categoría con maior peso dentro do gasto familiar, cun significativo incremento no seu peso sobre o orzamento familiar en relación ao ano anterior, 1,3 puntos máis.

2.- Alimentos. Con 5.476,3€, o gasto en alimentos representou o 16,3% do gasto total en 2024. Manténdose estable o seu peso en relación ao ano anterior.

Gastos medios por fogar e distribución porcentual en Galicia e España 2019-24

|   | Galicia          |            |                  |            |                  |            |                  |            |                  |            |
|---|------------------|------------|------------------|------------|------------------|------------|------------------|------------|------------------|------------|
|   | 2024             |            | 2023             |            | 2022             |            | 2021             |            | 2019             |            |
|   | (€)              | (%)        | (€)              | (%)        | (€)              | (%)        | (€)              | (%)        | (€)              | (%)        |
| Alugueres imputados de vivenda                            | 6.418,60         | 19,0       | 5.647,75         | 17,3       | 5.832,27         | 18,7       | 5.508,19         | 19,5       | 5.257,50         | 19,6       |
| Produtos alimenticios                                     | 5.476,33         | 16,3       | 5.293,29         | 16,3       | 4.996,42         | 16,1       | 4.965,61         | 17,5       | 3.981,85         | 14,8       |
| Restauración  | 2.643,34         | 7,8        | 2.781,38         | 8,5        | 2.342,55         | 7,5        | 1.677,36         | 5,9        | 2.023,50         | 7,5        |
| Utilización de vehículos persoais                         | 2.788,93         | 8,3        | 2.987,27         | 9,2        | 3.120,27         | 10,0       | 2.387,18         | 8,4        | 2.279,20         | 8,5        |
| Alugueres reais de vivenda                                | 884,07           | 2,6        | 898,48           | 2,8        | 673,43           | 2,2        | 664,82           | 2,3        | 679,03           | 2,5        |
| Compra de vehículos                                       | 1.409,76         | 4,2        | 1.071,92         | 3,3        | 1.350,21         | 4,3        | 1.048,08         | 3,7        | 1.081,67         | 4,0        |
| Servizos de seguros                                       | 1.215,87         | 3,6        | 1.122,31         | 3,4        | 1.048,81         | 3,4        | 1.028,22         | 3,6        | 978,85           | 3,6        |
| Electricidade, gas e outros combustibles                  | 1.258,61         | 3,7        | 1.284,39         | 3,9        | 1.548,69         | 5,0        | 1.216,56         | 4,3        | 1.174,86         | 4,4        |
| Artículos de vestir                                       | 1.304,47         | 3,9        | 1.115,31         | 3,4        | 988,55           | 3,2        | 980,15           | 3,5        | 1.175,94         | 4,4        |
| Servizos médicos e paramédicos e outros servizos de saúde | 972,22           | 2,9        | 827,99           | 2,5        | 696,29           | 2,2        | 615,72           | 2,2        | 584,71           | 2,2        |
| Subministro de auga e outros servizos relacionados        | 652,20           | 1,9        | 655,60           | 2,0        | 580,23           | 1,9        | 654,99           | 2,3        | 578,33           | 2,2        |
| Coidados persoais   | 975,08           | 2,9        | 870,38           | 2,7        | 837,79           | 2,7        | 743,60           | 2,6        | 702,28           | 2,6        |
| Servizos de información e comunicacións                   | 796,91           | 2,4        | 790,40           | 2,4        | 793,53           | 2,5        | 825,40           | 2,9        | 816,54           | 3,0        |
| Bens e servizos para o mantemento corrente do fogar       | 523,67           | 1,6        | 602,84           | 1,9        | 532,87           | 1,7        | 487,86           | 1,7        | 445,38           | 1,7        |
| Servizos de aloxamento                                    | 381,39           | 1,1        | 303,51           | 0,9        | 248,87           | 0,8        | 156,99           | 0,6        | 219,53           | 0,8        |
| <b>Total</b>  | <b>33.700,40</b> | <b>100</b> | <b>32.558,35</b> | <b>100</b> | <b>31.120,20</b> | <b>100</b> | <b>28.299,86</b> | <b>100</b> | <b>26.846,48</b> | <b>100</b> |

|   | España           |            |                  |            |                  |            |                  |            |                  |            |
|---|------------------|------------|------------------|------------|------------------|------------|------------------|------------|------------------|------------|
|   | 2024             |            | 2023             |            | 2022             |            | 2021             |            | 2019             |            |
|   | (€)              | (%)        | (€)              | (%)        | (€)              | (%)        | (€)              | (%)        | (€)              | (%)        |
| Alugueres imputados de vivenda                            | 7.306,32         | 22,4       | 6.653,25         | 20,4       | 6.489,25         | 20,7       | 6.455,67         | 22,1       | 6.038,61         | 20,0       |
| Produtos alimenticios                                     | 5.049,41         | 15,5       | 4.991,52         | 15,3       | 4.715,27         | 15,0       | 4.514,69         | 15,5       | 4.015,95         | 13,3       |
| Restauración  | 2.863,13         | 8,8        | 2.894,69         | 8,9        | 2.548,95         | 8,1        | 1.980,26         | 6,8        | 2.587,57         | 8,6        |
| Utilización de vehículos persoais                         | 2.261,26         | 6,9        | 2.344,71         | 7,2        | 2.338,14         | 7,4        | 1.910,42         | 6,5        | 2.128,63         | 7,0        |
| Alugueres reais de vivenda                                | 1.420,82         | 4,4        | 1.345,99         | 4,1        | 1.222,57         | 3,9        | 1.112,88         | 3,8        | 1.129,56         | 3,7        |
| Compra de vehículos                                       | 1.261,18         | 3,9        | 1.082,85         | 3,3        | 1.112,03         | 3,5        | 1.056,63         | 3,6        | 1.315,24         | 4,3        |
| Servizos de seguros                                       | 1.249,83         | 3,8        | 1.146,83         | 3,5        | 1.124,03         | 3,6        | 1.093,86         | 3,8        | 1.055,47         | 3,5        |
| Electricidade, gas e outros combustibles                  | 1.173,47         | 3,6        | 1.247,85         | 3,8        | 1.408,55         | 4,5        | 1.192,00         | 4,1        | 1.177,96         | 3,9        |
| Artículos de vestir                                       | 1.064,31         | 3,3        | 998,19           | 3,1        | 927,15           | 3,0        | 859,81           | 2,9        | 1.068,84         | 3,5        |
| Servizos médicos e paramédicos e outros servizos de saúde | 927,76           | 2,8        | 710,44           | 2,2        | 691,05           | 2,2        | 656,07           | 2,2        | 568,85           | 1,9        |
| Subministro de auga e outros servizos relacionados        | 909,53           | 2,8        | 837,35           | 2,6        | 842,86           | 2,7        | 826,24           | 2,8        | 803,46           | 2,7        |
| Coidados persoais   | 902,62           | 2,8        | 852,96           | 2,6        | 795,70           | 2,5        | 725,67           | 2,5        | 778,17           | 2,6        |
| Servizos de información e comunicacións                   | 829,08           | 2,5        | 810,46           | 2,5        | 835,05           | 2,7        | 853,81           | 2,9        | 855,85           | 2,8        |
| Bens e servizos para o mantemento corrente do fogar       | 608,51           | 1,9        | 603,15           | 1,8        | 568,62           | 1,8        | 540,67           | 1,9        | 584,80           | 1,9        |
| Servizos de aloxamento                                    | 510,55           | 1,6        | 413,64           | 1,3        | 372,75           | 1,2        | 287,22           | 1,0        | 354,96           | 1,2        |
| <b>Total</b>  | <b>34.044,03</b> | <b>104</b> | <b>32.616,66</b> | <b>100</b> | <b>31.408,41</b> | <b>100</b> | <b>29.167,26</b> | <b>100</b> | <b>30.242,76</b> | <b>100</b> |


Fonte: INE, Encuesta de presupuestos familiares.

## 4.2.2.

3.- Utilización de vehículos persoais. Con 2.788,9€, o gasto na utilización de vehículos persoais representou o 8,3% do gasto total en 2024. Este grupo de gasto segue a ser o terceiro con maior importancia dentro dos gastos medios dos fogares galegos a pesar da súa caída en relación ao ano anterior (case un punto porcentual menos de peso no orzamento familiar)

4.- Restauración e comedores. Con 2.643,3€, o gasto en restauración e comedores alcanzou o 7,8% do gasto total en 2024.

### Prezos da electricidade e gas natural para consumidores domésticos <sup>(1)</sup> excluídos taxas e gravames en España e UE-27 2020-25 <sup>(2)</sup>



(1) consumo de electricidade dende 2,500kwh a 4,999 kwh; consumo de gas dende 20Gj a 199 Gj

(2) prezo base 2020=100

Fonte: EUROSTAT

#### ■ 4.2.3.

No que respecta aos prezos da electricidade e gas de uso doméstico (**cadro 4.2.3.**), a gráfica mostra unha evolución moi marcada dos prezos da electricidade en España en comparación coa media da UE-27 entre 2020 e 2025 (base 2020=100). Obsérvase unha forte subida en ambos casos a partir de 2021, pero especialmente intensa en España, que alcanza un pico moi elevado no segundo semestre de 2022 (251,8 euros por 100Kw/h), claramente por riba da UE (185,2 euros por 100Kw/h). Tras ese máximo, prodúcese unha corrección significativa: en España os prezos descenden de maneira máis abrupta ata situarse por debaixo da media europea no primeiro semestre de 2024 (156,3 fronte a 174,4 da UE). Desde entón, ambos valores tenden a estabilizarse e converxer arredor dos 160 euros en 2025, o que indica unha moderación do mercado eléctrico tras a volatilidade asociada á crise enerxética.

No caso do gas natural, a dinámica tamén reflicte a crise enerxética, pero con matices distintos. España presenta maior volatilidade inicial, con subidas e baixadas máis acusadas ata 2022; a partir dese momento, os prezos caen de forma sostida en España, situándose claramente por debaixo da media europea desde 2023. Mentres tanto, a UE mantén niveis máis altos e unha redución máis gradual.

Vivendas con execucións hipotecarias iniciadas 2024-25

|                     | 2025    |        | 2024    |        |
|---------------------|---------|--------|---------|--------|
|                     | Galicia | España | Galicia | España |
| Nº total de fincas  | 871     | 22.879 | 711     | 20.358 |
| Vivendas            | 7.582   | 14.962 | 13.733  | 12.717 |
| Vivenda nova        | 26      | 1.137  | 31      | 1.228  |
| Vivenda segunda man | 524     | 13.825 | 350     | 11.489 |
| Persoas físicas     | 419     | 13.069 | 322     | 10.736 |
| Persoas xurídicas   | 131     | 1.893  | 59      | 1.981  |

Fonte: INE, *Estadísticas sobre ejecuciones hipotecarias*

■ 4.2.4.


Asociado aos gastos de vivenda, están os gastos hipotecarios e as execucións hipotecarias derivadas das dificultades de pago. Os datos do INE sobre vivendas con execucións hipotecarias que se inician e inscriben nos rexistros da propiedade, mostran un aumento no caso das vivendas de segunda man, e un descenso no caso das vivendas novas, que seguen representando unha porcentaxe moi reducida do total de vivendas con execucións hipotecarias. Ao longo do ano 2025 iniciáronse en Galicia un total de 550 execucións hipotecarias de vivendas (un 44,4% máis que no ano anterior), das que 26 corresponden a execucións sobre vivendas novas (5 menos que no ano anterior) e 524 a vivendas de segunda man (174 máis que en 2024). Neste último ano, o peso relativo das execucións hipotecarias iniciadas na Comunidade Autónoma no total estatal aumenta ata o 3,7%, sete décimas por encima do ano anterior, situándose esta porcentaxe no 2,3% no caso das vivendas novas e no 3,8% no das execucións en vivendas de segunda man.

A estatística sobre execucións hipotecarias, **cadro 4.2.4.**, mostra como 7,6 de cada dez vivendas con execución hipotecaria en Galicia no ano 2025 o seu titular é unha persoa física, por debaixo da media estatal (8,7).

Comparado co ano anterior, aumenta nun 30% o número de execucións hipotecarias de persoas físicas en Galicia, sendo o incremento no conxunto do Estado do 21,7%. Así mesmo, as execucións de persoas xurídicas aumentan un 122% en Galicia fronte ao descenso do 4,4% de media en España.

Segundo os datos do Consejo General del Poder Judicial (CGPJ), **cadro 4.2.5.**, o número de desafiuzamentos practicados polo non pagamento de aluguer redúcese en 2025 para situarse nos 876 desafiuzamentos (959 no ano anterior). A caída do 8,6% no número de desafiuzamentos en Galicia en 2025 é inferior á redución rexistrada de media no conxunto do Estado (11%), así que Galicia concentra o 4,8% dos desafiuzamentos practicados en España, unha décima máis que no ano anterior.

### Lanzamentos practicados como consecuencia de procedimientos derivados da Lei de Arrendamentos Urbanos 2013-2025



Fonte: Consejo General del Poder Judicial

#### ■ 4.2.5.

### Niveis de pobreza e desigualdade de renda

Para analizar os niveis de pobreza e desigualdade que afectan ao territorio, tomaremos como referencia, entre outras fontes, a *Enquisa estrutural a fogares* elaborada polo IGE correspondente ao ano 2024 (último dato dispoñible). Esta enquisa ten como finalidade recoller información sobre as características socioeconómicas dos fogares galegos.

O indicador de pobreza empregado é o establecido na Estratexia Europa 2030, que vai máis alá da simple desigualdade de ingresos e incorpora outras dimensións, como a situación laboral ou a carencia de determinados recursos materiais. Segundo esta estratexia, considérase que unha persoa está en risco de pobreza ou exclusión social cando se atopa nalguna das seguintes situacións:

- 1.- En risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo.
- 2.- En carencia material e social severa. Unha persoa está en situación de carencia material e social severa cando ten carencia, polo menos, en sete conceptos dos seguintes:

A nivel de fogar:

- Non se pode permitir ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.

- Non se pode permitir unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días.
- Non se pode permitir manter a vivenda cunha temperatura adecuada.
- Non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos.
- Tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou alugueiro, gas, comunidade...).
- Non se pode permitir dispoñer de coche.
- Non se pode permitir substituír os mobles deteriorados ou vellos.

A nivel de persoa:

- Non se pode permitir substituír as roupas deterioradas por outras novas.
- Non se pode permitir ter dous pares de zapatos.
- Non se pode permitir reunirse con amizades e/ou familiares para comer ou tomar algo ao menos unha vez ao mes.
- Non se pode permitir participar regularmente en actividades de ocio.
- Non se pode permitir gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesmo cada semana.
- Non se pode permitir dispoñer de conexión a internet para uso persoal no fogar.

3.- Persoas de 0 a 64 anos que viven en fogares con baixa intensidade laboral. Unha persoa vive nun fogar con baixa intensidade laboral cando o número de días que as persoas de 18 a 64 anos dese fogar (excluíndo as persoas estudantes de 18 a 24 anos, as persoas retiradas ou xubiladas e as persoas de 60 a 64 anos inactivas que viven nun fogar cuxo ingreso principal son as pensións) tiveron ingresos por traballo, prestacións por ERTE ou prestacións por cese de actividade debidas á pandemia supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano natural anterior á realización da enquisa.

A taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2030) (**cadro 4.2.6.**) aumenta en Galicia en 2024, para situarse no 18,4%, un aumento que rompe a cadencia de descensos rexistrados nesta taxa dende o ano 2020.

A pesar de que o incremento se da nas catro provincias galegas, a distribución provincial da taxa de risco de pobreza non é homoxénea, presentando as provincias de Pontevedra e A Coruña as taxas de risco de pobreza ou exclusión social máis reducidas, con taxas inferiores á media galega no caso de Pontevedra. No extremo oposto, Ourense rexistra a taxa de pobreza ou exclusión social máis elevada, con 21,5% , sendo do 19% en Lugo, tras un considerable aumento no último ano.

Tal como acontecía coas provincias, a análise da taxa de risco de pobreza a nivel de áreas xeográficas tampouco é homoxénea, así as áreas que presenta unha taxa de risco de pobreza inferior á media galega por orde de maior a menor taxa son a area da Costa da morte, Lugo oriental, O Morrazo, Área de Pontevedra, A Mariña, Barbanza-Noia, Área de Vigo, Área de Santiago e A Coruña suroriental. Pola contra as áreas de Lugo sur, Ourense sur, O Carballiño-O Ribeiro, Ourense central, Ferrol-Eume-Ortega, Caldas-O Salnés, Área da Coruña e Pontevedra sur presentan taxas de risco de pobreza superiores ao 20%.

## Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2030) 2019-24 <sup>(1)</sup>

|   | 2019         | 2020         | 2021         | 2022         | 2023         | 2024         |
|---|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
|   | (%)          |              |              |              |              |              |
| <b>Total</b>  | <b>19,38</b> | <b>19,90</b> | <b>19,22</b> | <b>18,62</b> | <b>17,29</b> | <b>18,43</b> |
| A Coruña  | 18,69        | 19,19        | 18,24        | 18,33        | 17,83        | 18,63        |
| Lugo  | 18,63        | 16,43        | 18,65        | 14,95        | 15,93        | 19,03        |
| Ourense   | 22,27        | 22,65        | 20,62        | 22,74        | 20,64        | 21,55        |
| Pontevedra  | 19,52        | 21,06        | 20,13        | 18,89        | 16,04        | 17,00        |
| <b>Nacionalidade</b>                                  |              |              |              |              |              |              |
| Española  | 18,27        | 18,45        | 17,90        | 16,91        | 15,63        | 16,48        |
| Estranxeira   | 54,12        | 60,51        | 55,78        | 53,39        | 50,05        | 51,85        |
| <b>Fogares con ou sen nenos e mozos a cargo (2)</b>   |              |              |              |              |              |              |
| <b>Fogares con nenos e mozos a cargo</b>              | <b>20,56</b> | <b>22,73</b> | <b>21,59</b> | <b>21,69</b> | <b>19,29</b> | <b>20,97</b> |
| Un adulto con nenos e mozos a cargo                   | 46,02        | 54,71        | 53,09        | 52,93        | 55,06        | 55,15        |
| <b>Dous adultos con nenos e mozos a cargo</b>         | <b>19,84</b> | <b>21,68</b> | <b>19,90</b> | <b>19,82</b> | <b>16,11</b> | <b>20,18</b> |
| Dous adultos cun neno e mozo a cargo                  | 15,39        | 18,22        | 15,31        | 16,78        | 13,40        | 17,58        |
| Dous adultos con dous ou máis nenos e mozos a cargo   | 23,35        | 24,38        | 23,19        | 22,20        | 18,37        | 22,27        |
| <b>Tres ou máis adultos con nenos e mozos a cargo</b> | <b>16,66</b> | <b>17,88</b> | <b>18,32</b> | <b>18,56</b> | <b>18,42</b> | <b>14,96</b> |
| <b>Fogares sen nenos e mozos a cargo</b>              | <b>18,43</b> | <b>17,64</b> | <b>17,39</b> | <b>16,31</b> | <b>15,83</b> | <b>16,64</b> |
| Un adulto sen nenos e mozos a cargo                   | 29,07        | 27,62        | 31,12        | 29,46        | 24,34        | 28,77        |
| <b>Dous adultos sen nenos e mozos a cargo</b>         | <b>17,07</b> | <b>18,20</b> | <b>16,56</b> | <b>16,42</b> | <b>15,57</b> | <b>16,34</b> |
| <b>Tres ou máis adultos sen nenos e mozos a cargo</b> | <b>15,61</b> | <b>12,61</b> | <b>12,52</b> | <b>10,82</b> | <b>12,16</b> | <b>11,33</b> |
| <b>Fogares segundo tipoloxías</b>                     |              |              |              |              |              |              |
| Unipersoal  | 29,07        | 27,62        | 31,12        | 29,46        | 24,34        | 28,77        |
| Sen núcleo  | 20,45        | 27,62        | 23,15        | 26,73        | 26,85        | 25,96        |
| Parella con fillos                                    | 17,79        | 18,42        | 17,26        | 16,88        | 14,29        | 15,53        |
| Parella sen fillos                                    | 14,38        | 15,59        | 14,48        | 13,26        | 12,98        | 13,53        |
| Monoparental  | 30,98        | 34,83        | 31,93        | 34,01        | 31,19        | 32,92        |
| Un núcleo e outros                                    | 18,08        | 15,59        | 17,20        | 14,11        | 16,89        | 15,13        |
| Varios núcleos  | 15,26        | 14,70        | 13,74        | 14,20        | 16,20        | 17,06        |
| <b>Réxime de tenza da vivenda</b>                     |              |              |              |              |              |              |
| En propiedade   | 11,74        | 11,62        | 10,78        | 9,65         | 9,15         | 10,53        |
| En propiedade sen hipoteca                            | 12,31        | 12,09        | 10,89        | 9,44         | 9,45         | 10,98        |
| En propiedade con hipoteca                            | 10,00        | 10,29        | 10,42        | 10,35        | 8,21         | 9,12         |
| En aluguer  | 29,99        | 35,84        | 32,40        | 35,16        | 30,96        | 31,94        |
| Cedida e Outro  | 27,41        | 30,09        | 27,43        | 24,95        | 22,73        | 21,34        |

(1) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situación: 1) En risco de pobreza (o 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo) 2) En carencia material e social severa; 3) Persoas de 0 a 64 anos en fogares con baixa intensidade laboral.

(2) Consideráanse "nenos e mozos a cargo" todos os menores de 18 anos e as persoas de 18 a 24 anos que non percibiron ingresos por traballo nin prestacións e que conviven, polo menos, cun dos pais.

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

### ■ 4.2.6.

O xénero e a idade tamén determinan a existencia de diferenzas no risco de pobreza. No que se refire á franxa de idade, o **cadro 4.2.7.** mostra como en Galicia a poboación menor de 16 anos, entre 16 e 24 anos e de 50 a 64 anos presentan unha taxa de pobreza (UE 2030) do 24% no primeiro dos tramos de idade e próxima nos dous intervalos de idade seguintes ao 22%; sendo a poboación maior de 65 anos a que rexistra a taxa máis reducida, co 12,4%.

Entre o 31 de decembro de 2019 e de 2024, a taxa de risco de pobreza e exclusión social redúcese entre os homes en 1,8 puntos porcentuais, mentres que entre as mulleres a caída foi só

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2030) 2019-24: distribución segundo sexo e grupos de idade<sup>(1)</sup>

|                    | 2019  |       |          | 2020  |       |          | 2021  |       |          | 2022  |       |          | 2023  |       |          | 2024  |       |          |
|--------------------|-------|-------|----------|-------|-------|----------|-------|-------|----------|-------|-------|----------|-------|-------|----------|-------|-------|----------|
|                    | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
|                    | (%)   |       |          |       |       |          |       |       |          |       |       |          |       |       |          |       |       |          |
| <b>Total</b>       | 19,38 | 19,27 | 19,47    | 19,9  | 19,29 | 20,47    | 19,22 | 18,68 | 19,72    | 18,62 | 17,68 | 19,49    | 17,29 | 16,39 | 18,13    | 18,43 | 17,51 | 19,28    |
| Menos de 16 anos   | 21,44 | 22,08 | 20,76    | 24,58 | 23,97 | 25,24    | 23,27 | 23,05 | 23,50    | 23,92 | 23,02 | 24,87    | 21,48 | 21,48 | 21,47    | 24,12 | 22,74 | 25,58    |
| De 16 a 24 anos    | 24,70 | 24,46 | 24,96    | 26,23 | 24,86 | 27,72    | 25,01 | 24,10 | 25,97    | 23,95 | 24,75 | 23,09    | 21,41 | 20,42 | 22,46    | 21,27 | 19,59 | 23,03    |
| De 25 a 49 anos    | 18,00 | 17,14 | 18,85    | 20,94 | 19,52 | 22,35    | 18,42 | 18,08 | 18,76    | 18,20 | 16,50 | 19,89    | 16,67 | 15,36 | 17,97    | 18,26 | 16,98 | 19,52    |
| De 50 a 64 anos    | 24,69 | 25,35 | 24,07    | 22,98 | 23,47 | 22,51    | 23,43 | 23,02 | 23,81    | 21,66 | 20,87 | 22,40    | 21,52 | 20,20 | 22,77    | 21,67 | 21,33 | 21,99    |
| De 65 ou máis anos | 13,91 | 13,01 | 14,60    | 11,71 | 10,13 | 12,91    | 12,88 | 10,89 | 14,40    | 12,38 | 10,70 | 13,66    | 11,15 | 9,83  | 12,16    | 12,42 | 10,98 | 13,52    |

(1) A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

## 4.2.7.

de 0,2 décimas porcentuais. No último ano en Galicia incrementouse a taxa de risco de pobreza tanto para homes como para mulleres de xeito semellante, en torno a un punto porcentual; así mesmo se produce un incremento de dita taxa en todos os grupos de idade, agás entre os homes de 25 a 49 anos e entre as mulleres de 50 a 64 anos.

As persoas con nacionalidade estranxeira presentan un risco de pobreza e exclusión moi superior ao rexistrado para as persoas con nacionalidade española. A taxa de pobreza para as persoas de nacionalidade estranxeira sitúase no 51,8%, o que supón 1,8 puntos porcentuais máis que no ano anterior. Mentres, a taxa de risco de pobreza entre as persoas con nacionalidade española pasa do 15,6% en 2023 ata o 16,5% a 31 de decembro de 2024.

Outro dos factores determinantes que inciden no risco de pobreza e exclusión social son as responsabilidades familiares, así como a composición e características dos fogares. Como acontece cada ano, o maior risco de pobreza con gran diferenza segue a rexistrarse nos fogares compostos por só un adulto con nenos e mozos a cargo, acadando o 55,1%, manténdose estable en relación ao ano anterior. Por tanto, por tipoloxías de fogares, os monoparentais son os que rexistran unha maior taxa de pobreza, co 32,9% dos mesmos en situación de risco de pobreza ou exclusión (31,2% no ano anterior), por diante dos fogares unipersoais e sen núcleo, cunha taxa do 28,8% e 26%, respectivamente.

Finalmente, existe unha clara relación entre o réxime de tenza da vivenda e o risco de pobreza ou exclusión social. Tal como se mostra no **cadro 4.2.6.**, no período 2019-2024, as porcentaxes máis elevadas de risco de pobreza concéntranse nos fogares que habitan en vivendas en aluguer ou cedidas, mentres que os fogares en propiedade presentan valores significativamente máis baixos.

En primeiro lugar, os fogares que viven en propiedade presentan niveis de risco relativamente reducidos e bastante estables ao longo do período. A porcentaxe descende progresivamente desde o 11,7% en 2019 ata o 9,15% en 2023, aínda que en 2024 rexístrase un lixeiro repunte ata o 10,5%.

## Desigualdade en Galicia e España 2019-24: Índice de Gini e distribución da renda S80/S20 <sup>(1)</sup>

|                              | Índice de Gini <sup>(2)</sup> |              |              |              |              |              |
|------------------------------|-------------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
|                              | 2019                          | 2020         | 2021         | 2022         | 2023         | 2024         |
| <b>Galicia</b>               | <b>0,261</b>                  | <b>0,266</b> | <b>0,257</b> | <b>0,252</b> | <b>0,247</b> | <b>0,246</b> |
| <b>A Coruña</b>              | 0,268                         | 0,272        | 0,261        | 0,255        | 0,256        | 0,257        |
| <b>Lugo</b>                  | 0,241                         | 0,249        | 0,251        | 0,242        | 0,251        | 0,257        |
| <b>Ourense</b>               | 0,256                         | 0,262        | 0,251        | 0,255        | 0,261        | 0,238        |
| <b>Pontevedra</b>            | 0,257                         | 0,264        | 0,252        | 0,247        | 0,228        | 0,232        |
| <b>España <sup>(4)</sup></b> | <b>0,330</b>                  | <b>0,321</b> | <b>0,330</b> | <b>0,320</b> | <b>0,315</b> | <b>0,312</b> |

|                              | Distribución da renda S80/S20 <sup>(3)</sup> |             |             |             |             |             |
|------------------------------|--|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
|                              | 2019   | 2020        | 2021        | 2022        | 2023        | 2024        |
| <b>Galicia</b>               | <b>3,95</b>                                  | <b>4,15</b> | <b>3,86</b> | <b>3,78</b> | <b>3,67</b> | <b>3,66</b> |
| <b>A Coruña</b>              | 4,08   | 4,35        | 3,96        | 3,82        | 3,86        | 3,83        |
| <b>Lugo</b>                  | 3,63   | 3,80        | 3,85        | 3,56        | 3,65        | 3,86        |
| <b>Ourense</b>               | 4,03   | 4,11        | 3,70        | 4,02        | 4,15        | 3,57        |
| <b>Pontevedra</b>            | 3,83   | 4,04        | 3,77        | 3,73        | 3,34        | 3,42        |
| <b>España <sup>(4)</sup></b> | <b>5,9</b>                                   | <b>5,8</b>  | <b>6,2</b>  | <b>5,6</b>  | <b>5,5</b>  | <b>5,4</b>  |

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ao que pertence.

(3) distribución da renda S80/S20: cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre.

(4) datos extraídos da Encuesta de condiciones de vida do INE. Os datos do INE fan referencia á renda do ano anterior á entrevista. Na taboa están integrados no ano que corresponden.

Fonte: IGE e INE

### ■ 4.2.8.

Pola contra, os fogares que viven en aluguer presentan de maneira constante os niveis máis elevados de risco de pobreza ou exclusión social. A porcentaxe sitúase arredor do 30% durante todo o período. En 2024 o indicador mantense alto, cun 31,9%, o que supón aproximadamente tres veces máis risco que nos fogares en propiedade.

#### • Desigualdade

Os indicadores máis recentes dispoñibles mostran que Galicia presenta un nivel de desigualdade de renda moderado e inferior ao conxunto de España. A análise da distribución dos ingresos indica que as diferenzas entre os fogares con maiores e menores recursos son relativamente máis reducidas que na media estatal, o que se traduce nunha maior homoxeneidade na estrutura de ingresos da poboación galega. Nos últimos anos obsérvase unha certa estabilidade nos indicadores de desigualdade, sen cambios bruscos na distribución da renda.

Os principais indicadores utilizados para medir a desigualdade de ingresos e proporcionar unha visión sobre a súa situación e evolución son o coeficiente de Gini e a distribución da renda, especialmente o índice S80/S20.

Como reflicte o **cadro 4.2.8.**, no ano 2024 os indicadores parecen mostrar que no último ano

continúa a tendencia á redución lenta das desigualdades, mantendo así mesmo, valores inferiores á media estatal.

Dunha banda, o coeficiente de Gini é un valor entre 0 e 1, onde 0 corresponde coa perfecta igualdade (todos teñen os mesmos ingresos) e o valor 1 coa perfecta desigualdade (unha persoa ten todos os ingresos e os demais ningún). Ao longo de toda a serie analizada, o valor do índice de Gini nas catro provincias galegas é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, acadando en Galicia no ano 2024, último dato dispoñible, un valor de 0,246. As provincias de Pontevedra e Ourense presentan no ano 2024 un valor do coeficiente inferior á media galega, cun 0,228; as provincias da Coruña, Ourense e Lugo presentan valores superiores á media galega.

Doutra banda, o indicador da distribución da renda S80/S20 calcúlase como o cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre. Este indicador mostra que no ano 2024 os ingresos medios do quintil máis rico da poboación superan en 3,66 veces aos ingresos medios do quintil de poboación máis pobre. No conxunto do Estado o quintil máis rico da poboación ten, de media, un ingreso medio 5,4 veces superiores ao quintil de poboación máis pobre.

A provincia de Pontevedra acada un valor de 3,42 no indicador S80/20, o máis reducidos das catro provincias galegas, ascendendo a 3,86 en Lugo, en tanto que os ingresos do quintil máis rico da poboación de A Coruña supera en 3,83 veces aos ingresos medios do quintil máis pobre. Este indicador é do 3,57 na provincia de Ourense.

## Dependencia e discapacidade

A dependencia representa un factor determinante na análise da pobreza, xa que as persoas afectadas afrontan dificultades tanto para xerar ingresos suficientes como para facer fronte a gastos adicionais vinculados ás súas condicións específicas. Esta situación xera un desequilibrio económico que impacta negativamente no seu benestar. Como resultado, os fogares que conteñen membros con discapacidade ou dependencia adoitan presentar niveis de renda significativamente máis baixos e unha maior incidencia de pobreza en comparación coa poboación xeral. Neste contexto, as prestacións económicas e os servizos de apoio constitúen mecanismos fundamentais para mitigar a vulnerabilidade financeira e mellorar as condicións de vida destas familias.

Os datos do Imsero facilitados polo Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) (**cadro 4.2.9.**) reflicten que en 2025 se formalizaron en Galicia un total de 100.525 solicitudes para acceder ás prestacións do SAAD, o que representa o 4,3% do total estatal. Comparado co ano anterior, o número de solicitudes medra en Galicia un 17,9% (15.274 solicitudes máis), incremento moi superior ao rexistrado no conxunto do Estado (7,4%).

En relación á poboación empadroada en Galicia, as solicitudes rexistradas representan o 3,7% da poboación da Comunidade Autónoma, fronte ao 4,7% de media no conxunto de España. Esta porcentaxe coloca a Galicia como a terceira Comunidade Autónoma con menor peso relativo tras Canarias (3,5%) e Navarra (3,6%). Se a comparación do número de solicitudes rexis-

### Dependencia en Galicia e España 2024-25: principais indicadores <sup>(1)</sup>

|   | 2025    |           |         | 2024    |           |         |
|---|---------|-----------|---------|---------|-----------|---------|
|   | Galicia | España    | G/E (%) | Galicia | España    | G/E (%) |
| <b>Solicitudes</b>                                    | 100.525 | 2.326.315 | 4,3     | 85.251  | 2.165.648 | 3,9     |
| <b>Resolucións</b>                                    | 100.376 | 2.217.055 | 4,5     | 85.199  | 2.037.769 | 4,2     |
| <b>Beneficiarios con dereito a prestación</b>         | 94.254  | 1.784.369 | 5,3     | 78.452  | 1.636.757 | 4,8     |
| <b>Grado III</b>                                      | 28.716  | 455.402   | 6,3     | 25.794  | 432.244   | 6,0     |
| <b>Grado II</b>                                       | 31.517  | 659.166   | 4,8     | 26.936  | 612.870   | 4,4     |
| <b>Grado I</b>  | 34.021  | 669.801   | 5,1     | 25.722  | 591.643   | 4,3     |
| <b>Beneficiarios con prestación</b>                   | 93.660  | 1.677.042 | 5,6     | 77.196  | 1.518.424 | 5,1     |
| <b>Prestacións</b>                                    | 148.176 | 2.391.346 | 6,2     | 105.321 | 2.125.145 | 5,0     |
| <b>Prevenición dependencia e Promoción A. Persoal</b> | 5.917   | 79.376    | 7,5     | 6.210   | 78.342    | 7,9     |
| <b>Teleasistencia</b>                                 | 46.287  | 628.736   | 7,4     | 21.170  | 524.561   | 4,0     |
| <b>Axuda a domicilio</b>                              | 22.819  | 395.421   | 5,8     | 24.636  | 357.497   | 6,9     |
| <b>Centros de día/noite</b>                           | 8.077   | 110.896   | 7,3     | 9.033   | 110.349   | 8,2     |
| <b>Atención residencial</b>                           | 7.245   | 185.779   | 3,9     | 6.780   | 184.545   | 3,7     |
| <b>P. Económica vinculada servizo</b>                 | 21.047  | 242.900   | 8,7     | 16.339  | 222.787   | 7,3     |
| <b>P. Económica coidados familiares</b>               | 36.638  | 735.889   | 5,0     | 21.018  | 636.030   | 3,3     |
| <b>P. Económica Asist. persoal</b>                    | 146     | 12.349    | 1,2     | 135     | 11.034    | 1,2     |
| <b>Rateo prestacións por persoa beneficiaria</b>      | 1,58    | 1,43      |         | 1,36    | 1,40      |         |

Grao III.- Gran dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Grao II.- Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

Grao I.- Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IMSERSO, *Sistema para la autonomía y atención a la dependencia*

#### 4.2.9.

tradas no sistema se realiza co volume de poboación potencialmente dependente, Galicia sitúase como a Comunidade coa menor porcentaxe cun 20,8% fronte ao 35,7% de poboación media estatal potencialmente dependente que solicita o servizo.

No ano 2025, en paralelo ao incremento no número de solicitudes, rexístrase tamén un aumento semellante no número de resolucións, concretamente dun 17,9% e dun 17,8%, respectivamente. Con todo, esta evolución dá lugar a que o número de solicitudes non resoltas ao remate do período ascenda a 149, cifra superior á rexistrada no ano anterior, que se situaba en 52. Asociado ao aumento da lista de agarda, o tempo medio desde a solicitude de dependencia ata a resolución da prestación baixa ata os 324 días en Galicia, 62 días menos que en 2024. Para o cálculo do tempo medio desde a solicitude ata a resolución de prestación só se ten en conta a primeira resolución de prestación de cada persoa solicitante.

O **cadro 4.2.9.** mostra como o 6,1% das resolucións emitidas foron negativas, resultando o 93,9% dos ditames positivos e por tanto cun recoñecemento de grao de dependencia (94.254 ditames).

No que respecta ás resolucións de grao, no ano 2025 aumenta tanto no conxunto do Estado como en Galicia, o número de persoas recoñecidas como grandes dependentes (grao III), que se sitúa en Galicia nas 28.716 persoas, 2.922 máis que no ano anterior, o que supón un aumento do 11,3%, fronte ao incremento do 5,4% rexistrado de media no Estado. O número de beneficiarios con prestacións de grao II ou dependencia grave, aumentan, acadando as 31.517 persoas (4.581 máis que en 2024). Tamén se rexistra un aumento no caso dos beneficiarios de grao I, afectación moderada, cun aumento do 32,3% (8.299 beneficiarios máis), para situarse en 34.021 beneficiarios rexistrados no último ano.

A asignación da prestación realízase mediante resolución administrativa, do Programa Individual de Atención (PIA), onde se determina a prestación ou servizo que lle corresponde a cada persoa dependente en función, entre outros aspectos, do seu grao de discapacidade e da súa capacidade económica. O número de persoas atendidas polo sistema de dependencia ascende no último ano ata as 93.660 beneficiarias e beneficiarios, un 21,3% máis que no ano anterior, o que representa o 5,6% do total estatal.

No ano 2025 descende o número de persoas beneficiarias con dereito pero sen estaren atendidas, así o sistema non atende en Galicia a 594 persoas cunha valoración positiva para acceder ás prestacións. Por tanto o 0,6% das persoas dependentes con dereito a prestación non están sendo atendidas (1,6% no ano anterior), sendo esta porcentaxe en torno a cinco puntos inferior á do conxunto do Estado (6%).

Segundo o tipo de prestación proporcionada, estas poderán ser, ou ben prestacións económicas para coidados familiares e vinculadas a servizos concretos, ou ben ter a natureza de servizos. A Lei de dependencia determina o catálogo de servizos sociais, que comprenden os servizos de prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal, teleasistencia, o servizo de axuda a domicilio, os centros de día e de noite, e os servizos de atención residencial.

O recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ao acceso aos servizos ou prestacións económicas corresponde á Administración autonómica; mentres que as Administracións locais participan na xestión dos servizos de atención. O número de prestacións concedidas ás persoas beneficiarias en 2025 increméntase de xeito notable, acadando as 148.176 prestacións, un 40,7% máis que no ano anterior. Como consecuencia do menor incremento rexistrado no conxunto do Estado (12,5%), o seu peso relativo aumenta en máis dun punto porcentual en relación ao ano anterior ata o 6,2% das prestacións en España. O número total de prestacións por persoa beneficiaria sitúase en 1,58 en Galicia, superior á media estatal que é de 1,43 prestacións por beneficiario.

Desagregando as prestacións en función do seu carácter, o 39% das prestacións en Galicia son de tipo económico, fronte ao 61% das prestacións por servizos. No conxunto de España as prestacións económicas representan o 41,4% das prestacións fronte ao 58,6% das prestacións por servizos. Entre as prestacións económicas o 25% das prestacións totais galegas son prestacións para coidados no entorno familiar (31% no Estado).

Dentro das prestacións por servizos destacan o número de prestacións do servizo de teleasistencia que, un ano máis, aumentou máis dun 100% en relación ao ano anterior, de xeito que en 2025 representa o 31,2% das prestacións en Galicia (26,3% de media no Estado); en segundo lugar, polo seu número e elevado peso relativo, destacan as prestacións de axuda a domicilio, que representa o 15,4% do total en Galicia fronte ao 16,5% de media no Estado.

A axuda a domicilio, os centros de día/noite e a prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal reducen as súas prestacións no último ano en relación ao ano anterior; a Axuda a domicilio cae nun 7,4%, cunha redución en termos absolutos de 1.817 prestacións, o servizo en centros de día/noite cae un 10,6%, o que supón 956 prestacións menos, e a prevención cae nun 4,7%, con 293 prestacións menos que en 2024. Pola contra, a prestación que máis se incrementa, en termos absolutos, é a teleasistencia (25.117 prestacións máis) as prestacións económicas para coidados familiares (15.620 máis), e as prestacións económicas vinculadas ao servizo (4.708 máis).

Segundo os datos do Observatorio da Dependencia, da asociación de directoras e xerentes de servizos sociais, o SAAD xera en Galicia 23.087 postos de traballo directos, 1.495 novos postos de traballo en 2025. O investimento realizado neste servizo xera en Galicia 46,3 postos de traballo por millón de euros investido, fronte aos 39,8 que xera de media no resto do Estado.

O promedio de gasto público por persoa dependente en 2025 en Galicia (5.134,6€), o que implica un diferencial coa media nacional (6.015,1€), de -850,5 € dependente/ano.

Do mesmo xeito, o gasto público por habitante (160€) sitúase por debaixo da media nacional en 34€/habitante. Este diferencial ven como consecuencia do menor gasto en servizos e da semellante taxa de cobertura de 34,5 PIAS/1.000 hab., fronte á media nacional situada en 34,14 PIAS/1.000 hab.

O Sistema de atención á dependencia, ademais de repercutir na creación de emprego, tamén xera retornos económicos medidos a través da taxa de recuperación do gasto público, que permite medir o retorno estimado do investimento en dependencia, esta taxa no último ano en España presenta un valor do 39,2% fronte aos 37,6% acadado en Galicia. O Sistema xera en Galicia 187,6 millóns de euros derivados das cotizacións á Seguridade Social, IRPF das persoas traballadoras ou recadación de IVE polos servizos prestados.

Entre os recursos destinados á atención ás persoas maiores en situación de dependencia e discapacidade, os centros de día e a atención residencial teñen un papel de gran relevancia (**cadro 4.2.10.**). No último ano Galicia presenta un aumento tanto no número de residencias como de prazas. En 2025 Galicia conta cun total de 447 residencias, un 5,4% máis que no ano anterior (23 residencias máis, das que 3 son privadas, 10 máis de iniciativa pública e 10 de iniciativa social). A metade das residencias establecidas en Galicia no ano 2025 son residencias privadas (224 residencias; 50,1%), 117 son de iniciativa social (25,2%), sendo o 22,6% restante, residencias públicas (106 centros). No que ao número de prazas se refire, as 447 residencias ofertan un total de 24.649 prazas, o que supón un incremento do 1,1% respecto ao ano anterior (272 prazas máis).

Residencias e Centros de Día destinados a persoas maiores en Galicia 2025 <sup>(1)</sup>

|                | Residencias |               |                    |              |                   |              |            |               |
|----------------|-------------|---------------|--------------------|--------------|-------------------|--------------|------------|---------------|
|                | Privadas    |               | Iniciativa pública |              | Iniciativa social |              | Total      |               |
|                | nº          | prazas        | nº                 | prazas       | nº                | prazas       | nº         | prazas        |
| <b>Galicia</b> | <b>224</b>  | <b>11.323</b> | <b>106</b>         | <b>5.862</b> | <b>117</b>        | <b>7.464</b> | <b>447</b> | <b>24.649</b> |
| A Coruña       | 66          | 4.028         | 28                 | 2.019        | 29                | 1.853        | 123        | 7.900         |
| Lugo           | 28          | 1.735         | 33                 | 1.381        | 26                | 1.416        | 87         | 4.532         |
| Ourense        | 75          | 1.811         | 29                 | 1.274        | 45                | 3.099        | 149        | 6.184         |
| Pontevedra     | 55          | 3.749         | 16                 | 1.188        | 17                | 1.096        | 88         | 6.033         |

|                | Centros de día |              |                    |              |                   |            |            |              |
|----------------|----------------|--------------|--------------------|--------------|-------------------|------------|------------|--------------|
|                | Privadas       |              | Iniciativa pública |              | Iniciativa social |            | Total      |              |
|                | nº             | prazas       | nº                 | prazas       | nº                | prazas     | nº         | prazas       |
| <b>Galicia</b> | <b>125</b>     | <b>5.120</b> | <b>103</b>         | <b>3.794</b> | <b>23</b>         | <b>804</b> | <b>251</b> | <b>9.718</b> |
| A Coruña       | 36             | 1.562        | 34                 | 1.438        | 11                | 388        | 81         | 3.388        |
| Lugo           | 10             | 533          | 27                 | 843          | 4                 | 114        | 41         | 1.490        |
| Ourense        | 10             | 317          | 18                 | 604          | 3                 | 117        | 31         | 1.038        |
| Pontevedra     | 69             | 2.708        | 24                 | 909          | 5                 | 185        | 98         | 3.802        |

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: Consellería de Política Social e Igualdade

■ 4.2.10.

Segundo a titularidade da residencia, o 45,9% das prazas ofertadas corresponden a residencias privadas (11.323 prazas), o 30,3% a residencias de iniciativa social (7.464), ofertando os centros públicos o 23,8%, o que supón 5.862 prazas.

O 62,1% e o 51% das prazas residenciais ofertadas nas provincias de Pontevedra e A Coruña están en centros privados, o que contrasta coa provincia de Ourense onde o só o 29,3% das prazas corresponden a centros privados, e o 50,1% a centros de iniciativa social como fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro, rexistrándose nesta provincia o 20,6% das prazas públicas. A provincia de Lugo rexistra o maior peso relativo das prazas en residencias públicas co 30,5% do total, seguida da provincia de A Coruña, cun 25,6% das súas prazas residenciais, de Ourense co 20,6% e finalmente Pontevedra onde só o 19,7% do total das súas prazas residenciais son de titularidade pública.

Outro recurso básico no coidado de maiores son os centros de día. Tras o peche dun centro de día en relación ao ano anterior, o que supón 19 prazas menos, Galicia conta en 2025 con 251 centros de día que ofertan un total de 9.718 prazas. De xeito semellante que nas residencias, predominan os centros de día de iniciativa privada, que representan en torno á metade dos centros e prazas (125 centros e 5.120 prazas ofertadas).

É necesario tamén ter en conta os servizos prestados polos cuidadores non profesionais, isto é, aquelas persoas que, dedicándose ao coidado de persoas en situación de dependencia, reciben a correspondente prestación económica (RD 615/2007). Estes cuidadores teñen a opción

### Centros prestadores de servizos sociais 2025 (1)

|  | A Coruña   | Lugo       | Ourense    | Outra (2) | Pontevedra | Total        |
|--|------------|------------|------------|-----------|------------|--------------|
| <b>Iniciativa privada con ánimo de lucro</b> | 177        | 58         | 109        | -         | 191        | 535          |
| Discapacidade                                | 1          | 1          |            |           | 3          | 5            |
| Infancia                                     | 74         | 19         | 24         |           | 63         | 180          |
| Maiores                                      | 102        | 38         | 85         |           | 124        | 349          |
| Menores                                      |            |            |            |           | 1          | 1            |
| <b>Iniciativa pública</b>                    | 239        | 137        | 111        | 5         | 170        | 662          |
| Comunidade                                   | 21         | 14         | 13         |           | 22         | 70           |
| Discapacidade                                | 13         | 5          | 2          |           | 2          | 22           |
| Igualdade                                    |            |            |            | 5         |            | 5            |
| Inclusión                                    | 3          | 1          | 1          |           | 4          | 9            |
| Infancia                                     | 135        | 55         | 43         |           | 95         | 328          |
| Maiores                                      | 62         | 60         | 47         |           | 40         | 209          |
| Menores                                      | 5          | 2          | 5          |           | 7          | 19           |
| <b>Iniciativa social</b>                     | 249        | 103        | 113        | 1         | 216        | 682          |
| Comunidade                                   | 1          |            |            |           | 2          | 3            |
| Discapacidade                                | 97         | 30         | 32         |           | 79         | 238          |
| Igualdade                                    |            | 3          | 1          | 1         |            | 5            |
| Inclusión                                    | 68         | 18         | 19         |           | 56         | 161          |
| Infancia                                     | 25         | 3          | 2          |           | 30         | 60           |
| Maiores                                      | 40         | 30         | 48         |           | 22         | 140          |
| Menores                                      | 18         | 19         | 11         |           | 27         | 75           |
| <b>Total</b>                                 | <b>665</b> | <b>298</b> | <b>333</b> | <b>6</b>  | <b>577</b> | <b>1.879</b> |

(1) datos a 31 decembro

(2) fai referencia a entidades que teñen o seu domicilio social fora de Galicia

Fonte: Consellería de Política Social e Igualdade

#### ■ 4.2.11.

de subscribir un convenio especial coa Seguridade Social, sempre que non estean dados de alta noutro réxime da Seguridade Social a tempo completo, que non se atopen en situación de desemprego ou que non reciban determinadas prestacións. A reforma do mencionado RD, que entrou en vigor o 1 de abril de 2019, estableceu que a Administración Xeral do Estado asumiría o pagamento das cotas do convenio especial dos cuidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia, o que explica o significativo aumento no número de afiliacións ao dito convenio en Galicia desde esa data. Como se aprecia no **cadro 4.2.12.**, no último ano Galicia conta con 7.810 persoas cuidadoras nesta situación, 1.707 persoas máis que no ano anterior, concentrándose en Galicia o 7,9% de cuidadores non profesionais do Estado, oito décimas porcentuais máis que no ano anterior.

As persoas con discapacidade enfróntanse con frecuencia a desigualdades que afectan de maneira directa á súa estabilidade económica e ás súas oportunidades de inclusión social, situándose nunha posición de especial desvantaxe. Aínda que existen mecanismos de protección, como axudas económicas e servizos específicos, estes non sempre son suficientes para eliminar completamente estas dificultades. Neste escenario, os centros de atención especializados convértense nun apoio fundamental, ao ofrecer recursos e acompañamento que contribúen a mellorar a súa calidade de vida.

**Coidadores non profesionais: afiliados en alta na Seguridade Social 2019-25 <sup>(1)</sup>**

|      | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | España | Galicia /<br>España<br>(%) |
|------|---------|----------|------|---------|------------|--------|----------------------------|
| 2019 | 2.976   | 1.237    | 363  | 294     | 1.082      | 55.051 | 5,4                        |
| 2020 | 3.576   | 1.464    | 435  | 315     | 1.362      | 60.293 | 5,9                        |
| 2021 | 4.296   | 1.810    | 492  | 327     | 1.667      | 67.225 | 6,4                        |
| 2022 | 4.687   | 1.915    | 518  | 365     | 1.889      | 69.605 | 6,7                        |
| 2023 | 5.328   | 2.152    | 568  | 459     | 2.149      | 77.231 | 6,9                        |
| 2024 | 6.103   | 2.419    | 642  | 657     | 2.385      | 86.509 | 7,1                        |
| 2025 | 7.810   | 3.028    | 844  | 904     | 3.034      | 98.598 | 7,9                        |

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

A Disposición Transitoria decimoterceira do Real Decreto-Lei 20/2012 establece que os convenios especiais no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais extinguiranse o día 31 de agosto de 2012, agás que o subscritor solicite expresamente o mantemento do mesmo; neste caso, dende o día 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2012 a cotización terá unha redución do 10%, estando o 5% restante da cota a cargo da Administración e o 85% a cargo do coidador. A partir do día 1 de xaneiro de 2013, o convenio especial será a cargo exclusivamente do coidador profesional.

Fonte: Seguridad Social, *Series de Cuidadores No Profesionales*

## 4.2.12.

No ano 2025 (**cadro 4.2.11.**), o número de centros de atención a persoas discapacitadas en Galicia é de 265, igual que no ano precedente, dos que 22 son de titularidade pública e 5 corresponden a centros de iniciativa privada con ánimo de lucro, a gran maioría de centros (238) son centros de iniciativa social.

## Familia e infancia

A última *Enquisa estrutural de fogares* do IGE, que recolle os datos de 2024, mostra que a pesar da caída en comparación co ano anterior, a forma de fogar máis habitual en Galicia é a composta por parellas con fillos, que representan o 28,1% do total. A continuación, atópanse os fogares formados por parellas sen fillos, cun 25,2%, seguidos dos fogares unipersoais, que constitúen o 24,3%. Segundo se observa no **cadro 4.2.13.**, se se analiza a evolución desde 2019, destaca que o aumento da peso das parellas sen fillos, que pasaron de representar un 23,1% en 2019 a un 25,2% en 2024, e a perda de peso dos fogares compostos por unha parella con fillos, que pasa do 30,8% en 2019 ao 28,1% do total no ano 2024.

A tipoloxía dos fogares dunha área está influída polo crecemento vexetativo, o envellecemento da poboación, así como por factores económicos e o acceso á vivenda. No que respecta ao crecemento vexetativo, no último ano aumenta o número de fogares que rexistran altas, pasando de 24.878 fogares en 2023 a 25.997 no ano seguinte, sendo consecuencia de nacementos, adopcións ou acollementos o 40,5% das altas rexistradas.

No que respecta á composición dos fogares en función da idade dos seus membros, no 80,2% dos fogares galegos no ano 2024 non residía ningún menor de 16 anos, acadando esta porcentaxe o 83,8% na provincia de Ourense.

### Fogares 2019-24: tipoloxías segundo o tamaño do concello <sup>(1)</sup>

|                           | < 10.000 hb. | Entre 10.000 e 20.000 hb | Entre 20.000 e 50.000 hb. | >50.000 hb | Total      |
|---------------------------|--------------|--------------------------|---------------------------|------------|------------|
|                           | (%)          |                          |                           |            |            |
| <b>Unipersoal</b>         |              |                          |                           |            |            |
| 2019                      | 23,9         | 20,7                     | 20,7                      | 22,5       | 22,3       |
| 2020                      | 23,2         | 19,5                     | 20,2                      | 24,0       | 22,4       |
| 2021                      | 22,9         | 21,3                     | 21,6                      | 24,6       | 23,1       |
| 2022                      | 22,6         | 20,3                     | 19,4                      | 24,3       | 22,3       |
| 2023                      | 25,7         | 20,8                     | 21,6                      | 24,6       | 23,8       |
| 2024                      | 26,4         | 21,9                     | 21,2                      | 25,2       | 24,3       |
| <b>Sen núcleo</b>         |              |                          |                           |            |            |
| 2019                      | 2,6          | 1,4                      | 1,9                       | 2,2        | 2,1        |
| 2020                      | 2,2          | 1,7                      | 2,8                       | 2,5        | 2,3        |
| 2021                      | 2,5          | 1,9                      | 1,6                       | 2,5        | 2,2        |
| 2022                      | 2,8          | 1,5                      | 1,4                       | 2,3        | 2,1        |
| 2023                      | 3,1          | 1,9                      | 1,4                       | 2,5        | 2,4        |
| 2024                      | 3,0          | 1,7                      | 2,5                       | 3,2        | 2,8        |
| <b>Parella con fillos</b> |              |                          |                           |            |            |
| 2019                      | 25,8         | 33,9                     | 34,6                      | 31,6       | 30,8       |
| 2020                      | 25,6         | 33,4                     | 35,2                      | 30,5       | 30,3       |
| 2021                      | 25,5         | 33,6                     | 34,7                      | 31,0       | 30,4       |
| 2022                      | 26,2         | 33,2                     | 35,6                      | 30,7       | 30,7       |
| 2023                      | 23,7         | 31,5                     | 33,8                      | 28,7       | 28,5       |
| 2024                      | 23,0         | 31,5                     | 33,7                      | 27,8       | 28,1       |
| <b>Parella sen fillos</b> |              |                          |                           |            |            |
| 2019                      | 23,3         | 21,6                     | 23,4                      | 23,6       | 23,1       |
| 2020                      | 25,3         | 25,6                     | 21,3                      | 24,4       | 24,4       |
| 2021                      | 25,0         | 24,4                     | 23,6                      | 23,1       | 24,0       |
| 2022                      | 25,1         | 24,3                     | 23,0                      | 25,3       | 24,7       |
| 2023                      | 25,6         | 24,9                     | 24,3                      | 25,5       | 25,2       |
| 2024                      | 26,8         | 25,2                     | 23,7                      | 24,7       | 25,2       |
| <b>Monoparental</b>       |              |                          |                           |            |            |
| 2019                      | 9,7          | 10,4                     | 10,7                      | 12,5       | 11,1       |
| 2020                      | 8,8          | 9,1                      | 10,8                      | 12,2       | 10,4       |
| 2021                      | 8,4          | 9,3                      | 9,2                       | 11,9       | 10,0       |
| 2022                      | 8,8          | 10,6                     | 10,9                      | 10,8       | 10,2       |
| 2023                      | 9,0          | 10,3                     | 9,9                       | 11,7       | 10,4       |
| 2024                      | 9,2          | 8,8                      | 10,5                      | 11,2       | 10,1       |
| <b>Un núcleo e outros</b> |              |                          |                           |            |            |
| 2019                      | 9,7          | 7,8                      | 5,8                       | 5,5        | 7,1        |
| 2020                      | 9,8          | 5,8                      | 6,6                       | 4,9        | 6,8        |
| 2021                      | 10,5         | 6,1                      | 6,8                       | 4,7        | 7,0        |
| 2022                      | 8,9          | 6,4                      | 6,9                       | 5,1        | 6,7        |
| 2023                      | 8,3          | 7,0                      | 6,4                       | 4,9        | 6,5        |
| 2024                      | 8,6          | 7,2                      | 5,3                       | 5,1        | 6,5        |
| <b>Varios núcleos</b>     |              |                          |                           |            |            |
| 2019                      | 5,0          | 4,3                      | 2,9                       | 2,2        | 3,5        |
| 2020                      | 5,0          | 4,9                      | 3,2                       | 1,6        | 3,4        |
| 2021                      | 5,3          | 3,5                      | 2,5                       | 2,2        | 3,4        |
| 2022                      | 5,6          | 3,7                      | 2,9                       | 1,7        | 3,4        |
| 2023                      | 4,6          | 3,7                      | 2,6                       | 2,2        | 3,2        |
| 2024                      | 3,0          | 3,6                      | 3,1                       | 2,8        | 3,1        |
| <b>Total</b>              | <b>100</b>   | <b>100</b>               | <b>100</b>                | <b>100</b> | <b>100</b> |

(1) Datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

## ■ 4.2.13.

Escolas infantís 2025: distribución segundo tipo de iniciativa e provincia

|  | Centros    | Prazas             |               |   |
|--|------------|--------------------|---------------|---|
|  |            | poboación 0-3 anos |               | prazas / poboación<br>(prazas / 100<br>habs.) |
| <b>Iniciativa pública</b>                    | 266        | 17.299             | 59.033        | 29,3  |
| A Coruña                                     | 120        | 8.177              | 25.453        | 32,1  |
| Lugo   | 37         | 2.101              | 6.945         | 30,3  |
| Ourense                                      | 21         | 1.397              | 5.668         | 24,6  |
| Pontevedra                                   | 88         | 5.624              | 20.967        | 26,8  |
| <b>Iniciativa privada con ánimo de lucro</b> | 177        | 9.833              | 59.033        | 16,7  |
| A Coruña                                     | 72         | 4.156              | 25.453        | 16,3  |
| Lugo   | 19         | 861                | 6.945         | 12,4  |
| Ourense                                      | 24         | 1.137              | 5.668         | 20,1  |
| Pontevedra                                   | 62         | 3.679              | 20.967        | 17,5  |
| <b>Iniciativa social</b>                     | 59         | 3.631              | 59.033        | 6,2   |
| A Coruña                                     | 25         | 1.451              | 25.453        | 5,7   |
| Lugo   | 3          | 101                | 6.945         | 1,5   |
| Ourense                                      | 2          | 90                 | 5.668         | 1,6   |
| Pontevedra                                   | 29         | 1.989              | 20.967        | 9,5   |
| <b>Total</b>                                 | <b>502</b> | <b>30.763</b>      | <b>59.033</b> | <b>52,1</b>                                   |
| A Coruña                                     | 217        | 13.784             | 25.453        | 54,2  |
| Lugo   | 59         | 3.063              | 6.945         | 44,1  |
| Ourense                                      | 47         | 2.624              | 5.668         | 46,3  |
| Pontevedra                                   | 179        | 11.292             | 20.967        | 53,9  |

Fonte: Consellería de Política Social e Igualdade

■ 4.2.14.

Ao examinar a distribución por idades dos fogares, cómpre subliñar a relevancia das prazas nas escolas infantís, dado que tanto a súa dispoñibilidade como a súa demanda están directamente vinculadas ao número de nenos en idade temperá e á configuración das familias. Un aumento dos fogares con crianzas pequenas tradúcese nunha maior necesidade deste tipo de servizos; á súa vez, a existencia dunha oferta suficiente de prazas, xunto con políticas orientadas a incentivar a natalidade, constitúe un elemento esencial para asegurar o benestar e o desenvolvemento das novas xeracións. Deste xeito, a planificación e a distribución destas prazas resultan fundamentais para dar resposta ás demandas reais das familias.

En Galicia en 2025 (**cadro 4.2.14.**), o número de escolas infantís mantense en 502, igual que no ano anterior, situándose o número de prazas ofertadas nas 30.763, 125 máis que en 2024. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos cae lixeiramente, acadando 59.033 nenos e nenas en 2025, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 52,1, case dous (1,6) puntos porcentuais por riba do rexistrado no ano anterior. A Coruña sitúase como a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 217 centros existentes ofrecen unha rateo de 54,2 prazas, séguelle Pontevedra, con 53,9 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e Ourense e Lugo, con 46,3 e 44,1 prazas por cada 100 nenos menores de 3 anos. No que respecta aos datos re-

### Denuncias por violencia de xénero 2024-25

|   | 2025         | 2024         | 2025/24        |               |
|---|--------------|--------------|----------------|---------------|
|   |              |              | (%)            |               |
| Presentada directamente pola vítima                     | 44           | 95           | - 51           | - 53,7        |
| Presentada directamente por familiares                  | -            | 10           | - 10           | - 100,0       |
| Atestados policiais - con denuncia vítima               | 4.868        | 5.530        | - 662          | - 12,0        |
| Atestados policiais - con denuncia familiar             | 96           | 130          | - 34           | - 26,2        |
| Atestados policiais - por intervención directa policial | 675          | 1.247        | - 572          | - 45,9        |
| Parte de lesións  | 183          | 375          | - 192          | - 51,2        |
| Servicios asistencia-Terceiros en xeral                 | 78           | 215          | - 137          | - 63,7        |
| <b>TOTAL</b>  | <b>5.944</b> | <b>7.602</b> | <b>- 1.658</b> | <b>- 21,8</b> |

Data consulta: 12-2-2026

Fonte: Ministerio de Igualdad, Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género

#### ■ 4.2.15.

lativos á titularidade dos centros, no ano 2025 o 53% dos centros infantís galegos son de iniciativa pública (266 centros) e concentran o 56,2% das prazas (17.299 prazas), de xeito que o número de prazas públicas por cada cen nenos de 0-3 anos é de 29,3 prazas.

### Violencia de xénero e violencia doméstica

A Lei 1/2004, do 28 de decembro, sobre medidas de protección integral contra a violencia de xénero, define a violencia de xénero como a expresión da desigualdade e a discriminación exercida nas relacións de poder entre homes e mulleres. Esta violencia exerceuse sobre as mulleres por parte dos que foron ou son as súas parellas, ou por aquelas cos que mantiveron unha relación afectiva similar, mesmo sen convivencia. A lei inclúe actos de violencia física, psicolóxica, agresións sexuais, ameazas, coaccións e a privación de liberdade de maneira arbitraria.


Para avaliar a magnitude da violencia de xénero na sociedade, pódese recorrer a varios indicadores, como o número de chamadas ao servizo telefónico de atención 016, a cantidade de denuncias presentadas e, por suposto, as vítimas mortais desta violencia.

No caso de Galicia, en 2025 rexistráronse un total de 5.653 consultas pertinentes ao servizo 016, que ofrece información, apoio xurídico e atención psicosocial inmediata ás mulleres vítimas de violencia. Este número supón un aumento de 383 consultas respecto ao ano anterior. Das consultas, 4.373 foron realizadas directamente polas mulleres afectadas (77%), mentres que 1.025 proviñeron de familiares ou persoas próximas (18%).

Outro factor que reflicte a evolución da violencia de xénero é o total de denuncias formalizadas. En 2025 descende o número de denuncias por violencia de xénero en Galicia, presentándose un total de 5.944 denuncias (**cadro 4.2.15.**), o que supón unha variación interanual do -21,8% (1.658 denuncias menos).

Os datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero reflicten o descenso do nú-

Evolución de procedimientos incoados de menores 2015-2024



Fonte: Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, Memoria 2025 (ejercicio 2024)

#### ■ 4.2.16.

mero de denuncias presentadas a través de todas as canles, sendo salientable o descenso do 12% (662 denuncias menos) presentadas a través de atestado policial con denuncia da vítima.

Finalmente, segundo os datos da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero no ano 2025 lamentáronse dúas mulleres vítimas mortais en Galicia por mor de violencia de xénero (cinco no ano anterior).

No ano 2025 incoáronse un total de 1.415 ordes de protección, 404 menos que no ano anterior, descendendo o número de ordes resoltas favorablemente ata as 956 (227 ordes menos); tamén descende o número de ordes denegadas, que se sitúa en 456 (168 menos que en 2024).

A *Estatística de violencia doméstica e violencia de xénero* do INE mostra datos segundo grupos de idade, que reflicten que o 1,3% das vítimas de violencia de xénero con ordes de protección ou medidas cautelares en Galicia en 2025 son persoas menores de 18 anos (17 persoas). Así mesmo en 2025 rexistráronse 92 menores (fillos, en garda ou custodia ou que conviven) vítimas de violencia de xénero correspondentes aos asuntos dos que se tiñan ditado medidas cautelares ou ordes de protección; o número de menores vítimas caeu un 30% en relación ao ano anterior, pasando de 131 menores vítimas aos citados 92 no ano 2025.

#### • **Violencia doméstica**

O artigo 173.2 do Código Penal define a violencia doméstica como calquera acto de violencia física ou psicolóxica exercida por homes ou mulleres sobre membros do fogar, sen incluír os casos específicos de violencia de xénero. Este tipo de violencia pode afectar a diferentes persoas que conviviron ou conviven no ámbito familiar.

En Galicia en 2025 descende o número de vítimas en asuntos de violencia doméstica fronte a o aumento rexistrado en España. En 2025 rexistráronse en Galicia un total de 363 vítimas en asuntos de violencia doméstica, 21 menos que no ano anterior, o que representa o 3,8% do total estatal. Este descenso en Galicia rexístrase tanto no caso de vítimas masculinas (14 menos) como no número de vítimas femininas (7 menos), situándose o número de mulleres vítimas de violencia doméstica en 233 (o 64,2% do total) e en 130 no caso dos homes (o 35,8% restante).

Atendendo ao tipo de infraccións penais imputadas á persoa denunciada, tanto en Galicia como en España as máis elevadas son as de lesións, seguidas das de torturas e integridade moral e en terceiro lugar, as de ameazas. En Galicia, das 318 infraccións penais imputadas un total de 159 corresponden a lesións (o 50%), seguidas en importancia numérica por 69 infraccións consideradas como torturas e integridade moral (21,7%), e por 47 infraccións por ameazas (o 14,8%).

Fronte á caída rexistrada nos asuntos incoados, no ano 2025 rexistrouse un aumento do 28,5% no número de persoas condenadas con sentenza firme por delitos de violencia doméstica, respecto ao ano anterior (109 sentencias firmes máis), acadando as 492 sentencias, o 4,6% do total estatal.

Analizando as persoas condenadas por grupos de idades, o número de persoas condenadas aumenta en todos os grupos de idade, agás entre os menores de 18 anos e os maiores de 65. Salientar o incremento no grupo de idade de persoas entre 25 e 44 anos, con 52 sentencias firmes máis, o que supón un crecemento do 24,9%.

No que respecta á distribución por xénero, en 2025 aumentan as sentenzas firmes tanto entre homes coma mulleres. No último ano rexistráronse 295 sentencias firmes entre os homes, 39 máis que no ano anterior, e 197 no caso das mulleres, 70 máis que en 2024.

Atendendo á desagregación segundo xénero, cómpre mencionar que máis de seis de cada dez vítimas de violencia doméstica en Galicia son mulleres (en concreto, o 64,2%). Dentro do colectivo feminino vítima de violencia doméstica, o grupo de idade onde se rexistran un maior número de vítimas é de 45 a 64 anos e de 65 e máis anos, con 67 mulleres en ambos intervalos; no caso dos homes vítimas de violencia doméstica o colectivo cun maior número de vítimas é o comprendido entre 45 a 64 anos, con 37 homes con orde de protección ou medidas cautelares.

### **Atención a menores**

Os datos da memoria de 2025 da Fiscalía da Comunidade Autónoma, correspondentes ao exercicio 2024 (último dato dispoñible), recollen unha cifra global de 4.068 procedementos de menores incoados por delito na nosa Comunidade Autónoma, o que supón un aumento do 7,4% en relación ao ano anterior. Atendendo ao tipo de procedemento, no ano 2024 houbo 3.102 dilixencias preliminares, o que supón un aumento do 7,1% respecto ao ano precedente (205 máis), rexistrándose tamén un aumento no caso dos expedientes de reforma, que acadan os 966 expediente (74 máis).

**Expedientes de Protección de menores en Galicia 2024**

|  |                      | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia |
|--|----------------------|----------|------|---------|------------|---------|
| Menores en risco                                       | Incoado no ano       | 725      | 68   | 328     | 569        | 1.690   |
|  | Pendientes final ano | 309      | 146  | 400     | 581        | 1.436   |
| Menores en garda                                       | Incoado no ano       | 129      | 16   | 33      | 161        | 339     |
|  | Pendientes final ano | 203      | 12   | 32      | 134        | 381     |
| Menores en tutela                                      | Incoado no ano       | 203      | 72   | 70      | 116        | 461     |
|  | Pendientes final ano | 607      | 195  | 193     | 559        | 1.554   |
| Acollemento (sen garda ou tutela)                      | Incoado no ano       | -        | -    | -       | -          | -       |
|  | Pendientes final ano | -        | -    | -       | -          | -       |
| Determinación de idade                                 | Incoado no ano       | 17       | 4    | 11      | 10         | 42      |
|  | Pendientes final ano | -        | 2    | 1       | 2          | 5       |
| Dilixencias preprocesuais                              | Incoado no ano       | 4        | -    | 9       | -          | 13      |
|  | Pendientes final ano | -        | -    | -       | -          | -       |
| Procesos de ensaios clínicos/investigacións biomédicas | Incoado no ano       | -        | -    | -       | -          | -       |
|  | Pendientes final ano | 4        | -    | -       | -          | 4       |
| Visitas a centros de protección                        |                      | 21       | 25   | 27      | 14         | 87      |
| Vista a recursos penais                                |                      | -        | -    | -       | -          | -       |
| Total  | Incoado no ano       | 1.099    | 185  | 478     | 870        | 2.632   |
|  | Pendientes final ano | 1.209    | 769  | 626     | 1.276      | 3.880   |

Fonte: Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, *Memoria 2025 (exercicio 2024)*

**4.2.17.**

Segundo a estatística da fiscalía, os delitos e faltas máis importantes quantitativamente son, os delitos de lesións con 622 delitos incoados, seguidos dos delitos contra o patrimonio dos (612), e violencia familiar, tanto doméstica como de xénero (254), así como os delitos por agresión sexual (222).

Finalmente, no que respecta ás medidas de protección do menor, o **cadro 4.2.17.** mostra os datos sobre expedientes de protección de menores. Cuantitativamente destacan os expedientes de protección abertos a menores en situación de risco, con 1.690 expedientes en 2024; os expedientes de tutela incoados tras comunicación das entidades públicas, con 461, e os expedientes de garda incoados tras comunicación das entidades públicas con 339. □

## 4.3. Cobertura social

**A situación económica actual, marcada pola inestabilidade e polo continuo** aumento dos prezos, especialmente no ámbito da vivenda, está a intensificar as desigualdades sociais en numerosos territorios. Neste contexto, a cobertura social convértese nun elemento fundamental, xa que permite amortecer o impacto do encarecemento da vida, especialmente nos colectivos máis vulnerables. Sen un sistema de protección axeitado, a fenda entre as distintas clases sociais veríase aínda máis ampliada, poñendo en risco a cohesión social.

Así, a cobertura social configúrase como unha ferramenta esencial para garantir a equidade e a xustiza social, asegurando que todas as persoas poidan acceder a uns mínimos vitais independentemente da súa situación económica. A través das distintas prestacións e mecanismos de apoio, o sistema público cumpre unha función clave de protección e redistribución. Esta realidade resulta especialmente evidente en territorios como Galicia, onde a cobertura social representa, en moitos casos, o principal soporte económico para numerosas familias, evidenciando a necesidade de reforzar e consolidar un sistema sólido e accesible.

No ano 2024, segundo os datos proporcionados pola Enquisa estrutural a fogares publicada polo IGE, o 41,9% dos ingresos dos fogares galegos proceden de prestacións, porcentaxe que acadou o 48,7% na provincia de Ourense. Así mesmo, no 29,3% dos fogares galegos o 100% dos seus ingresos provén das prestacións, acadando esta porcentaxe na provincia de Ourense o 38,1%. Ademais para o 41,6% dos fogares galegos as prestacións representan máis da metade dos seus ingresos, e no 33,1% dos fogares as prestacións representaban no ano 2024 máis do 75% dos ingresos totais do fogar.

O sistema de cobertura social en España está baseado nun modelo mixto que combina presta-

**Prestacións 2024-25: distribución segundo tipo de cobertura**

|  | Número                           |       | Importe medio       |          |
|--|----------------------------------|-------|---------------------|----------|
|  | 2025                             | 2024  | 2025                | 2024     |
|  | <i>(medias anuais, en miles)</i> |       | <i>(en € / mes)</i> |          |
| <b>Pensións contributivas</b>  | 785,0                            | 777,8 | 1.126,72            | 1.075,34 |
| Incapacidade permanente  | 82,2                             | 75,5  | 1.095,77            | 1.054,96 |
| Xubilación   | 489,3                            | 488,1 | 1.290,41            | 1.230,56 |
| Viuvez   | 183,3                            | 184,0 | 796,45              | 760,85   |
| Orfandade e favor familiar   | 30,2                             | 30,2  | 563,26              | 533,88   |
| <b>Pensións non contributivas</b>  | 36,5                             | 37,1  |                     |          |
| Invalidez  | 12,0                             | 13,1  | 520,80              | 486,22   |
| Xubilación   | 24,5                             | 24,0  | 472,92              | 441,95   |
| <b>Prestacións sociais e económicas para persoas con discapacidade (1)</b> | 0,1                              | 0,1   |                     |          |
|  | <i>(datos a 31-12, en miles)</i> |       | <i>(en € / mes)</i> |          |
| <b>Prestacións por desemprego *</b>  | 81,9                             | 81,7  |                     |          |
| Contributivas  | 39,3                             | 38,7  | 1.000,20            | 971,50   |
| Subsidios  | 41,3                             | 39,0  | 480,00              | 480,00   |
| Renta activa de inserción  | 1,2                              | 4,0   | 480,00              | 480,00   |
|  | <i>(beneficiarios anuais)</i>    |       |                     |          |
| <b>RISGA</b>   | 3.960                            | 4.896 | 503,21              | 502,87   |
| <b>AIS</b>   | 2.845                            | 3.270 | 1.182,16            | 1.203,35 |

(\*) A contía media das prestacións asistenciais (subsídios, renda agraria, RAI e PAE), é do 80% do IPREM=480,00 euros (16 € x 30 días)

(1) RDL 1/2013 de 29 de novembro que deroga a Lei 13/1982 de 7 de abril de Integración Social de Minusválidos (LISMI) pasando a denominarse: Prestacións económicas para persoas con discapacidade

RISGA: Renda de integración social de Galicia

AIS: Axudas de inclusión social. Pago único.

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social e Consellería de Política Social e Igualdade

**4.3.1.**

cións contributivas e non contributivas para garantir a protección social dos cidadáns. As prestacións contributivas están vinculadas á cotización á Seguridade Social, e inclúen pensións de xubilación, incapacidade permanente e prestacións por desemprego, entre outras. Estas prestacións dependen das achegas previas do traballador ao sistema, e o seu importe varía en función das cotizacións realizadas ao longo da súa vida laboral. Pola súa parte, as non contributivas están dirixidas a persoas que non teñen acceso a prestacións contributivas ou que, a pesar de ter cotizado, non alcanzan os requisitos necesarios para obter as axudas. Estas prestacións, como as pensións non contributivas ou as axudas por necesidades básicas, teñen un carácter máis asistencial e están orientadas a garantir un mínimo nivel de benestar para os colectivos máis vulnerables. Ambas as dúas fórmulas xogan un papel fundamental no sistema de seguridade social español, proporcionando unha rede de protección para a poboación.

Para iniciar a análise da cobertura social, analizaranse os datos sobre as prestacións económicas contributivas, que constitúen un dos pilares fundamentais do sistema de protección social; neste senso, no ano 2025 o número de pensións contributivas en Galicia aumenta lixeiramente (0,9%), manténdose o peso sobre o total estatal no 7,6%; o importe medio das pensións con-

tributivas en Galicia é só o 85,9% da media estatal, dúas décimas máis que no ano anterior.

Xunto a estas pensións contributivas analízanse as prestacións por desemprego, que son unha das formas máis relevantes de protección para os traballadores que perden o seu posto de traballo, sempre que teñan cumprido os requisitos de cotización establecidos. Rompendo a tendencia de anos anteriores, mantense relativamente estable, cun aumento do 0,1% o número de beneficiarios, fronte á redución dos niveis de desemprego.

Por outra parte, as prestacións non contributivas, como as pensións non contributivas ou os subsidios por insuficiencia de cotizacións, xogan un papel fundamental para aqueles que non teñen acceso ás prestacións contributivas ou non cumplan os requisitos establecidos para poder beneficiarse delas. Estas axudas están orientadas a ofrecer unha rede de protección básica ás persoas en situación de vulnerabilidade económica, como os parados de longa duración ou aqueles que non dispoñen de recursos suficientes para garantir o seu sustento. Neste ámbito, no ano 2025 en Galicia continúan co descenso do número de beneficiarios, pola caída do número de persoas con prestacións por invalidez xa que os beneficiarios de prestacións por xubilación aumentan levemente o seu número, tamén se analizan as prestacións sociais e económicas derivadas da Lei de Integración social das persoas con discapacidade, as prestacións familiares e o Ingreso Mínimo Vital.

## **Pensións contributivas**

As pensións contributivas son un dos elementos principais do sistema de seguridade social en España, e xogan un papel esencial na protección económica das persoas que, tras un período de cotización, experimentan unha situación de incapacidade, xubilación ou desemprego. Segundo o artigo 137 da Lei Xeral da Seguridade Social, estas prestacións están deseñadas para garantir aos traballadores un nivel mínimo de ingresos cando xa non poden obtelos polos seus medios, xa sexa por causa de xubilación, enfermidade ou incapacidade laboral.

As pensións contributivas, que se financian a través das cotizacións realizadas ao longo da vida laboral dos traballadores, constitúen a principal fonte de gasto da Seguridade Social. A súa concesión requiría, por tanto, unha relación previa coa Seguridade Social, e o importe das pensións vén determinado polo histórico de cotizacións realizadas polos traballadores e os seus empregadores. Este sistema asegura que aqueles que teñen contribuído ao sistema durante a súa vida laboral poidan acceder a unha prestación económica acorde coas súas achegas previas, garantíndolles un sustento na súa xubilación ou cando se atopan noutros períodos de incapacidade ou paro.

A estrutura e evolución demográfica determina o aumento paulatino no número de pensións contributivas da Seguridade Social acadando en Galicia no último ano as 785.000 pensións, un 0,9% máis que no ano anterior, un incremento sete décimas inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (1,6%).

O importe medio das pensións contributivas experimentou un incremento significativo debido á revalorización anual establecida por lei. No ano 2025 o importe medio das prestacións con-

**Pensións contributivas en Galicia e España 2024-25: distribución segundo clase**

|                                       | Galicia  |          |       | España    |           |       | G / E |      |
|---------------------------------------|----------|----------|-------|-----------|-----------|-------|-------|------|
|                                       | 2025     | 2024     | 25/24 | 2025      | 2024      | 25/24 | 2025  | 2024 |
| <b>Totais</b>                         |          |          |       |           |           |       |       |      |
| número                                | 785,00   | 777,80   | 0,9   | 10.354,59 | 10.188,82 | 1,6   | 7,6   | 7,6  |
| importe medio                         | 1.126,72 | 1.075,34 | 4,8   | 1.311,70  | 1.255,43  | 4,5   | 85,9  | 85,7 |
| <b>Incapacidade permanente</b>        |          |          |       |           |           |       |       |      |
| número                                | 82,20    | 75,50    | 8,9   | 1.026,94  | 965,41    | 6,4   | 8,0   | 7,8  |
| importe medio                         | 1.095,77 | 1.054,96 | 3,9   | 1.208,64  | 1.163,05  | 3,9   | 90,7  | 90,7 |
| <b>Xubilación</b>                     |          |          |       |           |           |       |       |      |
| número                                | 489,30   | 488,10   | 0,2   | 6.594,14  | 6.484,98  | 1,7   | 7,4   | 7,5  |
| importe medio                         | 1.290,41 | 1.230,56 | 4,9   | 1.506,06  | 1.442,67  | 4,4   | 85,7  | 85,3 |
| <b>Viuvez</b>                         |          |          |       |           |           |       |       |      |
| número                                | 183,30   | 184,00   | -0,4  | 2.348,27  | 2.351,53  | -0,1  | 7,8   | 7,8  |
| importe medio                         | 796,45   | 760,85   | 4,7   | 934,91    | 896,25    | 4,3   | 85,2  | 84,9 |
| <b>Orfandade e favor familiar (2)</b> |          |          |       |           |           |       |       |      |
| número                                | 30,20    | 30,20    | 0,0   | 385,24    | 386,89    | -0,4  | 7,8   | 7,8  |
| importe medio                         | 563,26   | 533,88   | 5,5   | 653,23    | 621,72    | 5,1   | 86,2  | 85,9 |

Consulta: 3-3-2026

(1) o número de pensións está en miles; os importes medios, en euros/mes

(2) a estadística non agrega estas pensións para España

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social*.

### 4.3.2.

tributivas en Galicia incrementouse nun 4,8%, situándose en 1.126,72 euros de media ao mes, unha contía que segue sendo un 14,1% inferior á media estatal, polo tanto, o importe medio das pensións contributivas en Galicia é un 85,9% do importe medio estatal, porcentaxe semellante á do ano anterior, xa que os incrementos do importe medio en Galicia e no conxunto do Estado son tamén semellantes (4,8% e 4,5% respectivamente).

Un ano máis, Galicia é a segunda Comunidade Autónoma co importe medio das pensións contributivas máis baixo, só por diante de Extremadura (1.108,9 euros/mes).

Os efectos negativos, tanto a nivel económico como social, do reducido importe das pensións en Galicia son máis intensos como consecuencia da alta proporción de fogares que dependen exclusivamente das prestacións sociais para satisfacer as súas necesidades. Ademais, o peso destas prestacións na comunidade galega alcanza o 7,6% do total nacional, o que evidencia a súa importancia crucial para garantir a renda das familias no territorio.

As pensións contributivas abranguen as pensións por xubilación, incapacidade permanente, viuvez, orfandade e favor de familiar.

No que respecta ás **pensións contributivas de xubilación**, en Galicia no ano 2025, o 62,3% do total de pensións contributivas son pensións de xubilación, sendo o importe medio de 1.290,41 euros ao mes, o máis elevado de todas as pensións contributivas en Galicia. O número de pensións contributivas por xubilación en Galicia (**cadro 4.3.2.**) foi en 2025 de 489.300, 1.200 máis que no ano anterior, o que supón o 7,4% do total estatal.

O importe medio das pensións por xubilación presenta un incremento interanual do 4,9%, cinco décimas por riba do rexistrado no conxunto de España; un aumento en Galicia lixeiramente superior a media do Estado, que non evita que se siga ampliando o diferencial coa media estatal que se sitúa en 215,6 euros (212,1 euros no ano anterior), e que mantén a Galicia xunto con Extremadura (1.273,9 euros), como as Comunidades co importe medio máis reducido das pensións contributivas por xubilación de todo o Estado e cun maior diferencial coa media estatal.

No que respecta ás pensións de **incapacidade permanente**, estas son prestacións contributivas que tratan de cubrir a perda de ingresos que sofre unha persoa traballadora cando por enfermidade ou accidente se reduce ou anula a súa capacidade laboral. Esta incapacidade permanente pode ser parcial, total, absoluta ou grande invalidez. No ano 2025 rexístranse en Galicia 82.200 pensións contributivas por incapacidade permanente, ascendendo o seu importe medio mensual a 1.095,77 euros, o que supón 112,9 euros menos que o importe medio en España. A pesar do incremento do 3,9% no importe medio destas pensións, Galicia é a segunda Comunidade Autónoma cun menor importe medio, só por diante de Extremadura (1.035,4 euros).

As **prestacións por morte e supervivencia** son as pensións que se conceden en caso de morte do traballador, calquera que fose a súa causa, e poden ser pensións por viuvez, orfandade e pensións vitalicia ou subsidios temporais en favor de familiares.


Un ano máis, en 2025 o número de pensións contributivas de viuvez en Galicia redúcese moi lixeiramente, acadando as 183.300 (o 7,8% do total estatal), aumentando o seu importe medio mensual ata os 796,45 euros, un 4,7% máis que no ano anterior, o que non impide que se manteña como o máis reducido do conxunto do Estado, con 138,5 euros menos ao mes que a media estatal. As pensións de orfandade e favor familiar, que presentan datos conxuntamente, rexístran 30.200 pensións en Galicia (o 7,8% do total de España) ascendendo o seu importe medio a 563,26 euros mensuais, un 5,5% máis que no ano anterior.

As pensións contributivas están vinculadas directamente ás cotizacións realizadas ao longo da vida laboral dos traballadores e a súa contía varía en función do réxime de cotización ao que pertencen, xa que existen diferentes modalidades que determinan as bases e os requisitos necesarios para acceder ás distintas prestacións. Neste senso, é crucial analizar as pensións contributivas atendendo ao réxime de cotización, dado que cada un deles presenta particularidades que inflúen de maneira significativa na cuantificación das pensións e no seu impacto sobre os beneficiarios.

Neste senso, no ano 2025 en relación ao ano anterior, en Galicia aumentan as pensións procedentes do Réxime Xeral un 2,4% ata as 471.499,3, diminuíndo novamente as do Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), que se sitúan en 230.965 pensións.

O 60,1% do total de pensións en 2025 pertencen ao Réxime Xeral, un 0,9% máis que no ano anterior, fronte ao descenso do 1,4% no número de pensións do RETA que representa o 29,4% do total de pensións. No conxunto do Estado, o Réxime xeral acolle ao 74,8% do total de pensións contributivas e o RETA o 19,4%.

**Pensións contributivas 2008-25<sup>(1)</sup>: distribución segundo clase de pensión**



(1) medias anuais, en miles  
 Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Pensiones contributivas a la Seguridad Social*

### 4.3.3.


A medra interanual do 0,9% no total de pensións contributivas en Galicia en 2025 ven motivada polo incremento do 2,4% no número de pensións no réxime xeral (11.270 máis), que compensa a redución experimentada no Réxime Especial de autónomos, con 3.263 pensións menos, o descenso de 633 pensións no caso do SOVI e de 345 no Réxime do mar.

No conxunto do Sistema, o importe medio das pensións contributivas no último ano ascende en Galicia a 1.127 euros mensuais, o que supón un aumento do 4,8%, tres décimas superior á media española, un diferencial de crecemento que non permite pechar a fenda existente co importe medio Estatal, que no último ano segue medrando. Así mesmo, o reducido importe medio das pensións contributivas en Galicia afecta en maior medida ao colectivo de mulleres que representan o 54,2% do total de pensións contributivas rexistradas en Galicia no último ano cun importe medio de 931,9 euros, 441,6 euros mensuais menos que a pensión media para os homes, o 47,7% menos.

Tendo en conta o réxime de cotización, o importe medio das pensións contributivas no réxime xeral ascendeu a 1.277,5 €/mes (1.427,3 €/mes no conxunto do Estado) e a 797,3 euros mensuais no caso do R.E. de Autónomos (908,9 €/mes en España). O importe medio das pensións do RETA en Galicia é un 12,3% inferior á media do Estado. O menor importe das pensións do R.E de traballadores autónomos en Galicia ten unha maior incidencia dado o elevado peso das



### Importe medio das pensións contributivas 2008-25: distribución segundo clase de pensión



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, *Pensiones contributivas a la Seguridad*

#### 4.3.4.

afiliacións a este réxime en Galicia ( 29,4% en Galicia fronte ao 19,1% do total no Estado).

O peso relativo das pensións dentro do Réxime especial de traballadores do mar en Galicia é máis de cinco veces superior que no conxunto do Estado; así en Galicia este réxime acolle ao 6,6% do total das pensións fronte ao 1,1% de media no Estado; a pesar do descenso no último ano, o 44,9% do total de pensións contributivas neste réxime no Estado, localízanse en Galicia. No ano 2025, o número de pensións descendeu levemente ata as 51.898 (1,4% menos que no ano anterior) e o seu importe medio, tras unha medra do 4,1%, acada os 1.233,3 euros mensuais, un 8,1% por baixo da media estatal.

A análise do importe medio das pensións segundo o xénero, **cadro 4.3.5.**, mostra que, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, o importe medio das pensións é maior nas pensións contributivas dos homes que nas das mulleres en todos os réximes de afiliación. Tendo en conta o volume de afiliación, son especialmente significativos os casos do réxime xeral e o R.E. de traballadores autónomos. No que respecta ao réxime xeral, o número de pensións recibidas por mulleres son 20.420,8 máis que por homes, e o seu importe medio ascende a 1.060,2 euros fronte aos 1.514,4 euros dos homes, é dicir, 454,2 euros menos ao mes, ampliándose a diferenza respecto do ano anterior. No concernente aos traballadores autónomos, o número de pensións das mulleres é superior ao dos homes (141.353 mulleres fronte a 89.611 homes) o importe medio das pensións das mulleres é de 707,5 euros cando entre os homes ascende a 939 euros (231,5 euros de diferenza).

Pensións contributivas en Galicia e España 2024-25: distribución segundo réxime e sexo <sup>(1)</sup>

|                                  | Número de pensións<br>2025 |           |           |             |             |             | 25/24   |        |
|----------------------------------|----------------------------|-----------|-----------|-------------|-------------|-------------|---------|--------|
|                                  | Galicia                    |           |           | España      |             |             | Galicia | España |
|                                  | Total                      | Homes     | Mulleres  | Total       | Homes       | Mulleres    |         |        |
| Réxime xeral                     | 471.499,3                  | 225.539,3 | 245.960,0 | 7.744.142,1 | 3.672.547,9 | 4.071.574,2 | 2,4     | 2,2    |
| R. E. de traballadores autónomos | 230.965,1                  | 89.610,9  | 141.353,2 | 2.007.409,3 | 962.047,0   | 1.045.346,0 | -1,4    | 0,8    |
| R. E. de traballadores do mar    | 51.897,7                   | 28.809,4  | 23.088,3  | 115.569,3   | 65.747,0    | 49.821,3    | -0,7    | -1,1   |
| R.E. da minería do carbón        | 1.358,0                    | 739,1     | 618,9     | 57.128,4    | 36.301,5    | 20.826,9    | -0,2    | -2,1   |
| Accidentes de traballo           | 18.681,6                   | 11.214,3  | 7.466,3   | 203.366,0   | 125.696,4   | 77.667,6    | 0,7     | 0,2    |
| Enfermidades profesionais        | 3.551,8                    | 2.229,5   | 1.322,3   | 31.606,6    | 16.899,2    | 14.707,4    | 2,6     | -1,5   |
| SOVI (2)                         | 7.051,9                    | 1.320,4   | 5.731,5   | 195.366,8   | 13.757,5    | 181.609,0   | -8,2    | -7,3   |

|                                  | Importe medio<br>2025 |         |          |         |         |          | 25/24   |        |
|----------------------------------|-----------------------|---------|----------|---------|---------|----------|---------|--------|
|                                  | Galicia               |         |          | España  |         |          | Galicia | España |
|                                  | Total                 | Homes   | Mulleres | Total   | Homes   | Mulleres |         |        |
| Réxime xeral                     | 1.277,5               | 1.514,4 | 1.060,2  | 1.427,3 | 1.700,2 | 1.181,1  | 4,1     | 4,2    |
| R. E. de traballadores autónomos | 797,3                 | 939,0   | 707,5    | 908,9   | 1.052,0 | 777,3    | 5,4     | 5,0    |
| R. E. de traballadores do mar    | 1.233,3               | 1.546,5 | 842,4    | 1.341,3 | 1.657,5 | 923,9    | 4,1     | 4,4    |
| R.E. da minería do carbón        | 1.801,6               | 2.338,2 | 1.160,8  | 2.295,9 | 2.805,0 | 1.408,5  | 2,3     | 4,0    |
| Accidentes de traballo           | 1.213,0               | 1.326,5 | 1.042,7  | 1.327,6 | 1.446,1 | 1.135,9  | 3,8     | 3,6    |
| Enfermidades profesionais        | 1.470,4               | 1.622,4 | 1.214,0  | 1.566,1 | 1.742,4 | 1.363,6  | 3,3     | 2,8    |
| SOVI (2)                         | 520,1                 | 532,2   | 517,3    | 505,5   | 530,4   | 503,6    | 6,0     | 5,9    |

(1) datos anuais; os datos do importe medio están en euros/mes

(2) Seguro obligatorio de velez e invalidez

Fonte: Seguridad Social, *Estadística de pensiones*

■ 4.3.5.

## Outras prestacións do sistema

Ademais, das prestacións contributivas previamente examinadas, o sistema público de protección social xestionado pola Seguridade Social comprende un conxunto adicional de prestacións, tanto de carácter contributivo como non contributivo.

No eido contributivo, sobresaen as prestacións económicas destinadas a cubrir contingencias derivadas de situacións de incapacidade temporal, así como aquelas asociadas ao nacemento e coidado de menores. Entre estas últimas atópanse as prestacións por maternidade e paternidade, as situacións de risco durante o embarazo e a lactación natural, así como as destinadas ao coidado de menores afectados por cancro ou enfermidades graves.

En relación coas prestacións non contributivas, o sistema contempla pensións de xubilación e viuvez dirixidas a persoas que, ao non reunir os requisitos de cotización esixidos para acceder ás prestacións contributivas, se atopan en situación de necesidade. Así mesmo, inclúense neste grupo as prestacións reguladas pola Lei de Integración Social dos Minusválidos (LISMI), así como determinadas prestacións familiares de carácter económico.

O subsidio por incapacidade temporal ten como obxectivo compensar a perda de ingresos de-

### Incapacidade temporal: continxencias comúns 2024-25

|  | 2025     |       |         |            |         | España    |
|--|----------|-------|---------|------------|---------|-----------|
|  | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra | Galicia |           |
| <b>Continxencias comúns (1)</b>                                |          |       |         |            |         |           |
| Nº de procesos en vigor ao final do período considerado        | 35.586   | 9.211 | 7.144   | 26.274     | 78.215  | 1.166.076 |
| Duración media dos procesos finalizados no período             | 77,3     | 92,1  | 69,3    | 80,1       | 78,9    | 41,9      |
| Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos | 23,7     | 19,4  | 25,1    | 24,2       | 23,5    | 33,8      |
| Prevalencia por cada mil traballadores protexidos              | 72,3     | 71,2  | 63,5    | 66,8       | 69,4    | 51,5      |
| <b>2024</b>  |          |       |         |            |         |           |
|  | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra | Galicia | España    |
| <b>Continxencias comúns (1)</b>                                |          |       |         |            |         |           |
| Nº de procesos en vigor ao final do período considerado        | 33.605   | 8.818 | 6.682   | 25.213     | 74.318  | 1.094.084 |
| Duración media dos procesos finalizados no período             | 73,9     | 99,0  | 70,3    | 78,1       | 77,5    | 43,1      |
| Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos | 23,2     | 20,0  | 24,8    | 23,8       | 23,2    | 32,1      |
| Prevalencia por cada mil traballadores protexidos              | 71,3     | 70,5  | 62,2    | 67,5       | 69,0    | 51,0      |
| <b>25/24</b>   |          |       |         |            |         |           |
| Continxencias comúns (1)                                       | 5,9      | 4,5   | 6,9     | 4,2        | 5,2     | 6,6       |

(1) Agás autónomos

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

#### ■ 4.3.6.

rivada da imposibilidade transitoria de desempeñar a actividade laboral, sempre que esta situación requira asistencia sanitaria proporcionada pola Seguridade Social. Poderán acceder a esta prestación as persoas traballadoras afiliadas e en situación de alta no sistema, sempre que acrediten un período mínimo de cotización de 180 días dentro dos cinco anos inmediatamente anteriores á baixa médica, cando esta sexa consecuencia dunha enfermidade común. Pola contra, nos supostos de accidente, laboral ou non, ou enfermidade profesional, non se esixe período previo de cotización.

No conxunto do ano 2025 o número de procesos por incapacidade temporal en vigor por continxencias comúns, (os procesos derivados de continxencias profesionais están analizados no capítulo 2 sobre o mercado de traballo), aumentan un 5,2% respecto ao ano anterior, ascendendo a 78.215 procesos, 3.897 procesos máis que en 2024. Como amosa o **cadro 4.3.6.**, este aumento é lixeiramente inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (6,6%), polo que o seu peso relativo mantense estable en torno ao 6,6%.

No último ano, en Galicia a diferenza do que acontece de media no Estado, aumenta a duración media dos procesos para as continxencias comúns que en Galicia acada os 78,9 días, 1,4 días

**Traballadores protexidos por incapacidade temporal 2024-25 <sup>(1)</sup>**

|                             | 2025                 |            |                            |            |
|-----------------------------|----------------------|------------|----------------------------|------------|
|                             | Continxencias comúns |            | Continxencias profesionais |            |
|                             | Galicia              | España     | Galicia                    | España     |
| <b>Total Sistema</b>        | 1.127.383            | 22.631.857 | 1.082.001                  | 21.326.309 |
| <b>INSS</b>                 | 331.648              | 6.498.195  | 65.009                     | 767.928    |
| <b>ISM</b>                  | 14.943               | 35.034     | 8.469                      | 11.343     |
| <b>Mutuas Colaboradoras</b> | 780.792              | 16.098.628 | 1.008.523                  | 20.547.038 |

|                             | 2024                 |            |                            |            |
|-----------------------------|----------------------|------------|----------------------------|------------|
|                             | Continxencias comúns |            | Continxencias profesionais |            |
|                             | Galicia              | España     | Galicia                    | España     |
| <b>Total Sistema</b>        | 1.076.955            | 21.430.435 | 1.070.492                  | 20.867.140 |
| <b>INSS</b>                 | 285.687              | 5.561.625  | 67.565                     | 793.488    |
| <b>ISM</b>                  | 16.811               | 39.996     | 9.485                      | 12.673     |
| <b>Mutuas Colaboradoras</b> | 774.457              | 15.828.814 | 993.442                    | 20.060.979 |

(1) Finais do período considerado

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

**4.3.7.**

máis que no ano anterior, tempo moi superior ao rexistrado no conxunto de España, con 41,9 días (43,1 días no ano precedente). No ano 2025 a duración media dos procesos de incapacidade temporal por continxencias común en Galicia é un 88% superior á duración media destes procesos de media no Estado español.

Do total de traballadores e traballadoras en alta protexidos por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns en Galicia, **cadro 4.3.7.**, un 69% está cuberto por mutuas, un 29% polo INSS e un 1% polo ISM. A nivel estatal o peso relativo das mutuas é lixeiramente superior ao galego, situándose no 71% e no 28,7% no caso do INSS e o 0,1% do ISM.

No referente ás prestacións e axudas orientadas ao ámbito da familia e da infancia (**cadro 4.3.8.**), cómpre salientar as seguintes:

– Prestacións por nacemento e coidado do menor: Integran as antigas de maternidade e paternidade. Trátase de prestacións de natureza económica destinadas a compensar a perda de ingresos laborais derivada da suspensión do contrato de traballo ou da interrupción da actividade profesional, xa sexa por conta allea ou propia. Esta suspensión prodúcese co obxecto de permitir o goce dos períodos de descanso legalmente recoñecidos con motivo do nacemento dun fillo ou filla, así como en casos de adopción ou acollemento formalizados conforme á normativa vixente. En 2025 en Galicia, o número total de prestacións de nacemento e coidado do menor, ascendeu a 22.484, o que representa o 4,3% do total estatal. No concernente á duración media dos procesos para o primeiro proxenitor nos supostos de maternidade biolóxica, esta ascende a 113,3 días no caso de non compartiren o período de descanso (112,3 de media en España).

### Prestacións relacionadas co nacemento e os cuidados da primeira infancia 2024-25 <sup>(1)</sup>

|  | 2025    |         |         | 2024    |         |         |
|--|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
|  | Galicia | España  | G/E (%) | Galicia | España  | G/E (%) |
| <b>Prestación de nacemento e coidado do menor</b>                    |         |         |         |         |         |         |
| Total da prestación  | 22.484  | 524.714 | 4,3     | 20.238  | 471.644 | 4,3     |
| Primeiro proxenitor  | 11.022  | 241.903 | 4,6     | 9.956   | 220.367 | 4,5     |
| Segundo proxenitor   | 11.462  | 282.811 | 4,1     | 10.282  | 251.277 | 4,1     |
| <b>Risco durante o embarazo</b>                                      |         |         |         |         |         |         |
| Nº de procesos iniciados no período                                  | 2.976   | 59.833  | 5,0     | 3.341   | 64.723  | 5,2     |
| Número de procesos en vigor ao final do período                      | 780     | 16.519  | 4,7     | 1.013   | 20.337  | 5,0     |
| <b>Risco durante a lactancia natural</b>                             |         |         |         |         |         |         |
| Nº de procesos iniciados no período                                  | 44      | 1.059   | 4,2     | 56      | 1.160   | 4,8     |
| Número de procesos en vigor ao final do período                      | 22      | 447     | 4,9     | 25      | 512     | 4,9     |
| <b>Coidado de menores afectados polo cancro ou enfermidade grave</b> |         |         |         |         |         |         |
| Nº de procesos iniciados no período                                  | 162     | 5.533   | 2,9     | 253     | 6.671   | 3,8     |
| Número de procesos en vigor ao final do período                      | 724     | 18.043  | 4,0     | 687     | 16.287  | 4,2     |

(1) acumulado a decembro

Fonte: Seguridad Social

#### ■ 4.3.8.

– Prestacións por risco durante o embarazo: Esta prestación ten por finalidade compensar a perda de rendas derivada da suspensión do contrato de traballo nos casos nos que a traballadora se atopa nunha situación de risco durante o embarazo. Esta situación prodúcese cando, sendo necesario un cambio de posto ou actividade que se adecúe ao seu estado de saúde, devandito cambio non resulte técnica ou obxectivamente viable, ou ben non poida ser razoablemente esixido por causas debidamente xustificadas.

No exercicio 2025, tanto en Galicia como en España produciuse un descenso no número de procesos en vigor. Así, ao peche do período contabilizáronse 780 procesos, o que representa o 4,7% do total estatal, cunha duración media dos procesos finalizados de 92,2 días, lixeiramente inferior á media nacional, situada en 92,5 días.

– Prestacións por risco durante a lactación natural: A finalidade desta prestación é paliar a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactación natural dun menor de ata 9 meses. Esta situación xorde cando, sendo necesario o cambio a un posto ou actividade compatible co estado da traballadora, dito cambio non resulta factible desde un punto de vista técnico ou obxectivo, ou non pode ser razoablemente esixido.

Ao remate do ano 2025, o número de procesos en vigor en Galicia ascendeu a 22, tres menos que no exercicio anterior. A duración media dos procesos finalizados foi de 159,4 días, por encima da media estatal que foi de 146,2 días.

– Prestacións por coidado de menores afectados por cancro ou enfermidade grave: Esta prestación económica recoñece como situación protexida a redución da xornada laboral solicitada polos proxenitores, adoptantes ou acolletores con carácter familiar, preadoptivo ou permanente, sempre que ambos se atopen en situación laboral activa, co obxecto de atender o coidado dun menor ao seu cargo diagnosticado con cancro ou outra enfermidade grave.

A finais de 2025, rexistráronse en Galicia 724 procesos en vigor, o que representa o 4% do total a nivel estatal. A duración media dos procesos finalizados situouse en 749,9 días, por riba da media nacional, que foi de 598 días.

## Pensións non contributivas

As pensións non contributivas configúranse como prestacións económicas de carácter periódico, ben de natureza vitalicia ou de duración determinada, dirixidas a aquelas persoas que non acreditan un período suficiente de cotización, ou mesmo carecen del, que lles permita acceder ás prestacións propias do sistema contributivo da Seguridade Social derivadas da súa actividade profesional.

A súa finalidade esencial radica en garantir un nivel mínimo de protección económica ás persoas que se atopan en situación de necesidade, asegurando, así mesmo, o acceso á asistencia sanitaria e farmacéutica de carácter gratuíto, así como a determinados servizos sociais complementarios. No marco deste réxime distínguense dúas modalidades fundamentais: a pensión de invalidez, orientada a persoas en idade laboral que presentan un grao de discapacidade, e a pensión de xubilación, destinada a persoas de idade avanzada que cumpran cos requisitos legalmente establecidos en materia de idade e residencia.

No último ano continúa a redución no número de persoas beneficiarias de prestacións non contributivas en Galicia. Tras unha caída do 0,3% respecto ao ano anterior, fronte ao incremento do 1,6% no conxunto do Estado. O número total de beneficiarias e beneficiarios destas prestacións foi de 36.524 persoas (o 7,9% do total en España), o que mantén a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma con máis pensións, por detrás de Andalucía, Cataluña, a C. Valenciana, Canarias e Madrid.

A evolución nos dous tipos de pensións non contributivas é dispar: por unha banda, o número de persoas beneficiarias nas pensións de invalidez redúcese un 2,2% en relación ao ano anterior, e, por outra banda, o número de beneficiarios e beneficiarias de pensións por xubilación non contributivas aumentan (0,7%) (**cadro 4.3.9.**).

En relación ao conxunto das pensións non contributivas, en Galicia o 67% das persoas teñen unha pensión de xubilación, en torno a tres puntos porcentuais máis que o que representa no conxunto de España (63,6%) e o restante 33%, de invalidez. O importe medio mensual das pensións non contributivas de xubilación medra un 9,2% respecto ao ano anterior ascendendo a 553,43 euros, incremento porcentualmente semellante ao rexistrado polas pensións por invalidez que, cun 9,6% máis, acadaron os 613,53€ (**cadro 4.3.10.**).

### Beneficiarios de prestaciones no contributivas nas CC.AA. 2019-25 <sup>(1)</sup>


|                   | 2019    | 2020    | 2021    | 2022    | 2023    | 2024    | 2025    |
|-------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| <b>Total</b>      |         |         |         |         |         |         |         |
| Galicia           | 38.660  | 38.230  | 37.525  | 37.103  | 36.866  | 36.630  | 36.524  |
| España            | 452.692 | 449.995 | 446.556 | 445.798 | 447.980 | 453.756 | 460.817 |
| <b>Invalidez</b>  |         |         |         |         |         |         |         |
| Galicia           | 14.404  | 14.055  | 13.574  | 13.132  | 12.787  | 12.312  | 12.035  |
| España            | 193.122 | 188.670 | 184.378 | 179.967 | 175.792 | 171.353 | 167.868 |
| <b>Xubilación</b> |         |         |         |         |         |         |         |
| Galicia           | 24.257  | 24.175  | 23.951  | 23.971  | 24.079  | 24.318  | 24.489  |
| España            | 259.570 | 261.325 | 262.177 | 265.830 | 272.188 | 282.403 | 292.949 |

(1) medias anuais

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Prestaciones no contributivas*

## 4.3.9.

### Promedio mensual das pensións non contributivas 2014-25: distribución segundo clase de pensión <sup>(1)</sup>




(1) medias anuais, en euros

Fonte: IMSERSO, *Pensiones no contributivas de jubilación e invalidez*

## 4.3.10.

Pensións non contributivas por 1.000 habitantes 2018-24 <sup>(1)</sup>



|                 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 |
|-----------------|------|------|------|------|------|------|------|
| <b>Total</b>    | 19,2 | 18,9 | 14,0 | 17,6 | 17,2 | 17,0 | 16,5 |
| <b>ZDP</b>      | 20,5 | 20,2 | 12,7 | 18,4 | 17,9 | 17,6 | 16,7 |
| <b>ZIP</b>      | 17,3 | 17,0 | 13,0 | 15,9 | 15,7 | 15,8 | 15,5 |
| <b>ZPP</b>      | 20,2 | 19,7 | 17,2 | 19,0 | 18,5 | 18,0 | 17,5 |
| <b>Homes</b>    | 13,6 | 13,4 | 13,4 | 12,9 | 12,6 | 12,4 | 11,9 |
| <b>ZDP</b>      | 16,2 | 15,8 | 15,8 | 14,8 | 14,4 | 13,8 | 13,0 |
| <b>ZIP</b>      | 11,1 | 11,0 | 11,1 | 10,7 | 10,7 | 10,6 | 10,4 |
| <b>ZPP</b>      | 13,8 | 13,6 | 13,7 | 13,4 | 13,1 | 12,8 | 12,4 |
| <b>Mulleres</b> | 24,4 | 24,1 | 23,0 | 22,0 | 21,5 | 21,4 | 20,7 |
| <b>ZDP</b>      | 24,2 | 24,1 | 22,9 | 21,5 | 20,9 | 20,9 | 19,9 |
| <b>ZIP</b>      | 23,2 | 22,7 | 21,8 | 20,8 | 20,5 | 20,7 | 20,4 |
| <b>ZPP</b>      | 26,5 | 25,8 | 24,8 | 24,6 | 23,8 | 23,0 | 22,5 |

(1) Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP), Zonas pouco poboadas (ZPP).

Fonte: IGE, *Panorama rural-urbano*

### 4.3.11.

O estudo da evolución das pensións non contributivas no período 2018-2024, expresadas en termos de número de prestacións por cada 1.000 habitantes, permite identificar tendencias relevantes tanto a nivel xeral como en función da densidade poboacional e do sexo das persoas beneficiarias. O **cadro 4.3.11.** reflicte unha tendencia decrecente no conxunto do territorio, pasando de 19,2 pensións non contributivas por cada 1.000 habitantes en 2018 ata as 16,5 pensións/1.000 hb en 2024 (último ano dispoñible). A caída máis acusada rexístrase no ano 2020 (14 pensión/1.000 hb), un ano fortemente condicionado pola crise sanitaria derivada da covid-19. A partir de 2021 obsérvase unha recuperación parcial, sen acadar os niveis previos á pandemia, o que pon de manifesto a vulnerabilidade deste colectivo fronte a situacións de crise.

Máis as cifras amosan diferencias significativas segundo a densidade poboacional da zona:

- As ZDP (Zona Densamente Poboada) presentan rateos superiores á media durante a maior parte do período, con 20,5 pensións por 1.000 habitantes en 2018 e 16,7 en 2024. A elevada demanda nestas zonas pode relacionarse coa maior concentración de poboación en situación de vulnerabilidade urbana.

- As ZIP (Zona Intermedia de Poboación) manteñen os valores máis baixos en todos os anos, con relativa estabilidade no período analizado. A taxa varía entre 17,3 (2018) e 15,5 (2024).
- As ZPP (Zona Pouco Poboada) amosan tamén cifras elevadas, alcanzando as 20,2 pensións por 1.000 habitantes en 2018 e descendendo ata 17,5 en 2024. A presenza significativa de pensións nestas áreas pode estar asociada ao envellecemento da poboación, maiores niveis de despoboamento e menor acceso histórico a empregos estables.

A análise por xénero pon de manifesto unha clara sobrerrepresentación das mulleres como titulares de pensións non contributivas. En 2024, a taxa de pensións non contributivas por cada 1.000 habitantes nas mulleres de Galicia é un 74% superior á dos homes. A comparación entre mulleres e homes amosa unha diferenza constante e significativa na proporción de persoas que reciben pensións non contributivas, independentemente do tipo de zona. En todas as anualidades e áreas poboacionais, as mulleres mostran taxas considerablemente máis elevadas, o que indica unha maior dependencia deste tipo de axudas. Esta disparidade é especialmente evidente nas zonas de baixa poboación (ZPP), onde en 2024 as mulleres presentan unha taxa de 22,5, fronte ao 12,4 dos homes. Nas áreas densamente poboadas (ZDP), a diferenza tamén é relevante, cunha taxa de 19,9 nas mulleres e 13 nos homes. Incluso nas zonas intermedias (ZIP), cunha poboación máis equilibrada, a disparidade segue sendo notable, con 20,4 nas mulleres fronte a 10,4 nos homes. Estes resultados subliñan unha desigualdade de xénero estrutural no acceso ás pensións contributivas, consecuencia das traxectorias laborais máis inestables e fragmentadas das mulleres.

No que respecta ás prestacións sociais e económicas para aquelas persoas con discapacidade que, por non desenvolver unha actividade laboral, non están incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social, o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, contempla os subsidios de garantía de ingresos mínimos (SGIM), subsidios por axuda de terceira persoa (SATP) e subsidios de mobilidade e compensación por gastos de transporte (SMGT).

Estas prestacións descenden de xeito continuado nos últimos anos. As causas da perda do dereito ás prestacións sociais e económicas móvanse fundamentalmente en dúas razóns: o falecemento do beneficiario ou o recoñecemento dun dereito a unha prestación incompatible, de análoga natureza e superior contía. En Galicia o descenso de beneficiarios continúa no ano 2025 cunha caída interanual do 9,2%, sendo o número de prestacións económicas para persoas con discapacidade de 125, fronte ás 141 do ano anterior.

Finalmente, as prestacións familiares están destinadas a cubrir a situación de necesidade económica ou de exceso de gastos que produce, para determinadas persoas, a existencia de responsabilidades familiares e o nacemento ou adopción de fillos en determinados casos. Inclúen as asignacións de pago periódico por fillo ou menor acollido a cargo e as prestacións de pago único por nacemento ou adopción de fillo en caso de familias numerosas, monoparentais ou en casos de nais discapacitadas.

**Beneficiarios de prestacións familiares por nacemento ou adopción de fillo 2024-25**

2025

|                                  | Galicia    |            |           |           |            | España        |
|----------------------------------|------------|------------|-----------|-----------|------------|---------------|
|                                  | Total      | A Coruña   | Lugo      | Ourense   | Pontevedra |               |
| <b>Total</b>                     | <b>425</b> | <b>148</b> | <b>70</b> | <b>45</b> | <b>162</b> | <b>17.638</b> |
| Familias numerosas               | 271        | 87         | 52        | 32        | 100        | 13.236        |
| Familias monoparentais           | 146        | 59         | 17        | 12        | 58         | 4.104         |
| Familias con nais discapacitadas | 8          | 2          | 1         | 1         | 4          | 298           |

2024

|                                  | Galicia    |            |            |           |            | España        |
|----------------------------------|------------|------------|------------|-----------|------------|---------------|
|                                  | Total      | A Coruña   | Lugo       | Ourense   | Pontevedra |               |
| <b>Total</b>                     | <b>697</b> | <b>284</b> | <b>121</b> | <b>66</b> | <b>226</b> | <b>22.161</b> |
| Familias numerosas               | 483        | 191        | 88         | 49        | 155        | 16.948        |
| Familias monoparentais           | 193        | 84         | 28         | 16        | 65         | 4.880         |
| Familias con nais discapacitadas | 21         | 9          | 5          | 1         | 6          | 333           |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

■ **4.3.12.**

As prestacións de pago único por nacemento ou adopción de fillo, nos supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade igual ou superior ao 65%, esixen, na maioría dos casos, acreditar un límite de ingresos. Esta prestación abóase nun pago único, sempre que os ingresos do beneficiario non rebasen os límites establecidos para cada caso. O **cadro 4.3.12.** mostra que en Galicia hai 425 beneficiarios deste tipo de prestacións, o 2,4% do total estatal, dos que o 64% pertencen a familias numerosas (75% en España).

**Prestacións por desemprego**

As prestacións por desemprego amparan a situación dunha persoa que, sendo apta e disposta para traballar, ve interrompida a súa actividade laboral de forma temporal ou definitiva, ou experimenta unha redución da súa xornada laboral, cando menos nun terzo, o que supón unha diminución ou perda do seu salario debido a algunha das causas legalmente recoñecidas como situacións de desemprego. Esta protección é proporcionada mediante a prestación por desemprego no nivel contributivo, así como o subsidio por desemprego no nivel non contributivo.

No último ano, aumenta levemente o número de persoas beneficiarias deste tipo de prestacións, rexistrándose en Galicia un total de 81.857 persoas beneficiarias de prestacións por desemprego, o que representa o 4,5% do total estatal (**cadro 4.3.13.**).

Coa entrada en vigor do Real Decreto-lei 2/2024, a Renda Activa de Inserción (RAI) deixou de existir como programa independente para novas solicitudes o pasado 1 de novembro de 2024, integrándose os seus colectivos beneficiarios (desempregados de longa duración maiores de 45 anos, persoas con discapacidade, vítimas de violencia de xénero ou doméstica e emigrantes retornados) no novo sistema unificado de subsidios asistenciais do SEPE. Malia a supresión de

## Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España 2024-25

|  | 2025    |           | 2024    |           |
|--|---------|-----------|---------|-----------|
|  | Galicia | España    | Galicia | España    |
| <b>Beneficiarios</b>                         | 81.857  | 1.807.401 | 81.732  | 1.797.573 |
| prestación contributiva (1)                  | 39.338  | 864.169   | 38.718  | 840.127   |
| subsídio                                     | 41.273  | 781.000   | 38.967  | 724.109   |
| subsidio de traballadores eventuais agrarios | -       | 70.610    | -       | 76.451    |
| renta agraria                                | -       | 64.889    | -       | 68.756    |
| renta activa de inserción                    | 1.246   | 26.733    | 4.047   | 88.130    |
| <b>Paro rexistrado</b>                       | 113.626 | 2.473.064 | 123.126 | 2.628.093 |
| Paro rexistrado sen emprego anterior         | 10.562  | 230.873   | 11.286  | 242.928   |
| <b>Taxas cobertura (2)</b>                   | 79,4    | 78,1      | 72,6    | 72,6      |

(1) inclúe os traballadores eventuais agrarios

(2) indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:

$\text{beneficiarios prestacións} / (\text{paro rexistrado con experiencia laboral} + \text{beneficiarios subsidios agrarios})$

$(\text{paro rexistrado con experiencia laboral} = \text{paro rexistrado} - \text{paro rexistrado sen emprego anterior})$

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Economía Social

### ■ 4.3.13.

novas altas, a actual normativa garante o mantemento dos dereitos adquiridos para aquelas persoas que xa fosen beneficiarias da RAI con anterioridade á reforma, quen continuarán percibindo a prestación baixo as condicións previas ata esgotar a súa duración recoñecida.

Esta reforma condiciona a caída dos beneficiarios da RAI (2.801 menos que no ano anterior) e o incremento dos beneficiarios do subsidio de desemprego (2.306 máis que en 2024). Así mesmo aumenta lixeiramente o número de beneficiarios de prestacións contributivas que, para Galicia, inclúe aos traballadores eventuais agrarios.


No último ano os beneficiarios e beneficiarias de prestacións contributivas por desemprego aumenta un 1,6% para situarse nas 39.338 persoas, o que representa o 4,6% do total estatal; en tanto que o incremento observado polos beneficiarios de subsidios situouse no 5,9%, acadando as 41.273 persoas beneficiarias (o 5,3% do total de España).

O número de persoas beneficiarias da renda activa de inserción presenta no ano 2025 unha taxa de variación interanual do -69,2%, acadando un total de 1.246 persoas beneficiarias, 2.801 menos que no ano anterior.

Tras esta evolución, o peso relativo dos beneficiarios e beneficiarias da prestación por desemprego que teñen dereito a prestación contributiva e dos subsidios sitúase no 48% e 52% respectivamente.

Analizando as variacións interanuais do total de persoas beneficiarias do conxunto das prestacións por desemprego, contributivas, asistenciais e a renda activa de inserción a nivel provincial, as variacións son nas catro provincias pouco significativas; tendo isto en conta, a provincia de A Coruña rexistra unha diminución das persoas receptoras destas prestacións, observándose lixeiros aumentos nas tres provincias restantes.

Taxa de cobertura en Galicia e España 2017-25 (1)



(1) indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:

$\text{beneficiarios prestaciones} / (\text{paro rexistrado con experiencia laboral} + \text{beneficiarios subsidios agrarios})$

(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado - paro rexistrado sen emprego anterior)

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Economía Social

#### 4.3.14.

Tras esta evolución, Pontevedra concentra o 39,4% do total, superando á Coruña, co 38% do total, e con porcentaxes por riba do once por cento en Ourense e Lugo (11,5% e 11,1% respectivamente).

A nivel provincial o comportamento das distintas prestacións por desemprego é homoxéneo dende o puntos de vista territorial pero non en función do tipo de prestacións, isto é, a Risga diminúe o número de beneficiarios en relación ao ano 2024 nas catro provincias. Os beneficia-

rios das prestacións contributivas por desemprego aumentan en todas as provincias; e os beneficiarios dos subsidios por desemprego aumentan tamén nas catro provincias galegas.

As prestacións contributivas aumentan en termos interanuais un 1,6% no conxunto de Galicia; a provincia de A Coruña rexistra un aumento do 1,2% (190 beneficiarios máis), Pontevedra aumenta nun 1% (158 beneficiarios máis), en Ourense un 3,5% (124 beneficiarios máis) e en Lugo un 3,1% (148 persoas beneficiarias máis).

Dentro das prestacións de nivel asistencial, o número de beneficiarios e beneficiarias do subsidio por desemprego aumentan nas catro provincias, sendo salientable o incremento de 957 beneficiarios na provincia de Pontevedra (6,3% máis), de 679 beneficiarios na Coruña (4,6%) máis e de 386 e 283 beneficiarios máis nas provincias de Lugo e Ourense respectivamente.

Como consecuencia das modificacións normativas antes sinaladas, prodúcese un descenso no número de beneficiarios da renda activa de inserción de xeito xeneralizado nas catro provincias. O número de beneficiarios en Galicia cae en 2.801 persoas, das que 1.039 pertencen á provincia da Coruña e 1.090, a Pontevedra.

Para medir o alcance do sistema de protección podemos utilizar a taxa de cobertura, definida como a porcentaxe de parados con experiencia laboral e beneficiarios de subsidios agrarios eventuais que son beneficiarios dalgún tipo de prestación por desemprego. Como se observa no **gráfico 4.3.14.**, a taxa de cobertura en Galicia aumenta acadando de media no ano 2025 o 79,4%, 6,3 puntos porcentuais máis que a taxa rexistrada de media no ano anterior (73,1%). Esta mesma evolución prodúcese no conxunto do Estado, con incrementos de 5,1 puntos porcentuais na taxa de cobertura, acadando de media no ano 2025 o 78,1%.

O aumento da taxa de cobertura en Galicia ven motivado pola estabilidade no número total de persoas beneficiarias das prestacións por desemprego (aumento do 0,1%), fronte á caída do 7,8% no do paro rexistrado con experiencia laboral. No conxunto do Estado as persoas beneficiarias de prestacións por desemprego aumentan un 0,5%, e descende o número de parados e paradas con experiencia laboral nun 6%.

## Renda mínima de inserción e Ingreso mínimo vital

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, regula a renda de inclusión social de Galicia (Risga) como unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

O número total de persoas beneficiarias da Risga volve a descender no último ano, acadando a 31 de decembro de 2025 un total de 3.960 persoas beneficiarias, un 19,1% menos que na mesma data do ano anterior (936 persoas beneficiarias menos). A contía básica para un titular é do 75% do IPREM, cun límite máximo para 7 convivintes, do 120% do IPREM no caso de non

Risga e Axudas de Inclusión Social 2024-25: beneficiarios e pagos

| RISGA (1)    |               |              |              |              |              |              |                 |               |
|--------------|---------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-----------------|---------------|
|              | Beneficiarios |              |              |              |              |              | Importes medios |               |
|              | 2025          |              |              | 2024         |              |              | 2025            | 2024          |
|              | Total         | Homes        | Mulleres     | Total        | Homes        | Mulleres     |                 |               |
| <b>Total</b> | <b>3.960</b>  | <b>1.573</b> | <b>2.387</b> | <b>4.896</b> | <b>1.805</b> | <b>3.091</b> | <b>503,21</b>   | <b>502,87</b> |
| A Coruña     | 814           | 296          | 518          | 1.009        | 338          | 671          | 506,09          | 499,62        |
| Lugo         | 537           | 200          | 337          | 663          | 220          | 443          | 492,69          | 485,34        |
| Ourense      | 224           | 88           | 136          | 350          | 121          | 229          | 532,42          | 537,70        |
| Pontevedra   | 2.385         | 989          | 1.396        | 2.874        | 1.126        | 1.748        | 501,85          | 503,81        |

| AIS (2)      |                   |            |              |              |              |              |                 |                 |
|--------------|-------------------|------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-----------------|-----------------|
|              | Axudas concedidas |            |              |              |              |              | Importes medios |                 |
|              | 2025              |            |              | 2024         |              |              | 2025            | 2024            |
|              | Total             | Homes      | Mulleres     | Total        | Homes        | Mulleres     |                 |                 |
| <b>Total</b> | <b>2.845</b>      | <b>989</b> | <b>1.856</b> | <b>3.270</b> | <b>1.123</b> | <b>2.147</b> | <b>1.182,16</b> | <b>1.203,35</b> |
| A Coruña     | 778               | 287        | 491          | 1.105        | 398          | 707          | 1.246,48        | 1.243,97        |
| Lugo         | 611               | 221        | 390          | 526          | 166          | 360          | 1.229,12        | 1.214,82        |
| Ourense      | 443               | 128        | 315          | 444          | 144          | 300          | 1.254,14        | 1.267,02        |
| Pontevedra   | 1.013             | 353        | 660          | 1.195        | 415          | 780          | 1.072,97        | 1.137,07        |

(1) beneficiarios a 31 de decembro de cada ano e importe dos pagos totais líquidos no mes de decembro de cada ano

(2) axudas anuais concedidas e media anual das coantías das axudas

Fonte: Consellería de Política Social e Igualdade

### 4.3.15.

existir menores e do 135% con menores. A duración da percepción desta renda é de 12 meses. No último ano o importe medio da axuda aumentou 0,34 euros, acadando os 503,21 euros mensuais.

O descenso no número de persoas beneficiarias da Risga en Galicia prodúcese nas catro provincias galegas (**cadro 4.3.15.**), sendo a provincia de Pontevedra a que rexistra un descenso máis acusado en termos absolutos con 489 beneficiarios menos; a pesar deste descenso, con 2.385 persoas beneficiarias, a provincia de Pontevedra concentra o 60,2% do total de beneficiarias e beneficiarios desta prestación en Galicia.

Xunto ao descenso no número de beneficiarios, no ano 2025 tamén cae o número de solicitudes a resolver (tal como se observa no **cadro 4.3.16.**), situándose en 4.643 solicitudes, 952 menos que no ano anterior; en concreto baixa o número de solicitudes presentadas no propio ano 2025, que se sitúa en 3.647 solicitudes (850 menos que no ano anterior) en tanto que descende tamén o número de solicitudes pendentes do ano anterior (996 solicitudes pendentes do ano 2024). Das sinaladas 4.643 solicitudes presentadas, resolvéronse 4.053 solicitudes, das que 2.106 foron estimadas, o que supón o 52% do total.

As axudas de inclusión social, tamén reguladas na citada Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias afectadas, así como atender as situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que

### Risga e Axudas de Inclusión Social 2024-25: solicitudes

|  | Total  |       |          | 2025  |       |          | AIS   |       |          |
|--|--------|-------|----------|-------|-------|----------|-------|-------|----------|
|  | Total  | Homes | Mulleres | RISGA |       |          | Total | Homes | Mulleres |
|  |        |       |          | Total | Homes | Mulleres |       |       |          |
| <b>Solicitudes a resolver</b>              | 11.831 | 4.239 | 7.592    | 4.643 | 1.737 | 2.906    | 7.188 | 2.502 | 4.686    |
| presentadas no ano                         | 9.396  | 3.408 | 5.988    | 3.647 | 1.392 | 2.255    | 5.749 | 2.016 | 3.733    |
| pendentes do ano anterior                  | 2.435  | 831   | 1.604    | 996   | 345   | 651      | 1.439 | 486   | 953      |
| <b>Solicitudes resoltas</b>                | 9.674  | 3.460 | 6.214    | 4.053 | 1.525 | 2.528    | 5.621 | 1.935 | 3.686    |
| estimadas                                  | 4.951  | 1.820 | 3.131    | 2.106 | 831   | 1.275    | 2.845 | 989   | 1.856    |
| desestimadas e/ou arquivadas               | 4.723  | 1.640 | 3.083    | 1.947 | 694   | 1.253    | 2.776 | 946   | 1.830    |
| <b>Solicitudes present. / resoltas (%)</b> | 81,8   | 81,6  | 81,8     | 87,3  | 87,8  | 87,0     | 78,2  | 77,3  | 78,7     |

|  | Total  |       |          | 2024  |       |          | AIS   |       |          |
|--|--------|-------|----------|-------|-------|----------|-------|-------|----------|
|  | Total  | Homes | Mulleres | RISGA |       |          | Total | Homes | Mulleres |
|  |        |       |          | Total | Homes | Mulleres |       |       |          |
| <b>Solicitudes a resolver</b>              | 13.037 | 4.601 | 8.436    | 5.595 | 2.033 | 3.562    | 7.442 | 2.568 | 4.874    |
| presentadas no ano                         | 10.255 | 3.681 | 6.574    | 4.497 | 1.670 | 2.827    | 5.758 | 2.011 | 3.747    |
| pendentes do ano anterior                  | 2.782  | 920   | 1.862    | 1.098 | 363   | 735      | 1.684 | 557   | 1.127    |
| <b>Solicitudes resoltas</b>                | 10.615 | 3.772 | 6.843    | 4.599 | 1.687 | 2.912    | 6.016 | 2.085 | 3.931    |
| estimadas                                  | 5.906  | 2.098 | 3.808    | 2.636 | 975   | 1.661    | 3.270 | 1.123 | 2.147    |
| desestimadas e/ou arquivadas               | 4.709  | 1.674 | 3.035    | 1.963 | 712   | 1.251    | 2.746 | 962   | 1.784    |
| <b>Solicitudes present. / resoltas (%)</b> | 81,4   | 82,0  | 81,1     | 82,2  | 83,0  | 81,8     | 80,8  | 81,2  | 80,7     |

Fonte: Consellería de Política Social e Igualdade

#### ■ 4.3.16.

poidan desencadear un proceso de exclusión social. Estas axudas de inclusión social están destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes e, se é o caso, financiar actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia.

O número de persoas beneficiarias no ano 2025 caeu un 13% respecto ao ano anterior e sitúase en 2.845 axudas, 425 menos que en 2024. O importe destas axudas (pago único) baixa un 1,8% respecto á mesma data do ano anterior, acadando os 1.182,16 euros.

#### • Ingreso mínimo vital

O Ingreso Mínimo Vital (IMV) constitúe unha prestación económica de natureza non contributiva, destinada a garantir un nivel mínimo de ingresos ás unidades de convivencia en situación de vulnerabilidade económica. O IMV forma parte das medidas orientadas a previr o risco de pobreza e exclusión social, especialmente en colectivos con dificultades de acceso ao mercado laboral ou con ingresos insuficientes para cubrir as necesidades básicas. A súa posta en marcha en 2020 representou un avance significativo na consolidación do principio de suficiencia económica recollido no artigo 41 da Constitución Española.

**Expedientes aprobados e persoas beneficiarias do Ingreso Mínimo Vital en Galicia e España: datos acumulados de xuño de 2020 a decembro de 2025**

|            | Expedientes aprobados | Número de beneficiarios |                                       |           | Adultos Menores          |      |
|------------|-----------------------|-------------------------|---------------------------------------|-----------|--------------------------|------|
|            |                       | Total                   | Adultos<br><i>(número de persoas)</i> | Menores   | <i>(% sobre o total)</i> |      |
| Galicia    | 53.454                | 141.569                 | 84.899                                | 56.670    | 60,0                     | 40,0 |
| A Coruña   | 21.719                | 54.571                  | 33.499                                | 21.072    | 61,4                     | 38,6 |
| Lugo       | 6.855                 | 18.868                  | 10.873                                | 7.995     | 57,6                     | 42,4 |
| Ourense    | 7.181                 | 18.637                  | 11.311                                | 7.326     | 60,7                     | 39,3 |
| Pontevedra | 17.699                | 49.493                  | 29.216                                | 20.277    | 59,0                     | 41,0 |
| España     | 1.144.147             | 3.393.059               | 1.929.221                             | 1.463.838 | 56,9                     | 43,1 |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

■ **4.3.17.**

As contías do Ingreso Mínimo Vital están determinadas segundo a renda e o patrimonio da unidade de convivencia, sendo estas variables calculadas segundo os limiares de renda e patrimonio establecidos para cada ano. As contías a percibir tamén dependen da composición familiar e da zona de residencia (atendendo ao custo de vida en cada comunidade autónoma).

Os datos de beneficiarios do IMV proporcionados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, refírense a datos acumulados dende xuño de 2020, polo que non é posible facer unha análise comparativa da evolución anual dos expedientes e dos beneficiarios desta prestación.

No **cadro 4.3.17.** observamos como dende xuño de 2020 a decembro de 2025, o Instituto Nacional da Seguridade Social aprobou en Galicia a un total de 53.454 expedientes, que afectan a 141.569 beneficiarios, o que supón o 4,2% do conxunto do Estado. Do total de persoas ás que chega a prestación, o 40% son menores, 3 puntos porcentuais menos que en España (43,1%). Atendendo á súa distribución provincial, a provincia da Coruña é a que concentra o maior número de persoas beneficiadas, con 54.571 persoas, por diante de Pontevedra con 49.493 persoas.

O 27,7% do total de expedientes aprobados correspóndense con fogares compostos por un adulto, e o 12,4% con fogares compostos por un adulto e un menor, representando respectivamente o 21,8% e o 9,8% dos totais estatais. □

## 4.4.

# Medio ambiente e desenvolvemento sostible

**Nun contexto internacional marcado pola crecente inestabilidade xeopolítica**, o aumento dos conflitos armados e a progresiva erosión do multilateralismo, as prioridades globais están a desprazarse cara a cuestións de seguridade e económicas, relegando en certa medida as preocupacións ambientais.


Esta tendencia reflíctese nos resultados do Informe de Percepción de Riscos Globais (GRPS) do Foro Económico Mundial, que amosan unha menor priorización dos riscos ambientais a curto prazo. Fenómenos como os eventos meteorolóxicos extremos descenden na clasificación, ao igual que a contaminación ou a perda de biodiversidade e o colapso dos ecosistemas, situándose nunha posición menos destacada e cunha menor percepción da súa gravidade.

Porén, a longo prazo (dez anos), os riscos ambientais seguen a considerarse os máis graves, encabezados polos eventos meteorolóxicos extremos e cunha forte presenza entre os principais riscos globais. Esta diferenza evidencia unha desconexión entre as urxencias inmediatas e a magnitude real dos desafíos ambientais.

Neste apartado da Memoria analizaremos o estado do medio ambiente na nosa Comunidade, así como a evolución dos principais indicadores relacionados co desenvolvemento sostible. Como punto de partida, resulta fundamental avaliar o grao de cumprimento en España dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) recollidos na Axenda 2030 da ONU.

Desenvólvese a continuación, un apartado sobre a emerxencia climática, co estudo, entre outros indicadores, da evolución do clima, da auga, da calidade do aire, en concreto con datos de

Indicador multidimensional de calidade de vida 2024



Fonte: INE, *Indicador Multidimensional de Calidad de Vida*

4.4.0.

emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), e dos efectos medioambientais, incendios forestais, das anomalías climáticas. Finalmente, terase en conta a evolución da xeración e xestión de residuos.

O Índice Global de Calidade de Vida (IGCV) elaborado de xeito experimental polo Instituto Nacional de Estatística, é unha ferramenta estatística que trata de medir, de forma sintética, o benestar das persoas residentes en España a través dunha ampla variedade de indicadores sociais, económicos e ambientais. Este índice integra información relativa a nove dimensións clave, como saúde, educación, condicións materiais de vida, emprego, entorno físico e seguridade, entre outras, para ofrecer unha visión multidimensional da calidade de vida. Ao combinar datos obxectivos e subxectivos, o IGCV permite comparar o nivel de benestar entre comunidades autónomas e observar a súa evolución ao longo do tempo, sendo un recurso valioso para a planificación de políticas públicas centradas no desenvolvemento humano sostible.

Partindo do índice global de calidade de vida elaborado de xeito experimental polo INE con datos para o ano 2024, Galicia está entre as tres Comunidades Autónomas con peor rexistro no seu índice global, xunto con Andalucía e Canarias. No que respecta aos valores observados para Galicia nas dimensións clave analizadas, Galicia presenta valores do indicador inferiores á media estatal en traballo, saúde, ocio e relacións sociais, gobernanza e dereitos básicos, entorno e medioambiente, e experiencia xeral de vida, sendo en este último ámbito a comunidade que reporta un menor índice de todo o Estado.

## • Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento sostible aprobada pola ONU en 2015, e os seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), establecen propósitos no ámbito do desenvolvemento económico, da inclusión social e da sostenibilidade ambiental que están presentes en todos os obxectivos a acadar ben de xeito prioritario ben acompañando a outro obxectivo. Segundo o último informe sobre o desenvolvemento dos ODS a nivel global en base a datos de 2023 e 2024, aínda que os avances en materia de saúde, educación, enerxía e acceso dixital melloraron a vida de millóns de persoas, o cambio aínda non é o suficientemente rápido como para acadar plenamente os ODS en 2030. Só o 18% dos ODS están en camiño de cumprirse, e outro 17% mostra un progreso moderado. Case a metade avanza con demasiada lentitude, e cerca dunha quinta parte mesmo está retrocedendo nun contorno volátil, marcado por conflitos, cambio climático, tensións xeopolíticas e flutuacións económicas.

O informe de desenvolvemento sostible en Europa 2026 destaca que, dos 20 primeiros postos do Índice Mundial dos ODS, só un corresponde a un país non europeo (Xapón). Neste informe conclúese que os países europeos solen afrontar os seus maiores desafíos en agricultura sustentable (ODS 2), consumo e produción sustentables (ODS 12), acción climática (ODS 13) e protección da biodiversidade (ODS 14 e 15). Por outra banda, a rexión sole obter mellores resultados en saúde e benestar (ODS 3), erradicación da pobreza (ODS 1) e auga potable e saneamento (ODS 6).

A nivel nacional, no último informe presentado sobre cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) 2025, España ocupa o posto 22 dos 35 países europeos incluídos no Índice dos ODS, cunha puntuación de 70,29 sobre 100. España mellora en 11 dos 17 ODS, máis as tendencias ODS mostran que o noso país enfrenta retos significativos e persistentes en practicamente todos os ODS, coa excepción do ODS 5 (igualdade de xénero), que é o único que mostra unha tendencia positiva e previsión de acadar a meta para 2030.

O **cadro 4.4.1.** reflicte o grao de cumprimento dos obxectivos no conxunto do Estado e a súa tendencia. España mostra avances significativos no cumprimento dos ODS aínda que persisten retos como son:

- ODS 1– Fin da pobreza: España debe acelerar políticas orientadas a reducir a pobreza infantil e pobreza severa.
- ODS 2 – Fame cero: Persisten desafíos sistémicos na transformación sustentable dos sistemas agrícolas, de distribución e consumo.
- ODS 3 – Saúde e Benestar: Persisten desigualdades no ámbito sanitario entre as comunidades autónomas, situación que incrementou a percepción de desigualdade entre a cidadanía.
- ODS 4 – Educación de calidade: Resulta necesario incorporar a sustentabilidade na educación formal; así como garantir recursos adecuados, coordinación e políticas que garantan tanto a equidade como a calidade en todos os niveis educativos.
- ODS 5– Igualdade de xénero: España mostra un sólido desempeño neste obxectivo, sendo o único con tendencia clara cara ao seu cumprimento en 2030. Porén, persisten

Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) 2025. Situación actual e tendencia

| Obxectivos                                | Situación actual (1)                    | Tendencia (2)   |
|---|---|---|
| 1 Sen pobreza                             | Aínda quedan desafíos                   | A puntuación mellora moderadamente, pero é insuficiente para acadar o obxectivo |
| 2 Fame cero                               | Os principais desafíos seguen a existir | Puntuación estancada ou aumentando a menos do 50 % da taxa requirida            |
| 3 Boa saúde e benestar                    | Os desafíos seguen existindo            | A puntuación mellora moderadamente, pero é insuficiente para acadar o obxectivo |
| 4 Educación de calidade                   | Persisten desafíos importantes          | A puntuación mellora moderadamente, pero é insuficiente para acadar o obxectivo |
| 5 Igualdade de xénero                     | Os desafíos seguen existindo            | A puntuación mellora moderadamente, pero é insuficiente para acadar o obxectivo |
| 6 Auga limpa e saneamento                 | Os desafíos seguen existindo            | Puntuación estancada ou aumentando a menos do 50 % da taxa requirida            |
| 7 Enerxía asequible e limpa               | Persisten desafíos importantes          | A puntuación mellora moderadamente, pero é insuficiente para acadar o obxectivo |
| 8 Traballo decente e crecemento económico | Persisten desafíos importantes          | A puntuación mellora moderadamente, pero é insuficiente para acadar o obxectivo |
| 9 Industria, innovación e infraestrutura  | Persisten desafíos importantes          | A puntuación mellora moderadamente, pero é insuficiente para acadar o obxectivo |
| 10 Redución da desigualdade               | Persisten desafíos importantes          | A puntuación mellora moderadamente, pero é insuficiente para acadar o obxectivo |
| 11 Cidades e comunidades sostibles        | Persisten desafíos importantes          | Puntuación estancada ou aumentando a menos do 50 % da taxa requirida            |
| 12 Consumo e produción responsables       | Os principais desafíos seguen a existir | Puntuación estancada ou aumentando a menos do 50 % da taxa requirida            |
| 13 Acción climática                       | Os principais desafíos seguen a existir | Puntuación estancada ou aumentando a menos do 50 % da taxa requirida            |
| 14 Vida submarina                         | Os principais desafíos seguen a existir | A puntuación mellora moderadamente, pero é insuficiente para acadar o obxectivo |
| 15 Vida na terra                          | Os principais desafíos seguen a existir | Puntuación estancada ou aumentando a menos do 50 % da taxa requirida            |
| 16 Paz, xustiza e institucións sólidas    | Persisten desafíos importantes          | Puntuación diminúe  |
| 17 Alianzas para lograr os obxectivos     | Persisten desafíos importantes          | A puntuación mellora moderadamente, pero é insuficiente para acadar o obxectivo |

(1) De mellor a peor grado de cumprimento dos obxectivos a situación actual clasifícase en: Obxectivos logrados; Permanecen os obxectivos; Quedan retos importantes ou significativos por acadar; e por último, o nivel máis baixo "Persisten os desafíos máis importantes".

(2) De mellor a peor, a tendencia ou evolución clasifícase: En camiño ou mantendo o logro; mellora moderadamente; estancado; empeora

Fonte: Red Española para el Desarrollo sostenible, Informe para el Desarrollo Sostenible en Europa 2026

4.4.1.

desafíos na brecha de xénero, especialmente na taxa de paro, salarios, pensións e a distribución do tempo dedicado a coidados.

- ODS 6 – Auga limpa e saneamento: En España quedan aínda desafíos persistentes con tendencias negativas nos niveis de estrés hídrico, en relación á xestión dun recurso escaso e vulnerado polo cambio climático.
- ODS 7– Enerxía asequible e non contaminante: Aínda que España avanzou significativamente neste ODS, persisten desafíos importantes no despregamento das enerxías renovables e a súa integración no sistema eléctrico.
- ODS 8– Traballo decente e crecemento económico: Quedan aínda desafíos persistentes en materia de emprego, particularmente para a poboación máis nova (15 e 24 anos).
- ODS 9– Industria, innovación e infraestrutura: Persisten retos no ámbito da investigación e desenvolvemento, reforzando o investimento, e promovendo unha formación e carreira científica con maior presenza de mulleres en ámbitos STEM.
- ODS 10– Redución das desigualdades: Persisten fendas de desigualdade que afectan especialmente a persoas novas, mulleres, persoas maiores, persoas con discapacidade e outros colectivos vulnerables; agravadas en zonas rurais e con desequilibrios territoriais.
- ODS 11– Cidades e comunidades sustentables: Persisten desafíos significativos en materia de acceso á vivenda, debido aos altos prezos dos alugueres e dos inmobles, que dificultan a dispoñibilidade de vivenda alcanzable para amplos sectores da poboación e en particular para as persoas novas.
- ODS 12– Producción e consumo responsables: Quedan aínda desafíos persistentes en

materia de xestión de residuos, en particular electrónicos, e circularidade, consumo de recursos e eficiencia, e en alimentación e desperdicio.

- ODS 13– Acción polo clima: Quedan aínda desafíos persistentes con tendencias negativas nas emisións de CO<sub>2</sub>, tanto no dato relativo per cápita como nas asociadas ás importacións.
- ODS 14– Vida submarina: Persisten desafíos para mellorar a calidade das súas augas mariñas e a sustentabilidade da pesca, reducindo a contaminación e adoptando métodos de pesca que preserven os ecosistemas mariños e minimicen os descartes.
- ODS 15– Vida na terra: Queda aínda gran desafío de aumentar e protexer de maneira efectiva as áreas clave para a biodiversidade terrestre e de auga doce, que son aqueles espazos importantes para a persistencia global da biodiversidade.
- ODS 16 – Paz, xustiza e institucións sólidas: Persisten desafíos importantes como a loita contra a corrupción e a redución dos tempos de duración dos procedementos administrativos.
- ODS 17– Alianzas para acadar os obxectivos: Un dos grandes desafíos que persisten en España é o estancamento do financiamento público internacional en condicións favorables, que inclúe a asistencia oficial para o desenvolvemento (AOD).

#### • Emerxencia climática


**Clima.-** Existen diversos indicadores que avalan a presenza do cambio climático nos ecosistemas terrestres e mariños de Galicia. Estes sinais reflicten alteracións nas especies animais e vexetais, no solo e na calidade das augas, con repercusións sobre a produción agrícola, a configuración dos nosos bosques e os posibles riscos que os ameazan. Neste apartado, centrámonos nas evidencias observadas na evolución das temperaturas e das precipitacións.

A descrición climatolóxica do ano 2025 en Galicia, realízase a partir do “Resumo climatolóxico do ano 2025” elaborado por Meteogalicia, onde se define anomalía climatolóxica como a diferenza entre a temperatura media deste ano e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no ano respecto do valor da media climática correspondente.

Tendo o anterior en conta, o dito informe considera o ano 2025 como extremadamente cálido, cunha temperatura media anual para a serie rexional de 14,7°C (**gráficos 4.4.2. e 4.4.3.**). Con respecto ás medias das temperaturas mínima e máxima, cunhas anomalías positivas de 1,1 °C, o ano resulta, tamén, extremadamente cálido, ocupando a terceira posición no caso da temperatura mínima e a quinta posición no caso da temperatura máxima. O pasado ano 2024 foi levemente máis cálido.

No que respecta á precipitación media rexistrada, esta foi de 1.524L/m<sup>2</sup> (**gráficos 4.4.4. e 4.4.5.**). Esa cantidade de precipitación supón unha desviación respecto ao valor medio da serie no período 1981-2010 dun 18% superior ao normal. Este ano 2025 pódese cualificar como moi húmido. Para atopar un ano máis húmido temos que remontarnos ao ano 2023.


Temperatura media anual no período 1961-2025



Fonte: Meteogalicia, *Resumo climatolóxico ano 2025*

4.4.2.


Anomalías de temperatura media no período 1961-2025



Fonte: Meteogalicia, *Resumo climatolóxico ano 2025*

4.4.3.


### Precipitación anual no período 1961-2025



Fonte: Meteogalicia, *Resumo climatolóxico ano 2025*

#### 4.4.4.


### Anomalías de precipitación no período 1961-2025



Fonte: Meteogalicia, *Resumo climatolóxico ano 2025*

#### 4.4.5.


**Evolución proyectada da temperatura media anual en Galicia baixo un escenario de emisións moi altas**



Fonte: AEMET

**4.4.6.**

**Evolución proyectada das precipitacións medias anuais en Galicia baixo un escenario de emisións moi altas**



Fonte: AEMET

**4.4.7.**

Os **gráficos 4.4.6.** e **4.4.7.** mostran a evolución proxectada da temperatura e precipitación media anual en Galicia baixo un escenario de emisións moi altas.

As proxeccións climáticas para Galicia baixo un escenario de emisións moi altas (SSP5-8.5) indican cambios significativos no século XXI que afectarán tanto á temperatura como á precipitación. En canto á choiva, obsérvase unha lixeira tendencia á baixa na precipitación media anual, pasando de arredor de 3,2 mm/día a principios de século a 2,5–2,7 mm/día cara a 2100. Aínda que a media descende, persisten os anos con picos de precipitación máis intensos, o que suxire un réxime máis irregular, con maior risco de secas estacionais e dificultade na xestión da auga. En paralelo, a temperatura media anual mostra un incremento continuo e máis acusado, desde uns 13 °C na actualidade ata 18–20 °C ao final do século. O aumento é progresivo pero intensifícase a partir de mediados de século, cunha maior incerteza nos últimos anos, aínda que todos os modelos coinciden no quecemento sostido. Este escenario combina veráns máis quentes, incremento de ondas de calor e maior evaporación, agravando a dispoñibilidade de recursos hídricos e aumentando o risco de incendios forestais.

En conxunto, estas proxeccións sinalan un clima máis cálido e seco, con precipitacións máis irregulares e temperaturas crecentes.

**Auga.-** Os cambios nos patróns de precipitacións, o ascenso das temperaturas e o incremento dos fenómenos meteorolóxicos extremos converten a xestión eficiente da auga nun factor fundamental para a adaptación ao cambio climático. No marco deste contexto e tendo en conta os datos dispoñibles, e a periodicidade bianual dos mesmos, procederemos a analizar a información relativa ao subministro de auga, ao tratamento das augas residuais e aos custos vinculados á súa xestión.

No que respecta ao subministro de auga e volumes dispoñibles, os datos do **cadro 4.4.8.** mostran como ao longo do ano 2022 (último dispoñible), subministráronse ás redes públicas galegas de abastecemento urbano 284 hectómetros cúbicos (hm<sup>3</sup>) de auga, un 16,8% máis que na anterior enquisa realizada no ano 2020. Aproximadamente o 60% (171 hm<sup>3</sup>), foron volumes de auga rexistrada, isto é, medidos polos contadores de usuarios. O resto (112 hm<sup>3</sup>) foron volumes de auga non rexistrados. En relación á evolución destes valores, en primeiro lugar salienta que as porcentaxes a nivel estatal son do 75% e 25% respectivamente, sendo moi notorio tamén o incremento do 73% no volume de auga non rexistrada en Galicia entre os anos 2020 e 2022.

A auga non rexistrada desagrégase entre perdas reais e aparentes. As perdas reais por fugas, roturas ou avarías na rede de subministro, estimáronse en Galicia no ano 2022 en 73 hm<sup>3</sup>, o que supón 75 litros por habitante e día, fronte aos 40 litros habitante día de media no Estado. As perdas reais supuxeron o 25,7% do total de auga subministrada á rede.

Por outra banda, as perdas aparentes, por erros de medida, fraudes ou consumos autorizados non medidos, foron de 39 hm<sup>3</sup>.

No que respecta aos volumes de auga rexistrada, por tipo de usuario, o consumo de auga dos

Indicadores sobre o subministro, recollida e tratamento da auga 2020-22

|  | Galicia                    |           | España     |            |
|--|----------------------------|-----------|------------|------------|
|  | 2020                       | 2022      | 2020       | 2022       |
|  | (miles de m <sup>3</sup> ) |           |            |            |
| <b>Volume de auga subministrada á rede de abastecemento público</b>      | 242.880                    | 283.704   | 4.243.555  | 4.252.295  |
| <b>Volume total de auga rexistrada e distribuída por tipo de usuario</b> | 177.892                    | 171.335   | 3.177.815  | 3.151.196  |
| <b>Sectores económicos</b>   | 40.084                     | 43.243    | 616.365    | 650.451    |
| Fogares  | 128.276                    | 125.671   | 2.290.800  | 2.211.620  |
| Consumos municipais  | 9.532                      | 2.421     | 270.650    | 289.125    |
| <b>Volume de auga non rexistrada</b>                                     | 64.988                     | 112.369   | 1.065.740  | 1.101.099  |
| Perdas reais   | 39.235                     | 73.254    | 651.826    | 695.185    |
| Perdas aparentes   | 25.753                     | 39.115    | 413.914    | 405.914    |
|  | (m <sup>3</sup> / día)     |           |            |            |
| <b>Volume de augas residuais tratadas</b>                                | 1.047.977                  | 1.498.152 | 13.361.642 | 15.428.404 |
|  | (%)                        |           |            |            |
| <b>Destino das augas residuais tratadas</b>                              |                            |           |            |            |
| Ao mar   | 29,9                       | 37,9      | 27,5       | 31,9       |
| A un cauce fluvial   | 58,4                       | 62,0      | 61,2       | 53,8       |
| Auga reutilizada   | 8,6                        | 0,1       | 10,9       | 10,9       |
| Infiltracións ao chan  | 3,1                        | 0,0       | 0,3        | 1,0        |
| Outros   | -                          | 0,0       | 0,1        | 2,5        |
| <b>Importe facturado polo alcantarillado e depuración</b>                | 97.583                     | 157.305   | 2.481.515  | 2.410.272  |
|  | (euros/m <sup>3</sup> )    |           |            |            |
| <b>Coste unitario da auga</b>  | 1,2                        | 2,0       | 1,9        | 1,9        |
| Subministro de auga  | 0,7                        | 1,0       | 1,1        | 1,2        |
| Alcantarillado e depuración  | 0,6                        | 0,9       | 0,8        | 0,8        |

Fonte: INE, *Estadísticas sobre el suministro y saneamiento del agua*

4.4.8.

fogares baixou un 2% entre 2022 e 2020, mentres que o dos sectores económicos aumentou un 7,9%. Os consumos municipais caeron un 75%.

O consumo medio de auga nos fogares foi en Galicia no ano 2022 de 128 m<sup>3</sup>, mesmo dato que a media estatal, o que supón un descenso do 1,6% en relación ao ano 2020. O custo unitario da auga situouse en 1,96 euros por metro cúbico en 2022, fronte ao 1,24 euros/m<sup>3</sup> do ano 2020, o que supón un incremento do 58%; o que contrasta coa estabilidade do custo unitario a nivel estatal en 1,92 euros/m<sup>3</sup>. O custo unitario está medido como o cociente entre os importes abonados por subministro, sumidoiros, depuración e saneamento, e o volume de auga rexistrada distribuída a todos os usuarios.

No que respecta ás augas residuais tratadas, En Galicia, o volume de augas residuais tratadas aumentou un 43% entre 2020 e 2022, mentres que en España o aumento foi dun 15,5%. O 62% das augas residuais tratadas derívanse en Galicia aos cauces fluviais e o 38% ao mar; sendo residual a reutilización destas augas, o que contrasta co case o 11% de augas residuais tratadas que se reutilizan de media no Estado, fundamentalmente para uso agrícola.

En relación ao volume e porcentaxe de ocupación dos encoros, Galicia conta con tres grandes demarcacións hidrográficas: Galicia-Costa, Miño-Sil e a parte galega da Demarcación do Douro, que abrangue territorio compartido con Castela e León. As dúas primeiras concentran a maior

### Estado dos encoros: ano hidrolóxico 2026<sup>(1)</sup>

|                         |                       | Demarcación<br>hidrográfica<br>Galicia-costa | Demarcación<br>hidrográfica<br>Miño-Sil |
|-------------------------|-----------------------|--|---|
| <b>Capacidade total</b> | (en Hm <sup>3</sup> ) | 684  | 3.030                                   |
| <b>Volume actual</b>    | (en Hm <sup>3</sup> ) | 628  | 2.711                                   |
| <b>Porcentaxe</b>       | (%)                   | 92,0   | 89,0                                    |
| <b>Ano anterior</b>     | (en Hm <sup>3</sup> ) | 599  | 2.249                                   |
| <b>Media 10 anos</b>    | (en Hm <sup>3</sup> ) | 543  | 2.180                                   |

(1) Datos actualizados ata semana 9 de 2026

Fonte: IAGUA, procedentes do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico

#### ■ 4.4.9.

parte dos recursos hídricos encorados e das infraestruturas asociadas ao abastecemento, usos industriais e produción hidroeléctrica.

Tal como se mostra no **cadro 4.4.9.**, na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa presenta un volume de auga embalsada de 628 Hm<sup>3</sup>, superior á rexistrada no ano anterior, e superior á media dos últimos dez anos. No que respecta á demarcación hidrográfica do Miño-Sil presenta un volume de auga encorada de 2.711 Hm<sup>3</sup>, un 24% superior á media dos últimos dez anos.

### Calidade do aire en Galicia

A calidade do aire en Galicia é monitorizada por unha rede de estacións automáticas xestionadas pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Estas estacións rexistran datos sobre diversos contaminantes atmosféricos como partículas en suspensión (PM10 e PM2.5), dióxido de nitróxeno (NO<sub>2</sub>), ozono troposférico (O<sub>3</sub>) e dióxido de xofre (SO<sub>2</sub>), entre outros.

En primeiro lugar preséntase unha análise detallada dos principais contaminantes atmosféricos rexistrados en Galicia durante o ano 2024. Examínanse as tendencias de concentración de cada un deles, comparando os datos cos valores guía establecidos pola normativa vixente e as recomendacións da Organización Mundial da Saúde (OMS). Esta avaliación permite identificar os compostos máis relevantes desde o punto de vista da saúde pública e ambiental. Para poñer en contexto os datos avaliados e, tendo en conta a relación directa dos mesmos coa climatoloxía, hai que ter en conta que o ano 2024 foi un ano húmido e extremadamente cálido en Galicia.

Como resumo da evolución da concentración dos distintos contaminantes medidos en aire ambiente desde 2020 ata 2024, tendo en conta os limiares de avaliación para protección da saúde humana, podemos destacar:

- Para o SO<sub>2</sub> mantense igual de favorable a situación de que toda a poboación está por debaixo

do limiar inferior de avaliación, destacando a poboación da zona Oural (sur Lugo), que pasou a ter unha mellora no 2024 deixando de superar o limiar superior de avaliación.

- No 2022 para o NO<sub>2</sub> houbo un empeoramento pasando a estar gran parte da poboación a niveis de concentración entre o limiar superior e o valor límite. Trátase dun caso anómalo e puntual propiciado pola gran influencia que tiveron as obras de ADIF na estación Sur. Esta estación pertence a gran zona rural o que provocou esta repercusión negativa no resultado da avaliación de 2022. Debido a aínda manterse ditas obras, no 2023 eliminouse da avaliación esa estación por non sen representativa, polo que se aprecia a mellora nesa zona ademais de tamén a mellora que houbo na zona de Vigo. A situación de mellora foi a máis no 2024 pasando a estar toda a poboación e todo o territorio galego por debaixo do limiar inferior de avaliación, que é a situación máis favorable.
- En PM10 produciuse unha mellora no 2023 e no 2024, tras o empeoramento que houbo no 2022 principalmente influenciado polas grandes intrusionas de masas de aire de po africano, que repercutiron negativamente na avaliación da gran zona rural.
- Para PM2.5, observamos que todos os anos son semellantes ata chegar ao 2024. Pasamos do 72% da poboación galega por debaixo do limiar inferior de avaliación a estar o 96 % na situación máis favorable no 2024. Pola contra, hai un empeoramento na zona Ourense estando case o 4 % da poboación por riba do limiar superior de avaliación.
- Para o O<sub>3</sub> observamos un empeoramento no 2022, manténdose só 3 zonas no nivel máis baixo de avaliación, polo que o 80,8 % da poboación estivo por riba do obxectivo a longo prazo, no 2023 deuse unha situación de mellora pasando a estar só o 61,8 % por riba de dita valor e no 2024 continuou a mellora estando o 56,8 % por riba do obxectivo a longo prazo. Cabe aclarar que, cada ano se seguen mantendo todas as zonas por debaixo do valor obxectivo do ozono.
- Por primeira vez desde o 2018, houbo no 2022 superacións do limiar de información á poboación que tiveron lugar a mediados de xullo coincidindo con vaga de calor, e nos anos 2023 e 2024 volveuse á situación de ningunha superación do limiar de información.
- Para o CO toda a poboación galega está todos os anos por debaixo do limiar inferior de avaliación.

A calidade do aire non se distribúe de maneira uniforme no territorio galego. Neste senso, a European Environment Agency (EEA) inclúe un ranking europeo de cidades en función das concentracións de PM2.5. Neste ranking as 7 grandes cidades galegas, están situadas nos seguintes postos de entre as 761 cidades europeas analizadas:

- Pontevedra: posición:32/761
- Santiago de Compostela: 33/761
- Lugo: 37/761
- Ourense: 47/761
- Vigo: 69/761

- Ferrol: 100/761
- A Coruña: 303/761

No que respecta ás Zonas de Baixas Emisións (ZBE), no momento de elaboración desta Memoria, a implantación de Zonas de Baixas Emisións (ZBE) en Galicia, obrigatorias pola Lei de Cambio Climático do Goberno español para os concellos de máis de 50.000 habitantes, mostra un alto nivel de incumprimento. Segundo os informes de auditoría, só A Coruña e Pontevedra implementaron de forma efectiva as súas ZBE.

A Coruña: Conta cunha ZBE en funcionamento continuo, que abrangue gran parte do centro da cidade.

Pontevedra: Cumpre coa normativa, integrando a xestión de baixas emisións no seu modelo de mobilidade urbana.

Outras cidades importantes (Vigo, Santiago, Ourense, Lugo, Ferrol): Presentan atrasos significativos na aprobación ou implantación efectiva das súas ordenanzas de ZBE.

## Emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia

O obxectivo de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro no marco do Pacto Verde Europeo (European Green Deal) é máis ambicioso que o da anterior Estratexia Europa 2020, e representa un cambio cualitativo na política climática da Unión Europea.


O Pacto Verde Europeo establece como obxectivo vinculante que a Unión Europea sexa climaticamente neutra en 2050, é dicir, que alcance as emisións netas cero de gases de efecto invernadoiro. Como paso intermedio, a UE adoptou legalmente unha redución das emisións dun 55 % como mínimo para o ano 2030, respecto aos niveis de 1990. Este obxectivo substitúe o anterior límite do 40%, reforzando o compromiso climático europeo.

De acordo cos datos facilitados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (**cadro 4.4.10.**), nos últimos dous anos analizados, 2023 e 2024, diminúe o volume de emisións de gases considerados de efecto invernadoiro. Ao longo do ano 2024, último dato dispoñible, emitíronse en Galicia 7.015 miles de toneladas de CO<sub>2</sub>eq o que representa o 3,2% do total estatal. En relación ao ano anterior as emisións se reducen en 766 miles de toneladas de CO<sub>2</sub>eq en termos absolutos, o que significa unha caída do 9,8% (-0,7% no conxunto do Estado).

En relación ao obxectivo fixado pola Estratexia 2020, as emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia situáronse en 2024 un 68,5% por baixo do rexistrado en 1990, cumprindo folgadoamente o obxectivo fixado. O nivel de emisións en España está un 12,8% por baixo do acadado en 1990.

En 2024 en Galicia caen as emisións netas nun 5,4% respecto ao ano precedente. En 2024 emitíronse un total de 1.858 miles de toneladas netas de CO<sub>2</sub>eq de dióxido de carbono, sendo as emisións netas de metano de 3.598 miles de toneladas de CO<sub>2</sub>eq, e acadando as emisións de óxido nítrico as 1.294 miles de toneladas netas.

Índice de emisións de CO<sub>2</sub> equivalentes en Galicia e España 1990-2024 <sup>(1)</sup>



(1) 1990 = 100

Fonte: Ministerio Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, *Inventario Nacional de Emisiones de Contaminantes a la Atmósfera*

#### ■ 4.4.10.

No ano 2023 emitíronse en Galicia 16,6 Mt brutas de CO<sub>2</sub>eq, o cal representa unha diminución dun 5,4% (-0,9 Mt CO<sub>2</sub>eq) respecto do ano 2022.

Non todos os sectores experimentaron unha redución nas súas emisións de GEI respecto do ano anterior, destacando a industria enerxética, que reduciu as súas emisións de GEI nun 3% (-1,2 Mt CO<sub>2</sub>eq), e o sector de tratamento de residuos, que baixou un 2,3%. Pola contra, aumentaron as súas emisións a industria non enerxética (3%), o transporte (2,9%), a categoría “outros sectores”, que engloba, entre outros, ao sector residencial e comercial (2,9%), e o sector agrícola-gandeiro (0,8%) (**gráfico 4.4.10.**).

No que atinxe á evolución respecto do ano 1990, as emisións de GEI en Galicia no 2024 situáronse un 42,2% por debaixo do nivel de emisións desa data.

A evolución dos distintos sectores neste período de tempo en Galicia mostra un comportamento desigual. Así, mentres que as emisións das industrias do sector enerxético, do sector da industria non enerxética e do sector do tratamento e eliminación de residuos diminuíron as súas emisións nun 85,7%, 40,8% e 22,2% respectivamente, sectores coma o transporte, a agricultura e a categoría “outros sectores” aumentaron as súas emisións nun 55,7%, 17,8% e nun 6,3% respectivamente.

De acordo cos datos facilitados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, durante o ano 2024 emitíronse en Galicia 16,6 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub> equivalente (Mt CO<sub>2</sub>eq) dos gases considerados de efecto invernadoiro (CO<sub>2</sub>, CH<sub>4</sub>, N<sub>2</sub>O, PFCs, HFCs, SF<sub>6</sub> e NF<sub>3</sub>).


### Emisións de CO<sub>2</sub> equivalente 2024 netas: distribución segundo actividade e principais tipos de gases

|   | CO <sub>2</sub>                                  | CH <sub>4</sub> | N <sub>2</sub> O | HFCs          | PFCs        | SF <sub>6</sub> | Total           |            |
|---|--|-----------------|------------------|---------------|-------------|-----------------|-----------------|------------|
|   | CO <sub>2</sub> equivalente (miles de toneladas) |                 |                  |               |             |                 | (%)             |            |
| <b>Total Emisións</b>                           | <b>1.857,96</b>                                  | <b>3.598,15</b> | <b>1.294,58</b>  | <b>245,10</b> | <b>2,74</b> | <b>16,63</b>    | <b>7.015,16</b> | <b>100</b> |
| <b>Procesado da enerxía</b>                     | 10.948,65  | 152,56          | 107,68           | -             | -           | -               | 11.208,89       | 159,78     |
| <b>Actividades de combustión</b>                | 10.672,51  | 146,08          | 107,67           | -             | -           | -               | 10.926,27       | 155,75     |
| Industrias do sector enerxético                 | 1.823,88   | 2,63            | 23,14            | -             | -           | -               | 1.849,65        | 26,37      |
| Industrias manufactureiras e da construción     | 1.546,94   | 39,88           | 13,49            | -             | -           | -               | 1.600,31        | 22,81      |
| Transporte                                      | 5.006,74   | 5,39            | 47,81            | -             | -           | -               | 5.059,93        | 72,13      |
| Outros sectores                                 | 2.283,77   | 98,18           | 23,14            | -             | -           | -               | 2.405,10        | 34,28      |
| Outros  | 11,17  | 0,00            | 0,09             | -             | -           | -               | 11,27           | 0,16       |
| <b>Emisións fuxitivas dos combustibles</b>      | 276,14   | 6,48            | 0,00             | -             | -           | -               | 282,62          | 4,03       |
| Combustibles sólidos                            | -  | -               | -                | -             | -           | -               | -               | -          |
| Petróleo e gas natural                          | 276,14   | 6,48            | 0,00             | -             | -           | -               | 282,62          | 4,03       |
| <b>Procesos Industriais</b>                     | 555,38   | 1,15            | 23,56            | 245,10        | 2,74        | 16,63           | 844,56          | 12,04      |
| Produtos minerais                               | 81,52  | -               | -                | -             | -           | -               | 81,52           | 1,16       |
| Industria química                               | 200,62   | -               | -                | -             | -           | -               | 200,62          | 2,86       |
| Produción metalúrxica                           | 249,33   | 1,15            | -                | -             | 2,71        | -               | 253,19          | 3,61       |
| Produtos non enerxéticos e uso de disolventes   | 23,91  | -               | -                | -             | -           | -               | 23,91           | 0,34       |
| Industria electrónica                           | -  | -               | -                | -             | -           | -               | -               | -          |
| Uso de substitutivos dos GEIs                   | -  | -               | -                | 245,10        | 0,03        | -               | 245,13          | 3,49       |
| Produción e uso doutros produtos                | -  | -               | 23,56            | -             | -           | 16,63           | 40,19           | 0,57       |
| Outros  | -  | -               | -                | -             | -           | -               | -               | -          |
| <b>Agricultura</b>                              | 17,78  | 2.964,97        | 952,56           | -             | -           | -               | 3.935,32        | 56,10      |
| Fermentación entérica                           | -  | 2.162,80        | -                | -             | -           | -               | 2.162,80        | 30,83      |
| Xestión do esterco                              | -  | 802,17          | 265,43           | -             | -           | -               | 1.067,61        | 15,22      |
| Cultivo de arroz                                | -  | -               | -                | -             | -           | -               | -               | -          |
| Chans agrícolas                                 | -  | -               | 687,13           | -             | -           | -               | 687,13          | 9,79       |
| Queimas planificadas de sabanas                 | -  | -               | -                | -             | -           | -               | -               | -          |
| Queima no campo de residuos agrícolas           | -  | -               | -                | -             | -           | -               | -               | -          |
| Enmendas calizas                                | -  | -               | -                | -             | -           | -               | -               | -          |
| Fertilización con urea                          | 16,20  | -               | -                | -             | -           | -               | 16,20           | 0,23       |
| Aplicación de fertilizantes con carbono         | 1,59   | -               | -                | -             | -           | -               | 1,59            | 0,02       |
| <b>Cambio de uso do chan e silvicultura</b>     | - 9.663,85                                       | 36,03           | 49,94            | -             | -           | -               | - 9.577,88      | - 136,53   |
| <b>Emisións indirectas de chans xestionados</b> | -  | -               | -                | -             | -           | -               | -               | -          |
| Terras forestais                                | - 9.823,05                                       | 17,12           | 20,89            | -             | -           | -               | - 9.785,04      | - 139,48   |
| Terras de cultivo                               | 138,71   | 0,00            | 2,64             | -             | -           | -               | 141,35          | 2,01       |
| Pastizais                                       | - 142,67   | 18,90           | 17,49            | -             | -           | -               | - 106,27        | - 1,51     |
| Humedais  | - 1,95   | 0,00            | 0,00             | -             | -           | -               | - 1,95          | - 0,03     |
| Asentamentos                                    | 215,58   | -               | 8,85             | -             | -           | -               | 224,43          | 3,20       |
| Outras terras                                   | 0,80   | -               | 0,07             | -             | -           | -               | 0,87            | 0,01       |
| Produtos madeiros                               | - 51,27  | -               | -                | -             | -           | -               | - 51,27         | - 0,73     |
| Outros  | -  | -               | -                | -             | -           | -               | -               | -          |
| <b>Tratamento e eliminación de residuos</b>     | -  | 443,44          | 160,84           | -             | -           | -               | 604,27          | 8,61       |
| Depósito en vertedeiros                         | -  | 360,03          | -                | -             | -           | -               | 360,03          | 5,13       |
| Tratamento biolóxico de residuos sólidos        | -  | 3,17            | 0,76             | -             | -           | -               | 3,93            | 0,06       |
| Incineración de residuos                        | -  | 0,62            | 2,12             | -             | -           | -               | 2,74            | 0,04       |
| Tratamento de augas residuais                   | -  | 79,57           | 157,96           | -             | -           | -               | 237,53          | 3,39       |
| Outros  | -  | 0,05            | -                | -             | -           | -               | 0,05            | 0,00       |
| <b>Outros</b>                                   | -  | -               | -                | -             | -           | -               | -               | -          |

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

#### 4.4.11.

Variacións das emisións GEI en 2024: distribución segundo sectores



Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

4.4.12.

Emisións de CO2 asignadas e declaradas 2025

|   | Instalacións | Emisións                            |                                |            |                                 |
|---|--------------|-------------------------------------|--------------------------------|------------|---------------------------------|
|   |              | asignadas<br>(t CO <sub>2</sub> eq) | declaradas                     |            | 25/24<br>(t CO <sub>2</sub> eq) |
|   |              |                                     | 2025<br>(t CO <sub>2</sub> eq) | (%)        |                                 |
| Producción enerxía eléctrica            | 2            | -                                   | 1.082.108                      | 30,1       | 183.889                         |
| Coxeración-combustión                   | 17           | 457.224                             | 375.941                        | 10,5       | -25.407                         |
| Refino e produción de H2                | 2            | 847.078                             | 1.241.776                      | 34,5       | 31.418                          |
| Produción de aceiro e ferroaleacións    | 5            | 212.822                             | 220.344                        | 6,1        | -71.495                         |
| Produción de aluminio                   | 2            | 297.838                             | 492.407                        | 13,7       | 79.916                          |
| Produción de cemento, cal ou magnesita  | 2            | 106.935                             | 99.306                         | 2,8        | -13.028                         |
| Produción papel                         | 1            | 38.754                              | 69.150                         | 1,9        | 3.622                           |
| Fabricación produtos químicos orgánicos | 2            | 34.537                              | 14.729                         | 0,4        | -85.200                         |
| <b>Total</b>                            | <b>33</b>    | <b>1.995.188</b>                    | <b>3.595.761</b>               | <b>100</b> | <b>103.715</b>                  |

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

4.4.13.

### Emisións contaminantes nas CC.AA. 2023-24: actividades e complexos contaminantes <sup>(1)</sup>

|                            | actividades industriais |            | complexos industriais |              |
|----------------------------|-------------------------|------------|-----------------------|--------------|
|                            | 2024                    | 2023       | 2024                  | 2023         |
| Andalucía                  | 51                      | 49         | 575                   | 574          |
| Aragón                     | 44                      | 47         | 1.332                 | 1.323        |
| Asturias                   | 33                      | 33         | 74                    | 75           |
| Baleares                   | 11                      | 11         | 26                    | 26           |
| Canarias                   | 16                      | 16         | 45                    | 47           |
| Cantabria                  | 5                       | 25         | 7                     | 47           |
| Castela e León             | 50                      | 48         | 881                   | 871          |
| Castela-A Mancha           | 39                      | 39         | 474                   | 475          |
| Cataluña                   | 67                      | 66         | 1.501                 | 1.485        |
| C. Valenciana              | 46                      | 47         | 444                   | 439          |
| Extremadura                | 25                      | 25         | 80                    | 85           |
| <b>Galicia</b>             | <b>48</b>               | <b>44</b>  | <b>224</b>            | <b>225</b>   |
| Madrid                     | 35                      | 36         | 170                   | 177          |
| Murcia                     | 42                      | 42         | 249                   | 243          |
| Navarra                    | 42                      | 41         | 238                   | 237          |
| País Vasco                 | 48                      | 47         | 249                   | 223          |
| A Rioxa                    | 19                      | 19         | 73                    | 72           |
| Cidade Autónoma de Ceuta   | 1                       | 1          | 1                     | 1            |
| Cidade Autónoma de Melilla | -                       | 2          | -                     | 2            |
| <b>Total</b>               | <b>622</b>              | <b>638</b> | <b>6.643</b>          | <b>6.627</b> |

(1) complexos que teñen datos de información pública

Fonte: Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes (PRTR España)

#### ■ 4.4.14.

Deses 16,6 Mt CO<sub>2</sub>eq emitidos en Galicia durante o ano 2024, 3,5 Mt CO<sub>2</sub>eq (21%) proveñen das instalacións sometidas ao comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro en Galicia (o denominado sector directiva), correspondendo os restantes 13,1 Mt CO<sub>2</sub>eq (74,2%) aos definidos como sectores difusos. Mentres que o sector directiva experimentaron unha diminución nas súas emisións con respecto ao ano anterior, o sector difuso incrementouse un 1.1%.

No concernte ás inscricións das emisións e entrega de dereitos de emisións das instalacións suxeitas á aplicación da Lei 1/2005, o **cadro 4.4.13.** amosa que no período de notificación de 2025, o volume total de emisións declaradas polas 33 instalacións afectadas pola devandita lei aumentou ata as 3.596 miles de toneladas de CO<sub>2</sub>, o que supón un incremento de 104 miles de toneladas de CO<sub>2</sub>eq en relación ao ano anterior. O sector da produción de enerxía eléctrica, cun incremento no último ano de 184 mil toneladas, é o segundo sector en volume de emisións totais declaradas no último ano en Galicia, por detrás das actividades da produción de refino e produción de hidróxeno que, con 1.242 miles de toneladas de CO<sub>2</sub>eq declaradas, representan o 34,5% das emisións totais.

Finalmente, destacar que existen 65 actividades industriais que deben proporcionar datos ao Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes, incluídas nos sectores de enerxía, produción e transformación de metais, industrias minerais, industria química, xestión de residuos e augas residuais, fabricación e transformación de papel e madeira, gandería e acuicultura intensiva, produtos de orixe animal e vexetal da industria alimentaria e das bebidas e outras actividades.

No ano 2024, último dispoñible, as actividades industriais contaminantes dos sinalados sectores industriais, existentes en Galicia ascendían a 48, e os complexos industriais clasificados tamén como contaminantes a 224. Galicia se sitúa no quinto posto, xunto co País Vasco, entre as Comunidades con maior número de actividades industriais contaminantes e baixa ao décimo posto, en canto ao número de complexos industriais (**cadro 4.4.14.**).

### Investimento das empresas en protección medioambiental

O investimento empresarial orientado á diminución das emisións contaminantes representa un elemento fundamental para medir o grao de eficacia das políticas ambientais, tanto no ámbito estatal como no internacional. Con todo, a análise deste indicador está condicionada pola escasa actualización dos datos dispoñibles, xa que a información máis recente corresponde a 2023 e inclúe unicamente aquelas empresas que cumpran os requisitos da enquisa dentro das actividades das CNAE B, C e D, isto é, industrias extractivas, manufactureiras e o subministro de electricidade, gas, vapor e aire acondicionado (**cadro 4.4.15.**).

Nese exercicio, o gasto das industrias galegas en protección ambiental experimentou un incremento salientable, cunha suba do 26,1% respecto ao ano anterior. Como resultado, en 2023 o sector industrial galego destinou 250,9 millóns de euros a actuacións relacionadas coa protección do medio ambiente, unha cifra próxima aos 260,8 millóns investidos en 2019, ano no que se acadou o maior valor da serie histórica.

No contexto estatal, Galicia acadou unha participación do 5,7% no total do gasto ambiental empresarial, o que supón un incremento de seis décimas porcentuais respecto ao ano anterior. Esta mellora relativa explícase polo menor crecemento rexistrado no conxunto do Estado, onde o incremento medio foi do 13,5%, fronte ao xa citado 26,1% en Galicia.

O incremento no gasto en protección ambiental ven motivado tanto polo incremento do 33,5% no investimento total, como polo aumento do 22,4% nos gastos correntes. Tal como reflicte o **cadro 4.4.15.**, o investimento medra en 22,2 millóns de euros e os gastos correntes aumentan en 29,7 millóns de euros. Tras esta evolución, o investimento total ascende a 88,2 millóns de euros e os gastos correntes a 162,6 millóns.

O 95% do total investido pola industria en protección ambiental destínase a equipos e instalacións integradas no propio proceso produtivo, fronte ao 5% restante dedicado a equipos e instalacións independentes. Porcentaxes diferentes ás rexistradas de media no Estado (75% 25%).

### Investimento das empresas en protección ambiental en Galicia e España 2018-23 <sup>(1)</sup>

|   | España                |                |                |                |                |                | Galicia      |              |              |              |              |              |
|---|-----------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
|   | 2018                  | 2019           | 2020           | 2021           | 2022           | 2023           | 2018         | 2019         | 2020         | 2021         | 2022         | 2023         |
|   | (en millóns de euros) |                |                |                |                |                |              |              |              |              |              |              |
| <b>Total CNAE B, C e D</b>  | <b>2.626,2</b>        | <b>2.792,0</b> | <b>2.625,5</b> | <b>3.267,1</b> | <b>3.887,7</b> | <b>4.411,0</b> | <b>193,3</b> | <b>260,8</b> | <b>151,5</b> | <b>200,9</b> | <b>199,0</b> | <b>250,9</b> |
| Investimento total  | 619,6                 | 736,7          | 613,8          | 905,5          | 1.214,5        | 1.575,1        | 80,5         | 148,8        | 36,0         | 38,3         | 66,1         | 88,2         |
| Equipos e instalacións independentes                                      | 181,4                 | 232,0          | 207,1          | 314,8          | 284,0          | 403,4          | 9,7          | 21,4         | 5,0          | 9,2          | 15,5         | 4,6          |
| Protección do aire e o clima  | 54,9                  | 66,3           | 46,4           | 57,4           | 49,0           | 115,1          | 4,0          | 7,1          | 2,4          | 2,7          | 0,7          | 0,9          |
| Xestión de augas residuais  | 39,1                  | 48,6           | 37,0           | 41,0           | 63,0           | 106,9          | 3,0          | 10,3         | 0,8          | 3,9          | 14,0         | 0,6          |
| Xestión de residuos   | 13,8                  | 22,7           | 14,0           | 10,3           | 19,2           | 18,2           | 0,4          | 0,7          | 0,1          | 0,3          | 0,4          | 0,5          |
| Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais | 14,6                  | 20,1           | 4,8            | 15,1           | 8,0            | 10,9           | 1,4          | 0,8          | 0,1          | 0,1          | 0,1          | 0,4          |
| Reducción de ruidos e vibracións  | 4,8                   | 8,9            | 3,6            | 2,2            | 4,8            | 4,8            | 0,3          | 0,1          | 0,0          | 0,4          | 0,0          | 0,2          |
| Protección da biodiversidade e a paisaxe                                  | 38,2                  | 47,0           | 82,9           | 2,0            | 22,8           | 11,1           | 0,4          | 1,2          | 0,8          | 0,2          | 0,1          | 0,3          |
| Outras actividades de protección ambiental                                | 16,0                  | 18,4           | 18,4           | 186,7          | 117,3          | 136,5          | 0,2          | 1,2          | 0,7          | 1,7          | 0,3          | 1,7          |
| Equipos e instalacións integrados   | 438,2                 | 504,7          | 406,7          | 590,7          | 930,5          | 1.171,7        | 70,8         | 127,4        | 31,0         | 29,1         | 50,6         | 83,6         |
| Protección do aire e o clima  | 326,5                 | 391,9          | 279,3          | 365,0          | 667,2          | 652,5          | 61,8         | 112,5        | 24,3         | 17,6         | 30,5         | 51,0         |
| Xestión de augas residuais  | 38,9                  | 41,8           | 36,6           | 78,7           | 81,5           | 114,5          | 2,9          | 1,7          | 0,7          | 3,3          | 1,5          | 12,1         |
| Xestión de residuos   | 48,0                  | 44,8           | 58,9           | 87,1           | 93,0           | 150,0          | 4,5          | 10,2         | 4,0          | 2,3          | 12,3         | 7,2          |
| Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais | 14,7                  | 13,6           | 10,4           | 9,5            | 34,9           | 91,0           | 1,1          | 0,7          | 1,0          | 0,6          | 1,7          | 3,6          |
| Reducción de ruidos e vibracións  | 4,6                   | 3,9            | 5,6            | 5,6            | 9,3            | 14,8           | 0,3          | 0,4          | 0,2          | 0,3          | 0,0          | 0,4          |
| Outras actividades de protección ambiental                                | 5,5                   | 8,7            | 15,8           | 44,8           | 44,7           | 148,9          | 0,2          | 1,9          | 0,8          | 5,1          | 4,6          | 9,3          |
| Gastos correntes  | 2.006,7               | 2.055,3        | 2.011,7        | 2.361,7        | 2.673,2        | 2.835,8        | 112,9        | 112,0        | 115,5        | 162,6        | 132,9        | 162,6        |
| <b>C. Industria manufacturera</b>   | <b>2.348,1</b>        | <b>2.437,9</b> | <b>2.342,9</b> | <b>2.854,1</b> | <b>3.452,0</b> | <b>3.989,6</b> | <b>136,5</b> | <b>159,4</b> | <b>135,4</b> | <b>165,7</b> | <b>190,2</b> | <b>217,8</b> |
| Investimento total  | 498,8                 | 540,9          | 482,3          | 663,2          | 981,0          | 1.364,5        | 31,6         | 56,5         | 33,4         | 33,7         | 65,1         | 85,8         |
| Equipos e instalacións independentes                                      | 116,3                 | 148,3          | 109,7          | 144,4          | 144,2          | 294,0          | 7,3          | 18,5         | 3,7          | 8,4          | 15,1         | 4,0          |
| Protección do aire e o clima  | 42,5                  | 57,4           | 44,8           | 53,9           | 47,4           | 113,8          | 3,6          | 7,0          | 2,4          | 2,7          | 0,7          | 0,9          |
| Xestión de augas residuais  | 38,7                  | 47,6           | 35,4           | 40,5           | 62,7           | 106,0          | 3,0          | 10,2         | 0,8          | 3,9          | 14,0         | 0,6          |
| Xestión de residuos   | 11,2                  | 18,3           | 14,0           | 9,9            | 19,1           | 18,0           | 0,2          | 0,4          | 0,1          | 0,3          | 0,4          | 0,5          |
| Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais | 10,1                  | 6,3            | 4,1            | 12,0           | 5,4            | 10,2           | 0,1          | 0,5          | 0,1          | 0,1          | 0,1          | 0,4          |
| Reducción de ruidos e vibracións  | 4,8                   | 3,9            | 3,6            | 1,9            | 4,6            | 3,9            | 0,3          | 0,1          | 0,0          | 0,4          | 0,0          | 0,0          |
| Protección da biodiversidade e a paisaxe                                  | 1,1                   | 0,7            | 1,8            | 1,5            | 0,0            | 7,8            | 0,0          | 0,0          | 0,0          | 0,0          | -            | 0,0          |
| Outras actividades de protección ambiental                                | 8,0                   | 13,9           | 6,0            | 24,5           | 5,0            | 34,3           | 0,1          | 0,3          | 0,3          | 1,1          | -            | 1,6          |
| Equipos e instalacións integrados   | 382,4                 | 392,6          | 372,6          | 518,8          | 836,8          | 1.070,5        | 24,3         | 37,9         | 29,7         | 25,3         | 50,0         | 81,8         |
| Protección do aire e o clima  | 278,8                 | 289,9          | 250,0          | 312,5          | 586,5          | 582,5          | 17,6         | 24,7         | 23,6         | 16,7         | 29,9         | 50,6         |
| Xestión de augas residuais  | 36,3                  | 38,6           | 36,4           | 73,9           | 80,9           | 107,5          | 0,8          | 1,6          | 0,7          | 2,9          | 1,5          | 10,8         |
| Xestión de residuos   | 47,5                  | 44,0           | 58,7           | 76,5           | 83,6           | 133,0          | 4,4          | 10,1         | 3,9          | 0,8          | 12,3         | 7,2          |
| Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais | 10,5                  | 8,9            | 8,7            | 9,3            | 33,0           | 85,1           | 1,0          | 0,6          | 1,0          | 0,5          | 1,7          | 3,6          |
| Reducción de ruidos e vibracións  | 4,3                   | 3,8            | 5,6            | 5,5            | 9,2            | 14,5           | 0,2          | 0,4          | 0,2          | 0,2          | 0,0          | 0,4          |
| Outras actividades de protección ambiental                                | 5,0                   | 7,3            | 13,2           | 41,1           | 43,6           | 148,0          | 0,2          | 0,5          | 0,4          | 4,2          | 4,6          | 9,3          |
| Gastos correntes  | 1.849,3               | 1.897,0        | 1.860,6        | 2.190,9        | 2.470,9        | 2.625,0        | 104,9        | 102,9        | 102,0        | 132,0        | 125,1        | 132,0        |

(1) datos referidos ás empresas das seccións B, C e D da CNAE-2009

Fonte: INE, Estadísticas sobre las actividades de protección medioambiental

#### ■ 4.4.15.

Un ano máis, en 2023, o investimento destinado a equipos integrados para a protección do aire e do clima rexistrou novamente a cifra máis elevada entre os distintos ámbitos ambientais, alcanzando os 51 millóns de euros. Este importe representa un aumento significativo fronte aos 17,6 millóns investidos en 2021 ou os 30,5 de 2022 , aínda que segue moi por debaixo dos 112,5 millóns rexistrados en 2019.

A gran distancia, en segundo e terceiro lugar sitúanse os investimentos en equipos e instalacións

independentes para a xestión de augas residuais e en sistemas integrados para a xestión de residuos, que acadaron 12,1 millóns e 7,2 millóns de euros respectivamente.

No ano 2023, o 86,8% do gasto en protección ambiental realizado polas empresas galegas correspondeu ao sector da industria manufactureira, unha proporción inferior á media estatal, situada no 90,5%. En termos absolutos, este sector destinou 85,8 millóns de euros a este fin, o que supón un 32% máis que o investimento realizado no exercicio anterior.

Analizando o tipo de investimento das industrias manufactureiras en protección ambiental, obsérvase un descenso de 11,1 millóns de euros no destinado a equipos independentes e un incremento moi destacado —de 31,9 millóns de euros— aos equipos integrados. Pola súa banda, os gastos correntes en protección ambiental tamén rexistraron un crecemento, cunha suba de 6,9 millóns de euros, ata acadar un total de 132 millóns no ano 2023.

### Espazos naturais protexidos

A Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) está composta por un conxunto diverso de áreas de elevado valor ecolóxico e ambiental, que inclúe: seis parques naturais oficialmente declarados; o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia; oito espazos recoñecidos como monumentos naturais, en atención ao seu destacado interese natural, paisaxístico, xeolóxico ou histórico; cinco zonas húmidas protexidas; dúas paisaxes protexidas; e máis de setenta áreas clasificadas como zonas de especial protección dos valores naturais.

Segundo os datos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural (**cadro 4.4.16.**), a superficie terrestre amparada por esta rede acada as 358.984 hectáreas, o que representa aproximadamente o 12,14% da superficie total de Galicia.

Desde o punto de vista territorial, as provincias de Lugo e Ourense concentran a maior parte desta superficie protexida, con 153.296 ha (15,56% da superficie provincial) e 133.347 ha (18,34%) respectivamente. Pola contra, nas provincias da Coruña e Pontevedra, a porcentaxe de territorio baixo protección ambiental sitúase arredor do 5,8%, cunha superficie de 46.340 ha e 26.000 ha, respectivamente.

### Fauna salvaxe

O aumento da presenza de fauna salvaxe en zonas humanizadas provoca impactos crecentes sobre a agricultura, a gandería e a seguridade viaria. O estudo sistemático dos datos sobre danos permite cuantificar a súa magnitude, identificar patróns de incidencia e apoiar a planificación de medidas de xestión eficaces, reducindo o conflito entre actividade humana e conservación da fauna.

No que atinxe á incidencia dos ataques do lobo na cabana gandeira galega, os datos reflectidos no **cadro 4.4.17.** amosan que entre 2016 e 2025 obsérvase unha tendencia xeral crecente tanto no número de avisos como nas reses afectadas polos danos atribuídos ao lobo, aínda que con certas oscilacións interanuais. Os avisos pasan de 820 en 2016 a máis de 2.100 en 2024, cun li-

## Rede Galega de Espazos Protexidos: distribución segundo categoría e provincia <sup>(1)</sup>

|   | A Coruña                   | Lugo    | Ourense | Pontevedra | Galicia   |
|---|----------------------------|---------|---------|------------|-----------|
|   | (en hectáreas)             |         |         |            |           |
| <b>Superficie</b>                         | 795.771                    | 985.245 | 727.004 | 448.977    | 2.956.998 |
| <b>Red Galega de Espazos Protexidos</b>   | 46.340                     | 153.296 | 133.347 | 26.000     | 358.984   |
| Parques                                   | 10.271                     | -       | 38.185  | 1.709      | 50.165    |
| Monumentos naturais                       | 259                        | 104     | 1.000   | 5          | 1.368     |
| Humidais protexidos                       | 2.925                      | 500     | -       | 976        | 4.400     |
| Paisaxes protexidos                       | 212                        | -       | 691     | -          | 903       |
| <b>Espazos protexidos Red Natura 2000</b> | 46.035                     | 153.293 | 129.258 | 25.943     | 354.529   |
|   | (% sobre superficie total) |         |         |            |           |
| <b>Red Galega de Espazos Protexidos</b>   | 5,82                       | 15,56   | 18,34   | 5,79       | 12,14     |
| Parques                                   | 1,29                       | 0,00    | 5,25    | 0,38       | 1,70      |
| Monumentos naturais                       | 0,03                       | 0,01    | 0,14    | 0,00       | 0,05      |
| Humidais protexidos                       | 0,37                       | 0,05    | 0,00    | 0,22       | 0,15      |
| Paisaxes protexidos                       | 0,03                       | 0,00    | 0,10    | 0,00       | 0,03      |
| <b>Espazos protexidos Red Natura 2000</b> | 5,78                       | 15,56   | 17,78   | 5,78       | 11,99     |

(1) datos actualizados a 31-12-2023 y sin cambios posteriores.  
Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

### 4.4.16.

## Danos provocados no sector agrícola e gandeiro polo lobo e xabarín 2016-25

|      | Avisos | Danos provocados polo lobo |       |        |       | Total |
|------|--------|----------------------------|-------|--------|-------|-------|
|      |        | Reses afectadas            |       |        |       |       |
|      |        | Equino                     | Ovino | Cabrún | Vacún |       |
| 2016 | 820    | 170                        | 801   | 185    | 417   | 1.573 |
| 2017 | 1.203  | 256                        | 1.288 | 242    | 593   | 2.379 |
| 2018 | 1.328  | 335                        | 924   | 174    | 786   | 2.219 |
| 2019 | 1.396  | 441                        | 957   | 216    | 707   | 2.321 |
| 2020 | 1.303  | 290                        | 1.044 | 298    | 667   | 2.299 |
| 2021 | 1.204  | 311                        | 944   | 191    | 604   | 2.050 |
| 2022 | 1.332  | 331                        | 1.042 | 214    | 664   | 2.251 |
| 2023 | 1.644  | 436                        | 1.191 | 224    | 953   | 2.804 |
| 2024 | 2.127  | 582                        | 1.302 | 219    | 1.122 | 3.225 |
| 2025 | 1.911  | 578                        | 1.281 | 248    | 1.003 | 3.112 |

|                | Danos provocados polo xabaril <sup>(1)</sup> |                |                |                |                |                |                |
|----------------|--|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
|                | (superficie de cultivos afectada)            |                |                |                |                |                |                |
|                | 2019   | 2020           | 2021           | 2022           | 2023           | 2024           | 2025           |
|                | (hectáreas)                                  |                |                |                |                |                |                |
| A Coruña       | 275,1  | 718,4          | 782,3          | 674,9          | 1.021,9        | 1.229,0        | 1.603,7        |
| Lugo           | 676,0  | 733,8          | 569,8          | 572,0          | 765,7          | 1.006,6        | 1.041,9        |
| Ourense        | 264,1  | 243,8          | 310,3          | 306,4          | 341,2          | 424,3          | 452,0          |
| Pontevedra     | 78,1   | 50,6           | 77,4           | 52,7           | 96,2           | 122,1          | 158,8          |
| <b>Galicia</b> | <b>1.293,2</b>                               | <b>1.746,6</b> | <b>1.739,7</b> | <b>1.606,0</b> | <b>2.225,0</b> | <b>2.781,9</b> | <b>3.256,5</b> |

(1) Dende o ano 2021 inclúense o novo concepto dos frutais  
Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

### 4.4.17.

xeiro descenso en 2025, mentres que o total de reses afectadas practicamente se duplica, acadando o máximo tamén en 2024 (3.225). Por especies, o gando ovino concentra de maneira constante o maior volume de perdas ao longo de toda a serie, seguido do vacún, que amosa un incremento especialmente acusado nos últimos anos. Pola súa banda, o equino presenta unha tendencia progresiva á alza, mentres que o caprún mantense máis estable con variacións moderadas. En conxunto, os datos evidencian un incremento da presión do lobo sobre a cabana gandeira, con maior intensidade a partir de 2022.

En relación a 2024, o ano 2025 presenta unha lixeira diminución no número de avisos (de 2.127 a 1.911) e tamén no total de reses afectadas (de 3.225 a 3.112). Non obstante, os niveis mantéñense elevados en termos históricos, con descensos pouco significativos no conxunto e comportamentos desiguais por especies, destacando a leve redución en vacún e ovino fronte á estabilidade do equino e ao incremento do caprún.

En relación ás políticas de compensación, a partir dos datos das solicitudes de pago de indemnización presentadas por agricultores e gandeiros galegos afectados por danos de xabarís nos seus predios, observamos como entre 2019 e 2025, a superficie de cultivos afectada polos danos do xabariño en Galicia mostra un incremento significativo, pasando de 1.293,2 hectáreas en 2019 a 3.256,5 hectáreas en 2025, máis que duplicando a área afectada en seis anos. O aumento é especialmente notable a partir de 2022, cunha escalada marcada en 2023 e 2024, que continúa en 2025, situándose todos os indicadores en máximos históricos da serie. Por provincias, A Coruña experimenta o maior incremento absoluto entre 2024 e 2025, pasando de 1.229 a 1.603,7 hectáreas, mentres que Lugo mostra unha moderación do ritmo de crecemento fronte aos anos anteriores. Ourense e Pontevedra tamén seguen a tendencia ascendente, aínda que cun ritmo máis moderado.

En relación co ano anterior, 2025 mantén o patrón de aumento xeneralizado, con incrementos de 474,6 hectáreas respecto de 2024, principalmente debido á presión sobre os cultivos de A Coruña e Ourense.

A proliferación de fauna silvestre nas contornas humanizadas está a xerar tamén un impacto crecente sobre a seguridade viaria en Galicia, cunha tendencia á alza nos accidentes de tráfico nos que interveñen animais. Os datos expostos nos **cadros 4.4.18.** e **4.4.19.** mostran como entre 2024 e 2025, Galicia rexistrou un aumento global da sinistralidade viaria relacionada coa fauna, tanto en termos de número total de accidentes como na súa gravidade. O total de accidentes con intervención de animais pasou de 5.723 a 6.122 (aumento do 17%), cun crecemento destacado dos casos causados por xabarís, que representan preto do 66% dos incidentes en ambos anos (3.766 en 2024 e 4.080 en 2025). Pola súa banda, os accidentes con vítimas aumentaron en un, pasando de 73 en 2024 a 74 en 2025, destacando o aumento rexistrado na provincia de Pontevedra que pasa de 24 a 33 accidentes con vítimas.

### Accidentes con intervención de animais 2024-25

|              | 2025         |              |            |            | Total        |
|--------------|--------------|--------------|------------|------------|--------------|
|              | Corzo        | Xabariil     | Can        | Outros     |              |
| A Coruña     | 229          | 1.136        | 78         | 140        | 1.583        |
| Lugo         | 501          | 1.113        | 80         | 116        | 1.810        |
| Ourense      | 405          | 1.218        | 49         | 83         | 1.755        |
| Pontevedra   | 115          | 613          | 105        | 141        | 974          |
| <b>Total</b> | <b>1.250</b> | <b>4.080</b> | <b>312</b> | <b>480</b> | <b>6.122</b> |

|              | 2024         |              |            |            | Total        |
|--------------|--------------|--------------|------------|------------|--------------|
|              | Corzo        | Xabariil     | Can        | Outros     |              |
| A Coruña     | 171          | 1.080        | 89         | 104        | 1.444        |
| Lugo         | 486          | 1.000        | 91         | 138        | 1.715        |
| Ourense      | 364          | 1.057        | 74         | 89         | 1.584        |
| Pontevedra   | 108          | 629          | 15         | 228        | 980          |
| <b>Total</b> | <b>1.129</b> | <b>3.766</b> | <b>269</b> | <b>559</b> | <b>5.723</b> |

Fonte: Jefatura Provincial de Tráfico de A Coruña

#### ■ 4.4.18.

### Accidentes con intervención de animais 2024-25

|              | 2025                      |             | 2024                |             |
|--------------|---------------------------|-------------|---------------------|-------------|
|              | Con danos materiais       | Con vítimas | Con danos materiais | Con vítimas |
|              | <i>(nº de accidentes)</i> |             |                     |             |
| A Coruña     | 1.559                     | 24          | 1.420               | 24          |
| Lugo         | 1.805                     | 5           | 1.698               | 17          |
| Ourense      | 1.743                     | 12          | 1.576               | 8           |
| Pontevedra   | 941                       | 33          | 956                 | 24          |
| <b>Total</b> | <b>6.048</b>              | <b>74</b>   | <b>5.650</b>        | <b>73</b>   |

Fonte: Jefatura Provincial de Tráfico de A Coruña

#### ■ 4.4.19.

## Bosques e incendios forestais

Os datos recollidos no Anuario de Estatística Forestal 2023, último publicado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico no ano 2025, reflicten que a superficie forestal arborada en Galicia ascende a 1.472.771 hectáreas, o que representa o 72,7% da superficie forestal galega e o 68% da superficie autonómica total.

Segundo o sistema de indicadores para 2025 da Consellería de Medio Rural, o número de montes ou parcelas forestais con instrumentos de ordenación e xestión forestal (IOXF) ascendeu a 188.259, elevándose a superficie total a 674.957 hectáreas, en relación ao ano anterior o número de instrumentos de ordenación e xestión forestal aumenta un 23,9%. Atendendo á súa distribución segundo provincia, Ourense concentra o 34,5% da superficie ordenada con tan só o 7,1% dos Instrumentos de Ordenación e Xestión Forestal (IOXF), por diante de Lugo que concentra o 30,1% da superficie e o 29,6% dos montes con IOXF.

No que respecta aos montes xestionados baixo consorcio ou convenio, en 2025 hai 1.435 montes de xestión pública, un 4,2% menos que no ano anterior, ascendendo a superficie xestionada a 228.945 ha, un 5,7% menos que en 2024; sendo Ourense a provincia cunha maior superficie xestionada, co 48,6% do total autonómico.

Finalmente destacar Os Montes Veciñais en Man Común, como a figura máis importante de xestión forestal en Galicia, de xeito que no ano 2025 hai en Galicia 3.417 montes veciñais en man común (MVMC), cunha superficie de 662 mil hectáreas, polo tanto cunha superficie media de case 194 hectáreas.

O incremento das condicións de risco de incendios forestais en Galicia, resultado de factores como o cambio climático, a elevada densidade e fragmentación das masas forestais, a acumulación de biomasa e a distribución do uso do solo, tradúcese tamén en variacións na frecuencia e extensión dos lumes. Estas condicións, que favorecen a ignición e a propagación dos incendios, derivan nunha actividade incendiaria máis intensa e con maior superficie afectada en períodos críticos do ano. O verán de 2025 constituíu un exemplo salientable desa dinámica: segundo as estimacións do sistema europeo EFFIS do programa Copernicus, desde o inicio da campaña estival ardéronse en Galicia máis de 171 mil hectáreas de terreo, concentrándose a maior parte das superficies queimadas nos meses de agosto e con Ourense como a provincia máis afectada por superficie queimada no conxunto do ano. A nivel estatal, o ano 2025 alcanzou cifras de superficie queimada entre as máis altas rexistradas en décadas.

Segundo os datos recollidos pola Consellería do Medio Rural (**cadro 4.4.21.**), no último exercicio contabilizáronse 1.475 sinistros forestais, cifra que representa un aumento de 720 incidentes respecto ao ano anterior, é dicir, un 95,4% máis. A superficie afectada foi de 118.764 hectáreas, fronte ás 2.645 hectáreas afectadas en 2024, o que implica que a superficie queimada en 2025 multiplicouse por 44 en relación ao ano anterior.

Estes datos sitúan a campaña de 2025 entre as máis graves dos últimos 30 anos, cunha enorme superficie queimada e reflectindo a intensa interacción entre as condicións ambientais e a ac-

## Estrutura e ordenación da propiedade forestal 2019-25

|  | 2019       | 2020       | 2021       | 2022       | 2023       | 2024       | 2025       |
|--|------------|------------|------------|------------|------------|------------|------------|
| <b>Montes públicos</b>   |            |            |            |            |            |            |            |
| Nº de montes   | 237        | 234        | 235        | 234        | 237        | 239        | 239        |
| Superficie   | 55.366,50  | 53.636,16  | 53.636,16  | 53.215,56  | 53.666,39  | 53.823,82  | 53.823,82  |
| <b>Montes veciñais en man común (MVMC)</b>   |            |            |            |            |            |            |            |
| Nº de montes   | 3.345      | 3.349      | 3.353      | 3.371      | 3.376      | 3.391      | 3.417      |
| Superficie   | 663.106,83 | 667.997,98 | 662.512,45 | 661.832,34 | 660.709,25 | 661.553,04 | 662.014,22 |
| Superficie media   | 198,24     | 199,46     | 197,59     | 196,33     | 195,71     | 195,09     | 193,74     |
| <b>Comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC)</b>   |            |            |            |            |            |            |            |
| Nº de CMVMC  | -          | 3.013      | 3.016      | 3.029      | 3.030      | 3.037      | 3.048      |
| % de CMVC que cumpren obrigas  | -          | 10,39%     | 3,00%      | 47,61%     | 46,53%     | 45,74%     | 43,67%     |
| Nº de comuneiros   | -          | 119.529    | 119.309    | 117.801    | 116.939    | 115.798    | 114.900    |
| Nº medio de comuneiros   | -          | 39,67      | 39,56      | 38,89      | 38,59      | 38,13      | 37,70      |
| Ingresos medios  | 39.721,26  | 35.779,16  | 43.539,40  | 51.999,91  | 50.899,32  | 43.022,36  | 33.424,26  |
| Investimentos medios   | 23.821,67  | 19.610,26  | 23.832,52  | 23.338,61  | 20.608,17  | 23.676,80  | 17.616,36  |
| <b>Mancomunidades de montes veciñais en man común</b>  |            |            |            |            |            |            |            |
| Nº de mancomunidades   | 36         | 36         | 36         | 36         | 36         | 37         | 38         |
| <b>Montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo</b>   |            |            |            |            |            |            |            |
| Nº de montes   | 40         | 42         | 43         | 49         | 52         | 55         | 58         |
| Superficie   | 9.404,95   | 9.568,12   | 9.568,12   | 10.321,02  | 11.254,74  | 13.252,43  | 12.564,85  |
| <b>Agrupacións forestais inscritas</b>   |            |            |            |            |            |            |            |
| Nº de agrupacións  | 13         | 19         | 19         | 19         | 19         | 24         | 24         |
| Superficie   | 2.093,84   | 3.145,00   | 3.145,00   | 3.145,00   | 3.145,00   | 3.445,41   | 3.445,41   |
| Superficie xestionada  | 1.730,78   | 2.491,70   | 2.491,70   | 2.491,70   | 2.491,70   | 2.761,15   | 2.761,15   |
| Socios   | 602        | 925        | 925        | 925        | 925        | 1.164      | 1.164      |
| Parcelas   | 4.490      | 9.656      | 9.656      | 9.656      | 9.656      | 11.125     | 11.125     |
| <b>Rexistro de montes ordenados</b>  |            |            |            |            |            |            |            |
| Nº de instrumentos de ordenación e xestión forestal  | 5.298      | 6.696      | 43.296     | 84.986     | 117.881    | 151.944    | 188.259    |
| Nº de proxectos de ordenación (PO)   | 723        | 863        | 987        | 1.335      | 1.502      | 1.712      | 1.797      |
| Nº de documentos simples de xestión  | 12         | 15         | 25         | 57         | 72         | 82         | 86         |
| Nº de documentos compartidos de xestión  | -          | 1          | 1          | 2          | 2          | 2          | 3          |
| Nº de adhesións boas prácticas e modelos silvícolas/xestión forestal                                       | 4.563      | 5.817      | 42.283     | 83.592     | 116.305    | 150.148    | 186.373    |
| Superficie instrumentos de ordenación e xestión forestal   | 215.260,28 | 305.771,72 | 385.033,24 | 479.544,93 | 550.919,23 | 630.698,72 | 674.956,75 |
| Superficie proxectos de ordenación (PO)  | 206.829,99 | 295.156,01 | 349.632,18 | 416.328,90 | 465.594,28 | 523.038,97 | 541.628,17 |
| Superficie documentos simples de xestión   | 175,10     | 217,76     | 401,63     | 974,48     | 1.301,59   | 1.468,48   | 1.526,90   |
| Superficie documentos compartidos de xestión   | -          | 14,13      | 14,13      | 31,84      | 31,84      | 31,84      | 52,93      |
| Superficie adhesión boas prácticas e modelos silvícolas/xestión forestal                                   | 8.255,19   | 10.383,82  | 34.985,30  | 62.209,71  | 83.991,52  | 106.159,44 | 131.748,74 |
| Nº referencias catastrais en montes con adhesión boas prácticas e modelos silvícolas e de xestión forestal | 12.599     | 15.775     | 69.263     | 134.832    | 188.197    | 242.278    | 302.217    |
| Nº medio de referencias catastrais por adhesión  | 2,88       | 2,53       | 1,56       | 1,58       | 1,63       | 1,60       | 1,66       |
| Superficie media por adhesión  | 1,96       | 1,70       | 0,68       | 0,66       | 0,67       | 0,66       | 0,71       |

Fonte: Consellería do Medio Rural, *Estatísticas forestais*

### 4.4.20.

tividade incendiaria no territorio galego; neste senso Meteogalicia sinala o 2025 como o cuarto ano máis cálido dende 1961 e moi húmido. A primavera foi cálida e húmida mentres que xuño marcou máximas históricas de calor; a combinación de anomalías térmicas e o réxime de precipitacións rexistrado en 2025 configura un escenario perfecto para a propagación de incendios forestais.

A crise forestal rexistrada en Galicia durante o exercicio 2025 derivou non só nunha crise ambiental, senón que tamén nunha emerxencia de protección civil de magnitude inédita. O epi-

**Incendios forestais 2024-25: número de sinistros (1)**

|                   | Conatos      |            | Incendios  |            | Queimas   |           | Total        |            |
|-------------------|--------------|------------|------------|------------|-----------|-----------|--------------|------------|
|                   | 2025         | 2024       | 2025       | 2024       | 2025      | 2024      | 2025         | 2024       |
| <b>A Coruña</b>   | 286          | 110        | 91         | 16         | 17        | 4         | 394          | 130        |
| <b>Lugo</b>       | 177          | 71         | 58         | 22         | 13        | 5         | 248          | 98         |
| <b>Ourense</b>    | 319          | 237        | 76         | 37         | 31        | 16        | 426          | 290        |
| <b>Pontevedra</b> | 311          | 200        | 85         | 32         | 11        | 5         | 407          | 237        |
| <b>Total</b>      | <b>1.093</b> | <b>618</b> | <b>310</b> | <b>107</b> | <b>72</b> | <b>30</b> | <b>1.475</b> | <b>755</b> |

(1) datos son provisionais

Fonte: Consellería do Medio Rural

**4.4.21.**

**Incendios forestais 2024-25: superficie afectada (1)**

|                   | Superficie arborada |                 |          |                 | Superficie rasa  |                 |              |                 | Superficie Total |                  |              |                  |
|-------------------|---------------------|-----------------|----------|-----------------|------------------|-----------------|--------------|-----------------|------------------|------------------|--------------|------------------|
|                   | Conatos             | Incendios       | Queimas  | Total           | Conatos          | Incendios       | Queimas      | Total           | Conatos          | Incendios        | Queimas      | Total            |
|                   |                     |                 |          |                 | <i>(en Has.)</i> |                 |              |                 |                  |                  |              |                  |
| <b>A Coruña</b>   | 22,1                | 827,3           | -        | 849,4           | 18,0             | 522,2           | 122,5        | 662,7           | 40,1             | 1.349,5          | 122,5        | 1.512,1          |
| <b>Lugo</b>       | 11,8                | 5.258,5         | -        | 5.270,3         | 21,7             | 8.358,9         | 43,1         | 8.423,8         | 33,5             | 13.617,4         | 43,1         | 13.694,0         |
| <b>Ourense</b>    | 9,3                 | 30.963,3        | -        | 30.972,6        | 36,9             | 70.328,9        | 245,7        | 70.611,4        | 46,2             | 101.292,2        | 245,7        | 101.584,1        |
| <b>Pontevedra</b> | 26,9                | 1.454,4         | -        | 1.481,3         | 15,0             | 424,4           | 52,7         | 492,1           | 41,9             | 1.878,9          | 52,7         | 1.973,4          |
| <b>Total</b>      | <b>70,1</b>         | <b>38.503,5</b> | <b>-</b> | <b>38.573,6</b> | <b>91,6</b>      | <b>79.634,4</b> | <b>464,0</b> | <b>80.190,1</b> | <b>161,7</b>     | <b>118.137,9</b> | <b>464,0</b> | <b>118.763,7</b> |

|                   | Superficie arborada |                |          |                | Superficie rasa  |                |              |                | Superficie Total |                |              |                |
|-------------------|---------------------|----------------|----------|----------------|------------------|----------------|--------------|----------------|------------------|----------------|--------------|----------------|
|                   | Conatos             | Incendios      | Queimas  | Total          | Conatos          | Incendios      | Queimas      | Total          | Conatos          | Incendios      | Queimas      | Total          |
|                   |                     |                |          |                | <i>(en Has.)</i> |                |              |                |                  |                |              |                |
| <b>A Coruña</b>   | 6,3                 | 137,1          | -        | 143,4          | 5,4              | 75,5           | 26,3         | 107,2          | 11,7             | 212,6          | 26,3         | 250,7          |
| <b>Lugo</b>       | 4,1                 | 230,0          | -        | 234,1          | 7,3              | 96,8           | 58,6         | 162,7          | 11,4             | 326,7          | 58,6         | 396,8          |
| <b>Ourense</b>    | 7,0                 | 242,3          | -        | 249,3          | 24,7             | 655,9          | 310,8        | 991,4          | 31,7             | 898,3          | 310,8        | 1.240,7        |
| <b>Pontevedra</b> | 14,8                | 526,8          | -        | 541,6          | 8,5              | 174,6          | 31,8         | 214,9          | 23,3             | 701,5          | 31,8         | 756,6          |
| <b>Total</b>      | <b>32,2</b>         | <b>1.136,3</b> | <b>-</b> | <b>1.168,5</b> | <b>45,9</b>      | <b>1.002,8</b> | <b>427,6</b> | <b>1.476,3</b> | <b>78,1</b>      | <b>2.139,1</b> | <b>427,6</b> | <b>2.644,7</b> |

(1) datos son provisionais

Fonte: Consellería do Medio Rural

**4.4.22.**

sodio alcanzou a súa máxima gravidade durante agosto na provincia de Ourense, onde incendios de alta intensidade, co foco de Larouco e as súas 30.000 hectáreas como máximo expoñente, obrigaron ao desaloxo preventivo de máis de 2.000 cidadáns e ao confinamento de medio millar de residentes nos termos municipais de Cualedro e Monterrei. Especial relevancia cobrou a situación no Barco de Valdeorras, onde o risco inminente por proximidade de chama e a perigosidade atmosférica forzaron a evacuación de numerosos núcleos de poboación, así como o traslado urxente de colectivos vulnerables a instalacións sanitarias, nun contexto de colapso de infraestruturas críticas que incluíu a interrupción do servizo ferroviario de alta velocidade e o peche da autovía A-52.

No que respecta ao tipo de sinistros rexistrados, das 118.764 ha. queimadas no ano 2025 en Galicia, 118.138 hectáreas correspóndense a incendios, e só as restantes 626 ha son superficie queimada en conatos ou queimas.

No que respecta ao tipo de superficie afectada polos sinistros forestais, a superficie arborada queimada en 2025 en Galicia ascende ata as 38.574 hectáreas, fronte ás 1.168 hectáreas do ano anterior. A superficie rasa afectada foi de 80.190 hectáreas, fronte ás 1.476 ha. no ano anterior.

Tal como se sinalou anteriormente, a provincia máis afectada pola vaga de incendios foi a Ourense, mais a superficie queimada incrementábase en todas as provincias galegas en 2025.

A superficie queimada na provincia de Ourense superou as 100 mil hectáreas, das que o 69,5% era superficie rasa e o 30,5% arborada, por tanto Ourense concentra a maior parte do incremento da superficie queimada en Galicia. Lugo tamén rexistrou un aumento significativo, de 396,8 hectáreas en 2024 a 13.694 hectáreas en 2025, mentres que A Coruña e Pontevedra, aínda que con cifras menores, pasaron de 250,7 a 1.512,1 hectáreas e de 756,6 a 1.973,4 hectáreas respectivamente. Estes datos evidencian que o verán de 2025 foi excepcionalmente severo en toda Galicia, cunha intensidade e extensión sen precedentes nas últimas décadas, especialmente en Ourense, e destacan a dimensión histórica desta campaña de incendios.

## Residuos sólidos urbanos e residuos industriais

### • Residuos sólidos urbanos

A xeración continua de residuos tanto urbanos como industriais representa un dos principais desafíos ambientais e sociais, non só a nivel global, senón tamén no ámbito galego. En Galicia, a correcta xestión destes residuos constitúe unha das claves para avanzar cara a un modelo de desenvolvemento que sexa tanto máis sostible como máis eficiente. O crecemento do consumo e da produción provoca que grandes volumes de materiais descartados sigan tendo un impacto negativo sobre os ecosistemas, o solo, a calidade da auga e a saúde pública. Neste contexto, a Unión Europea está a fomentar a transición cara a un modelo de economía circular, que busca optimizar o ciclo de vida dos produtos a través da súa reutilización, reciclaxe e valorización. No marco deste movemento, Galicia impulsou a súa propia Estratexia Galega de Economía Circular

2021-2030, cuxo obxectivo é transformar o modelo económico actual nun sistema máis circular, resiliente e cunha pegada de carbono reducida.

A Estratexia Galega de Economía Circular establece unha serie de metas clave que orientan as accións tanto do sector público como privado neste proceso de transición. Entre os obxectivos máis destacados atópase a diminución nun 10% da xeración de residuos en comparación cos niveis de 2010, así como a mellora da taxa de reciclaxe, que debe alcanzar o 55% dos residuos municipais en 2025 e o 60% en 2030. Ademais, establécese como prioridade mellorar a eficiencia no uso de recursos en sectores estratéxicos, como a construción, a agroalimentación e a industria. A Estratexia tamén aposta por fomentar o uso de materiais reciclados na produción, o ecodeseño, a reparación de produtos e a implantación de modelos de negocio baseados na reutilización, o alugueiro e a servitización. Estes obxectivos están en liña co Pacto Verde Europeo e co Plan de Acción para a Economía Circular promovido pola Unión Europea.

A consecución destes obxectivos cobra especial relevancia se se analizan os datos actuais de xeración e tratamento de residuos sólidos urbanos en Galicia. Os datos da Enquisa sobre recollida e tratamento de residuos do INE reflicten que no ano 2023, último dispoñible, en relación ao ano anterior Galicia rexistra, a diferenza do que acontece de media no Estado, un aumento do volume total de RSU recollidos. Como se desprende do **cadro 4.4.23.**, en 2023 recolléronse en Galicia un total de 1.137,4 miles de toneladas, o 5% do total estatal, o que supón un aumento do 0,8% respecto ao ano anterior.

No ano 2023 o volume de residuos urbanos recollidos selectivamente aumentou un 8,5% ata as 211.650 tc., moi superior ao incremento medio estatal que foi do 1,9%. A recollida de residuos urbanos mesturados baixou un 0,8% en Galicia, fronte á maior caída da media do Estado do -4,6%.

O peso da recollida de residuos mesturados sobre o total de residuos urbanos é en Galicia do 81,4%, a quinta máis elevada de todas as CCAA, fronte á media estatal que é do 74,4%. En termos per cápita, en España no ano 2023 recolléronse 464,3 quilogramos de residuos por persoa e ano, Galicia recolleu 416,3 Kg persoa/ano, o sexto rexistro máis reducido das 15 CCAA, só por diante de Madrid (378,6 Kg), da Rioxa (393,7 Kg), do País Vasco (398,8 Kg), Aragón (403,3 Kg) e de Cataluña (412,9 kg).

Por tipo de residuo de recollida selectiva, no **cadro 4.4.24.** móstrase a evolución da recollida dos distintos tipos de residuos urbanos recollidos de xeito separado. Das máis de 210 mil toneladas de residuos recollidas selectivamente en Galicia en 2023, 56.669 tc son residuos animais e vexetais, o 26,8% do total da recollida selectiva, en segundo lugar con 46.968 tc, está a recollida de vidro (22,2% do total), 42.359 tm corresponden a papel e cartón (20% do total) e 33.400 tc a envases mixtos e embalaxes, o 15,8% do total de residuos recollidos selectivamente.

En relación aos residuos selectivos recollidos no ano anterior, resulta destacable a redución do 7,1% na recollida selectiva de vidro e o aumento da recollida selectiva de materiais minerais, onde se inclúen a construción e demolicións, que pasa de 6.163 tc en 2022 a 13.669 tc en 2023.

### Residuos urbanos recogidos nas CC.AA. 2022-23: distribución segundo tipo

|                       | 2023              |                           | 2022              |                           | 23/22       |                           |
|-----------------------|-------------------|---------------------------|-------------------|---------------------------|-------------|---------------------------|
|                       | mesturados        | recollidos selectivamente | mesturados        | recollidos selectivamente | mesturados  | recollidos selectivamente |
|                       | (en Tm.)          |                           |                   |                           | (%)         |                           |
| Andalucía             | 4.062.746         | 658.583                   | 4.253.143         | 654.915                   | -4,5        | 0,6                       |
| Aragón                | 456.238           | 153.467                   | 472.987           | 130.113                   | -3,5        | 17,9                      |
| Asturias              | 383.562           | 140.352                   | 397.387           | 133.739                   | -3,5        | 4,9                       |
| Baleares              | 576.761           | 248.064                   | 573.707           | 235.315                   | 0,5         | 5,4                       |
| Canarias              | 1.055.345         | 248.619                   | 1.067.123         | 331.742                   | -1,1        | -25,1                     |
| Cantabria             | 252.503           | 90.387                    | 264.875           | 59.321                    | -4,7        | 52,4                      |
| Castela e León        | 888.856           | 247.481                   | 862.030           | 192.661                   | 3,1         | 28,5                      |
| Castela - A Mancha    | 853.005           | 122.515                   | 884.334           | 122.105                   | -3,5        | 0,3                       |
| Cataluña              | 1.904.546         | 1.448.636                 | 2.091.917         | 1.506.182                 | -9,0        | -3,8                      |
| Comunidade Valenciana | 1.983.178         | 785.644                   | 2.078.512         | 697.467                   | -4,6        | 12,6                      |
| Extremadura           | 400.602           | 47.335                    | 417.136           | 45.524                    | -4,0        | 4,0                       |
| <b>Galicia</b>        | <b>925.805</b>    | <b>211.650</b>            | <b>933.668</b>    | <b>195.101</b>            | <b>-0,8</b> | <b>8,5</b>                |
| Madrid                | 1.744.532         | 912.853                   | 1.966.812         | 846.935                   | -11,3       | 7,8                       |
| Murcia                | 707.384           | 80.530                    | 725.418           | 79.826                    | -2,5        | 0,9                       |
| Navarra               | 150.915           | 137.884                   | 163.351           | 126.144                   | -7,6        | 9,3                       |
| País Vasco            | 541.740           | 360.631                   | 554.280           | 383.847                   | -2,3        | -6,0                      |
| A Rioxa               | 100.736           | 26.922                    | 104.299           | 25.578                    | -3,4        | 5,3                       |
| <b>Total</b>          | <b>17.061.447</b> | <b>5.882.827</b>          | <b>17.877.702</b> | <b>5.772.959</b>          | <b>-4,6</b> | <b>1,9</b>                |

Fonte: INE, *Estadística sobre recogida y tratamiento de residuos*

#### 4.4.23.

### Residuos urbanos recogidos selectivamente 2022-23: distribución segundo tipo de residuo

|   | Galicia        |                | España           |                  |
|---|----------------|----------------|------------------|------------------|
|   | 2023           | 2022           | 2023             | 2022             |
|   | (en Tm)        |                |                  |                  |
| 09. Animais e vexetais                            | 56.669         | 47.586         | 1.554.169        | 1.466.356        |
| 07.1 Vidro  | 46.968         | 50.581         | 931.188          | 984.888          |
| 07.2 Papel e cartón                               | 42.359         | 40.920         | 1.534.892        | 1.507.886        |
| 10.21 Envases mixtos, embalaxes mesturados        | 33.400         | 32.413         | 1.049.962        | 962.389          |
| 12 Minerais (inclúe construción e demolición)     | 13.669         | 6.163          | 510.282          | 496.262          |
| 07.5 Madeira                                      | 6.889          | 7.859          | 166.900          | 166.782          |
| 08.2 e 08.43 Equipamento eléctrico e electrónicos | 6.882          | 6.203          | 12.375           | 77.099           |
| 07.6 Têxtils                                      | 1.929          | 759            | 71.079           | 48.187           |
| 07.4 Plásticos                                    | 1.867          | 1.424          | 24.767           | 36.433           |
| 06 Metálicos                                      | 929            | 1.086          | 24.182           | 23.297           |
| 08.41 Pilas e acumuladores                        | 64             | 71             | 1.999            | 1.926            |
| 18 Outros   | 25             | 34             | 1.033            | 1.453            |
| <b>TOTAL RESIDUOS DE RECOLLIDA SEPARADA</b>       | <b>211.650</b> | <b>195.099</b> | <b>5.882.828</b> | <b>5.772.958</b> |

Fonte: INE, *Estadística sobre recogida y tratamiento de residuos*

#### 4.4.24.

Xeración de residuos en Galicia: 2018-23

|                                 | 2018             | 2019             | 2020             | 2021             | 2022             | 2023             |
|---------------------------------|------------------|------------------|------------------|------------------|------------------|------------------|
|                                 | <i>(en Tm.)</i>  |                  |                  |                  |                  |                  |
| Minería e extracción            | 320.889          | 324.063          | 151.934          | 310.467          | 123.403          | 221.294          |
| Sector primario e alimentario   | 155.248          | 177.058          | 186.476          | 189.753          | 177.818          | 258.260          |
| Sector madeira e papel          | 41.463           | 62.878           | 42.846           | 39.216           | 37.184           | 45.804           |
| Coiro e téxtil                  | 2.072            | 3.049            | 1.989            | 2.351            | 1.346            | 3.669            |
| Petróleo, gas natural e carbón  | 272              | 1.258            | 245              | 312              | 205              | 179              |
| Procesos químicos inorgánicos   | 4.724            | 5.380            | 4.880            | 5.461            | 5.515            | 5.126            |
| Procesos químicos orgánicos     | 2.796            | 1.931            | 2.024            | 1.619            | 3.124            | 2.523            |
| Pinturas, adhesivos e tintas    | 13.617           | 14.701           | 13.415           | 11.651           | 9.695            | 10.434           |
| Industria fotográfica           | 218              | 300              | 496              | 508              | 621              | 183              |
| Procesos térmicos               | 474.383          | 331.220          | 211.995          | 222.645          | 221.573          | 209.010          |
| Tratamento químico superficies  | 12.247           | 12.378           | 8.320            | 6.432            | 6.560            | 7.194            |
| Tratamento físico superficies   | 109.526          | 172.021          | 147.606          | 157.845          | 181.674          | 198.790          |
| Residuos aceitosos              | 53.174           | 57.250           | 41.748           | 43.147           | 51.908           | 56.407           |
| Disolventes                     | 897              | 1.109            | 1.078            | 713              | 1.040            | 1.178            |
| Envases e absorbentes           | 134.146          | 136.774          | 115.424          | 125.945          | 133.494          | 128.081          |
| Outros                          | 130.801          | 128.147          | 116.624          | 155.100          | 186.459          | 160.511          |
| Construción e demolición        | 878.502          | 1.333.312        | 1.093.364        | 1.674.687        | 1.762.294        | 2.871.419        |
| Servizos médicos                | 14.041           | 13.870           | 12.461           | 11.190           | 12.298           | 9.003            |
| Tratamento de residuos e auga   | 445.193          | 413.887          | 385.282          | 516.804          | 489.593          | 442.879          |
| Residuos domésticos asimilables | 8.292            | 7.134            | 8.840            | 7.555            | 3.960            | 4.525            |
| <b>Total</b>                    | <b>2.802.501</b> | <b>3.197.720</b> | <b>2.547.049</b> | <b>3.483.401</b> | <b>3.409.764</b> | <b>4.636.468</b> |

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

■ 4.4.25.

Segundo datos da Sociedade Galega de Medio Ambiente correspondentes á xestión que esta realiza, durante o ano 2025 o volume de residuos urbanos tratados foi de 781.531tc. A valorización enerxética acadou as 303.776 MWh; os residuos destinados a vertedoiro e o volume de residuos en bolsa amarela foron de 257.366tc. e de 33.959tc. respectivamente.

● Residuos industriais

No ano 2023, o volume de residuos industriais xerados en Galicia (últimos datos dispoñibles) alcanzou os 4,6 millóns de toneladas, o que supón un aumento interanual do 36%. Este crecemento foi considerablemente máis elevado que o rexistrado no ano anterior (2022), que se situou no 2,1%.

Entre as distintas ramas de actividade (**cadro 4.4.25.**), os residuos de construción e demolición son os de maior volume, con 2,9 millóns de toneladas, e tamén os que máis aumentan en termos absolutos en relación ao ano anterior, con 1,1 millóns de toneladas xeradas máis (62,9% máis en relación ao ano 2022). A pesar da redución experimentada nos últimos anos, os residuos derivados do tratamento de residuos e auga manteñen a segunda posición en termos de volume de xeración, alcanzando as 443 mil toneladas, o que representa unha diminución do 9,5% con respecto ao ano anterior. Pola súa parte, os residuos xurdidos do sector primario e alimentario ocupan a terceira posición, con 258 mil toneladas, experimentando un aumento do 45,2% respecto ao ano previo.

### Instalacións autorizadas para o tratamento de residuos industriais en Galicia 2018-25

|                   | Instalacións |            |            |              |            |              |              |              |
|-------------------|--------------|------------|------------|--------------|------------|--------------|--------------|--------------|
|                   | 2018         | 2019       | 2020       | 2021         | 2022       | 2023         | 2024         | 2025         |
|                   | (nº)         |            |            |              |            |              |              |              |
| Almacenamento (1) | 214          | 252        | 268        | 271          | 195        | 292          | 291          | 311          |
| Clasificación     | 251          | 280        | 293        | 301          | 69         | 331          | 347          | 359          |
| Valorización      | 244          | 347        | 385        | 431          | 369        | 420          | 409          | 444          |
| Eliminación (2)   | 35           | 30         | 30         | 31           | 22         | 30           | 31           | 34           |
| <b>Total</b>      | <b>744</b>   | <b>909</b> | <b>976</b> | <b>1.034</b> | <b>655</b> | <b>1.073</b> | <b>1.078</b> | <b>1.148</b> |

|                   | Capacidade máxima |                   |                   |                   |                   |                   |                   |                   |
|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|
|                   | 2018              | 2019              | 2020              | 2021              | 2022              | 2023              | 2024              | 2025              |
|                   | (en Tm.)          |                   |                   |                   |                   |                   |                   |                   |
| Almacenamento (1) | 184.567           | 308.520           | 212.855           | 278.362           | 625.183           | 265.405           | 168.767           | 172.440           |
| Clasificación     | 1.393.813         | 1.773.485         | 1.629.137         | 1.695.188         | 811.227           | 1.918.437         | 1.847.200         | 1.902.811         |
| Valorización      | 10.775.376        | 12.005.679        | 14.989.090        | 17.021.792        | 9.206.746         | 19.329.342        | 21.194.545        | 19.873.591        |
| Eliminación (2)   | 334.889           | 323.989           | 243.889           | 263.514           | 169.389           | 244.219           | 336.615           | 340.950           |
| <b>Total</b>      | <b>12.688.645</b> | <b>14.411.673</b> | <b>17.074.972</b> | <b>19.258.855</b> | <b>10.812.545</b> | <b>21.757.403</b> | <b>23.547.127</b> | <b>22.289.791</b> |

(1) Capacidade en toneladas máximas de residuos que se poden almacenar nas instalacións

(2) Non computada a capacidade de eliminación en vertedoiros

Fonte: Cª de Medio Ambiente e Cambio Climático

#### 4.4.26.

A evolución das instalacións autorizadas para o tratamento de residuos industriais en Galicia entre 2018 e 2025 (**cadro 4.4.26.**) mostra unha tendencia xeral de crecemento, tanto no número de instalacións como na capacidade máxima de tratamento. O número total de instalacións aumentou de 744 en 2018 a 1.148 en 2025, destacando un incremento importante nas instalacións de valorización e clasificación, que son claves para mellorar a xestión dos residuos e avanzar cara a un modelo de economía circular.

Por outro lado, a capacidade total de tratamento experimentou un crecemento significativo, pasando de 12.688.645 toneladas en 2018 a 22.289.791 toneladas en 2025, con grandes aumentos na capacidade de valorización, que destaca especialmente pola súa capacidade de recuperación de materiais.

Nos dous últimos anos, 2024 e 2025, a tendencia de crecemento mantívose, con incrementos no número de instalacións de clasificación e valorización. As instalacións de clasificación pasaron de 347 en 2024 a 359 en 2025, e as de valorización creceron de 409 a 444. A capacidade total de tratamento mantén un forte crecemento no sector da valorización. □

